



PARLAMENTO  
DE GALICIA




## DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

X leislatura  
Serie Deputación Permanente  
Número 10

**Sesión da Deputación Permanente**  
29 de abril de 2020

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



CSV: BOPGDSPGJZ7Uondst7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## ORDE DO DÍA

---

### Punto único. Comparecencias:

1. Do conselleiro de Facenda, para informar das medidas adoptadas no ámbito financeiro e orzamentario ante a situación motivada pola pandemia da covid-19 (doc. núm. 63988, 10/SCDP-000014)
2. Da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, para dar conta das actuacións da consellería durante a crise sanitaria provocada pola pandemia ocasionada pola covid-19 (doc. núm. 63988, 10/SCDP-000014)



## SUMARIO

---

*Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.*

*Logo de abrir a sesión, o señor presidente prégalles aos presentes na sala que se garde un minuto de silencio en lembranza das persoas falecidas pola pandemia da covid-19 e en solidariedade coas súas familias.*

*Os deputados e as deputadas, así como os membros do Goberno presentes, os membros da Mesa e demais asistentes á sesión, postos en pé, gardan un minuto de silencio. (Páx. 5.)*

*A continuación, o señor presidente solicítalle á secretaria da Mesa a comprobación da existencia de quórum. (Páx. 5.)*

*A señora secretaria, Blanco Rodríguez, comproba a presenza dos deputados e deputadas membros da Deputación Permanente e con delegación de voto. (Páx. 5.)*

*Confirmada a existencia de quórum, o señor presidente informa sobre a ordenación do debate e procede a entrar na orde do día, que consta dun punto único con dúas comparecencias. (Páx. 5.)*

### **Comparecencia do Sr. conselleiro de Facenda para informar das medidas adoptadas no ámbito financeiro e orzamentario ante a situación motivada pola pandemia da covid-19**

*Intervención do Goberno: Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García). (Páx. 6.)*

*Rolda dos grupos parlamentarios: Sr. Rodríguez Estévez (M) (Páx. 13.), Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 17.), Sr. Sánchez García (GCE) (Páx. 20.), Sr. Caballero Míguez (S) (Páx. 23.) e Sr. Puy Fraga (P). (Páx. 27.)*

*Réplica do Goberno: Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García). (Páx. 30.)*

*O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. Nesta rolda interveñen o señor Rodríguez Estévez (M) (Páx. 37.), a señora Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 40.), o señor Sánchez García (GCE) (Páx. 42.), o señor Caballero Míguez (S) (Páx. 43.), o señor Puy Fraga (P) (Páx. 46.) e o señor conselleiro de Facenda. (Páx. 48.)*

### **Comparecencia da Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para dar conta das actuacións da Consellería durante a crise sanitaria provocada pola pandemia ocasionada pola covid-19**

*Intervención do Goberno: Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto). (Páx. 51.)*



Rolda dos grupos parlamentarios: Sr. Rodríguez Estévez (M) (Páx. 60.), Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 64.), Sr. Sánchez García (GCE) (Páx. 67.), Sr. Caballero Míguez (S) (Páx. 70.) e Sr. Trenor López (P) (Páx. 73.)

Réplica do Goberno: Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto). (Páx. 76.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. Nesta rolda interveñen o señor Rodríguez Estévez (M) (Páx. 80.), a señora Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 82.), o señor Sánchez García (GCE) (Páx. 84.), o señor Caballero Míguez (S) (Páx. 85.), o señor Trenor López (P) (Páx. 87.) e a señora conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. (Páx. 89.)

Antes de dar por finalizada a sesión, o señor presidente expresa o seu agradecemento ao persoal do Parlamento que fixo posible que esta se realizase, así como a todas e todos os profesionais sanitarios. (Páx. 91.)

Remata a sesión ás tres e trinta e catro minutos da tarde.



Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

**O señor PRESIDENTE:** Bos días.

Comezamos esta sesión da Deputación Permanente.

Previamente, prégolles a todos e a todas que gardemos un minuto de silencio polas vítimas desta pandemia, e tamén en solidariedade coas súas familias.

*(As señoras e señores deputados, así como os membros do Goberno presentes, os membros da Mesa e demais asistentes a esta Deputación Permanente, postos en pé, gardan un minuto de silencio.)*

Damos comezo á sesión. Prégolle á señora secretaria, señora Blanco Rodríguez, que faga a comprobación e as delegacións de voto para garantir o quórum.

**A señora SECRETARIA (Blanco Rodríguez):** Si. Grazas, presidente.

*(Por mor da situación provocada polo estado de alarma debido á covid-19, a esta sesión acode un número reducido de deputados e deputadas en representación dos membros titulares da Deputación Permanente, con delegación de voto previamente formalizada. Os asistentes son: D. Pedro Puy Fraga, D<sup>a</sup> Marta Nóvoa Iglesias, D<sup>a</sup> Marta Rodríguez Arias, D. Miguel Ángel Tellado Filgueira, D. Gonzalo Trenor López, D. Luís Manuel Álvarez Martínez, D. Gonzalo Caballero Míguez, D. Antón Sánchez García, D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo e D. David Rodríguez Estévez; así como os membros do Goberno recentes, D. Valeriano Martínez García e D<sup>a</sup> Carmen Pomar Tojo, e os membros da Mesa que presiden a sesión, D<sup>a</sup> Noela Blanco Rodríguez, D. Diego Calvo Pouso e D. Miguel Ángel Santalices Vieira.)*

**A señora SECRETARIA (Blanco Rodríguez):** Comprobadas as delegacións de voto, confírmase a existencia de quórum, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas, señora Blanco.

Sen máis, entramos na orde do día, cun punto único, de comparencias, neste caso do conselleiro de Facenda.

Xa coñecen o funcionamento e a mecánica: tempo ilimitado do conselleiro, resposta dos grupos durante 10 minutos, un turno de aclaracións e un turno de peche por parte do conselleiro.

**Comparencia do Sr. conselleiro de Facenda para informar das medidas adoptadas no ámbito financeiro e orzamentario ante a situación motivada pola pandemia da covid-19**

**O señor PRESIDENTE:** Comeza, polo tanto, a comparencia o conselleiro.

Ten a palabra o conselleiro de Facenda, don Valeriano Martínez García, para informar das medidas adoptadas no ámbito financeiro e orzamentario ante a situación motivada pola pandemia da covid-19.



**O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García):** Grazas, presidente.

Señorías, bos días.

Comparezo hoxe ante o Parlamento galego para dar conta das medidas adoptadas pola Xunta de Galicia no eido económico e financeiro para afrontar a pandemia do coronavirus, e quero comezar por dar o máis sentido pésame do Goberno galego ás familias das persoas que perderon un ser querido durante esta terrible pandemia.

Tamén quero enviar unha mensaxe de esperanza a todas as persoas que están contaxiadas, porque están nas mellores mans posibles, as dos profesionais sanitarios, aos que tamén quero transmitirles o maior dos agradecementos polo seu traballo, así como a todos os galegos e galegas confinados dende hai xa hai máis de mes e medio nos seus fogares pola súa responsabilidade e compromiso durante todo este tempo.

Señorías, ante unha situación que non se tiña dado antes, cada unha das administracións, cada unha desde a posición e as competencias que temos, pero con lealdade e coordinación, temos que dar o mellor de nós; actuar e dar respostas ás necesidades e preocupacións da cidadanía. Temos que traballar xuntos para, primeiro, superar a crise sanitaria, e o antes posible reactivar a economía e o mercado de traballo para que a crise económica e laboral teñan a menor duración e as maiores coberturas posibles. Será complicado, xa o está sendo, e neste traballo duro todos debemos estar á altura das nosas familias e das nosas empresas, e nós, como Goberno galego, queremos estar á altura e poñer todos os instrumentos que temos para superar as dificultades.

É certo que na actual situación en estado de alarma dende o pasado 14 de marzo temos as competencias limitadas, pero creo, humildemente, que tamén contamos cunha serie de vantaxes competitivas que estamos poñendo ao servizo dos galegos. ¿Cales son estas vantaxes que poden axudar a Galicia neste momento?

A primeira, a estabilidade política e institucional de Galicia. Esta estabilidade é moi positiva sempre, pero moito máis en tempos de crise, pois nos permite tres cousas moi importantes: tomar decisións, achegar certezas e xerar confianza.

A segunda, derivada da anterior, é que Galicia conta cun instrumento fundamental para afrontar esta situación tan complicada. Galicia ten o orzamento aprobado en prazo e en vigor dende o primeiro de xaneiro. Esta ferramenta é clave para acometer as medidas que estamos poñendo en marcha; a proba está nas dificultades que están tendo moitas comunidades que o teñen prorrogado, e sobre todo o Goberno central, que, tras prorrogar dúas veces o orzamento de 2018 do anterior Goberno do PP, xa confirmou que renuncia a ter novas contas polo menos ata o 2021.

E a terceira vantaxe de Galicia é entrar nesta crise do coronavirus nunha situación económico-financeira máis sólida e solvente, comparativamente mellor ca outras comunidades, por cumprir os obxectivos de estabilidade orzamentaria no pasado ano 2019.

Cando o Goberno central decretou o estado de alarma o 14 de marzo, estabamos a pechar os datos económicos e financeiros do ano 2019. A finais dese mes de marzo confirmáronnos



que Galicia, un ano máis, foi unha das comunidades máis solventes de España, cumprindo os límites de déficit e débeda, ademais de ser a autonomía que pagou antes e con maior rapidez aos seus provedores.

Galicia foi unha das comunidades que cumpriu en 2019 o obxectivo de déficit público fixado no 0,1 %, en concreto, pechou o exercicio cun déficit de 79 millóns de euros dentro do libre aprobado. Só catro autonomía de réxime común o conseguiron.

Loxicamente, á hora de determinar o cumprimento do obxectivo de estabilidade, xa non se ten en conta o efecto negativo que tivo nas finanzas autonómicas o impago do IVE do 2017 por parte do Goberno central, que, no caso de Galicia, representa un total de 204 millóns de euros, cantidade que tantas veces temos reclamado nesta Cámara e que aínda a día de hoxe se nos segue adebedando.

En canto ao endebedamento, Galicia reduciu no ano 2019 a súa ratio de débeda/PIB por terceiro ano consecutivo, e mesmo logramos baixar o volume de débeda por primeira vez en máis de trinta anos, en concreto a ratio débeda/PIB baixou 6 décimas, ata o 17,5 %, o que supón o nivel de endebedamento máis baixo dende o 2013. Galicia consolídase como a terceira autonomía de réxime común con menos débeda, e de feito Galicia é a comunidade que menos incrementou o volume da súa débeda nos últimos once anos.

Tamén temos moi bos datos nun parámetro fundamental para dotar de liquidez as empresas, pois o Ministerio de Facenda confirmou que Galicia é a comunidade que pagou antes as súas facturas durante o ano 2019. Así, o período medio de pago de Galicia no conxunto do ano situouse en 19 días, fronte á media das comunidades autónomas, do 37,4; máis do dobre, pois, que a comunidade galega. Quero lembrar que tamén Galicia liderara este pagamento máis rápido xa no ano 2018.

Señorías, a esta boa evolución no 2019 sumamos que os indicadores coñecidos no primeiro trimestre de exportación e servizos que coñecemos ata o mes de febreiro confirmaban que Galicia comezara ben o ano. Aínda que, lamentablemente, todo isto saltou polos aires no mes de marzo. O traballo e o rigor permitiron que Galicia estea nestes momentos mellor preparada para a pandemia e que as consecuencias estean sendo menos malas.

A Xunta de Galicia está exercendo neste momento todas as competencias que temos á nosa disposición, nun momento en que o Goberno central ten as maiores capacidades da historia democrática de España para actuar e dar resposta ás necesidades dos galegos e das galegas.

E podemos actuar desta maneira porque estamos mellor preparados. Aínda que é certo que unha pandemia como esta é un feito imprevisible, tamén é certo que Galicia está mellor preparada, coa mellor anticipación que podíamos ter, porque humildemente cremos que se afronta mellor esta crise con estabilidade, cun orzamento, cun déficit perfectamente controlado, logo de ter reducido o volume de débeda por primeira vez en tres décadas, e porque se afronta mellor esta crise sendo os que máis rápido pagamos aos nosos provedores.

E con este punto de partida preparamos unha resposta a esta pandemia en dúas fases.



Nunha primeira fase, que podemos definir como de continxencia, para dotarnos de liquidez, co fin de axudar as familias e as empresas galegas nun momento de caída abrupta dos seus ingresos, para preparar unha segunda fase que ten que ser de reactivación económica, co obxectivo de recuperar o antes posible a maior normalidade dentro das posibilidades que nos vaia dando a desescalada do mando único do Goberno central e a evolución da pandemia.

Explicarei en primeiro lugar a fase de continxencia. Para esta primeira fase resultou de grande importancia dotarnos no orzamento para este ano 2020 dunha décima do PIB de déficit público, curiosamente cuestionada inicialmente polo Goberno central, mesmo con ameazas de impugnación das contas galegas, cando poucos días despois o Ministerio de Facenda confirmou ese límite de déficit para o conxunto de comunidades autónomas. Pero máis alá destas circunstancias, o máis relevante é que esta previsión do Goberno galego estanos a permitir afrontar esta crise sen ter que realizar operacións de axuste no noso orzamento.

Por iso, tras a declaración do estado de alarma, decidimos ser proactivos en solucións e coa máxima axilidade posible dotarnos de medidas de liquidez. Lembraréillelas.

Activamos un plan específico para dotar de liquidez a tesourería da Comunidade Autónoma, co fin de axilizar os pagamentos de facturas a todos os provedores que traballan coa Administración galega para aliviar os efectos negativos derivados do coronavirus.

Con este plan de tesourería dispoñemos de case 1.800 millóns de euros cos que afrontar os pagamentos ordinarios, como poden ser as nóminas dos empregados públicos ou as cotizacións á Seguridade Social, e ademais para axilizar o pagamento das facturas aos nosos provedores e afrontar gastos extraordinarios —e non poucos— que poidan xurdir nas vindeiras semanas.

En concreto, a través da renovación das liñas de crédito ordinarias e da formalización de préstamos a curto prazo, a Xunta de Galicia conta cunha potencia de liquidez dispoñible de 1.300 millóns de euros. A esta cantidade súmanse outros 260 millóns de préstamos do Banco Europeo de Investimentos —xa formalizados e pendentes de disposición— e outros 200 millóns de euros pola formalización de préstamos a longo prazo. Estes recursos de liquidez que garanten a solvencia de Galicia nos vindeiros meses, obviamente, son a maiores dos recursos provenientes do sistema de financiamento autonómico e do Fondo de Facilidade Financeira.

Señorías, con este plan de liquidez —por se non fose suficiente—, á vista da crise dos efectos que podería ter nas pemes, quixemos dar exemplo; e para iso hai unhas semanas xa anunciamos un novo obxectivo: reducir de maneira inmediata o tempo medio de pago a uns quince días. Pois ben, teño a satisfacción de poder anunciar que este ambicioso obxectivo se cumpriu, pois, cos datos que temos, podo confirmar que no mes de marzo o tempo medio de pago a provedores se situou en 14,5 días. De novo Galicia se sitúa entre as comunidades que pagan antes, como —reitero— xa sucedeu nos anos 2018 e 2019, cando lideramos o tempo medio de pago a provedores.





Neste sentido, quero subliñar que a Administración galega é a principal entidade pagadora dentro da comunidade. Por darlles un dato, no que vai de ano a Xunta de Galicia e organismos aboamos 272.600 facturas por un importe de 1.342 millóns de euros. Igualmente decidimos suspender de inmediato os prazos das autoliquidacións dos impostos de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, así como do imposto de sucesións e doazóns e dos tributos do xogo.

Con esta decisión todas as autoliquidacións cuxo prazo venza a partir da declaración do estado de alarma o pasado 14 de marzo e mentres dure esta situación excepcional poderán ser presentadas ata o vindeiro 30 de xuño de 2020. Esta medida beneficiará cada mes a unhas 32.000 persoas e empresas. Segundo os cálculos da Axencia Tributaria de Galicia, deixaremos de ingresar cada mes uns 35 millóns de euros mentres estea vixente esta suspensión de prazos. En todo caso, os contribuíntes que así o prefiran poden presentar as autoliquidacións de xeito telemático a través da oficina virtual da Atriga.

Tamén é moi importante lembrar que un contribuínte, aínda que non teña que aboar o imposto por beneficiarse de distintas bonificacións ou deducións existentes —como sucede coas deducións do imposto sobre sucesións ou co Programa de impostos cero no rural—, si está obrigado, en todo caso, a presentar a correspondente liquidación do imposto.

Outra importante medida foi axilizar o sistema de selección temporal en diálogo coas organizacións sindicais para dar unha resposta rápida e que se puidese contratar o persoal necesario para reforzar os servizos públicos sociosanitarios durante a pandemia. Neste sentido —tamén de acordo cos sindicatos— decidimos aplicar nun primeiro momento a moratoria de dous meses para os procesos selectivos que estaba desenvolvendo a Consellería de Facenda. E para poñer orde a estes procesos de selección anúnciolles que trasladaremos ás organizacións sindicais —tal e como nolo piden varias delas— a proposta de non realizar probas nos procesos selectivos xa convocados ata o vindeiro primeiro de outubro. Queremos así achegar certezas e seguridades aos máis de 45.000 aspirantes e garantir o bo desenvolvemento dos procesos selectivos, á vez que seguimos cumprindo os acordos asinados coas organizacións sindicais para favorecer a estabilidade na función pública autonómica.

Outra actuación que fixemos para fornecernos de recursos nesta primeira fase de continxencia foi a creación dun fondo de continxencia específico para reforzar o gasto sanitario e social polos efectos negativos do coronavirus. Para dispoñer deste fondo reprogramamos gasto por 100 millóns de euros procedentes de partidas obtidas dos capítulos II e IV do orzamento polo menor gasto no que se incorre por mor desta crise. Estoume a referir á redución de gasto de funcionamento pola menor actividade presencial na Administración ou pola adecuación de determinados servizos.

Esta achega extraordinaria está permitindo tanto incrementar o gasto no Servizo Galego de Saúde, que xa no orzamento en vigor superou por primeira vez os 4.100 millóns de euros —o máis alto da historia da autonomía—, como reforzar o gasto no eido social, nomeadamente nas residencias de maiores, que tamén precisan máis necesidade de gasto por mor dos efectos negativos do coronavirus. Ademais, decidimos acudir aos remanentes que dispoñen as diferentes entidades do sector público autonómico.



E, finalmente, contamos con dispoñer de achegas do Goberno central prometidas por un importe de 36 millóns de euros. Iso si, en paralelo o Goberno central confiscou 100 millóns de euros de políticas activas de emprego previstas para Galicia, aos que hai que engadir as modificacións nas partidas en materia de vivenda.

A conclusión é —non pode ser outra— que o Goberno central adoptou medidas de recen-tralización e contrarias ao autogoberno autonómico, retirando partidas das comunidades. Pero tamén quero aclarar que non se poden facer trampas e querer quedar ben sen gastar máis. Estoume a referir aos recursos que o Goberno central anunciou como adicionais e que non son máis que un anticipo dos que nos corresponden en virtude do sistema de financia-mento autonómico vixente.

Señorías, ata aquí foron as medidas da Xunta de Galicia para acometer a que chamamos «fase de continxencia».

Pasemos á segunda. Porque se importante foi esta primeira fase, primordial, diría eu, vai ser poder acometer a segunda, a de reactivación. Mentres loitamos contra esta pandemia tentamos garantir a liquidez necesaria para acometer todas as necesidades —como lles acabo de relatar—, e tamén estamos traballando e poñendo en marcha xa medidas para un plan de desescalada económica seguro, progresivo, dinámico e eficaz. Entre as actuacións que xa temos en marcha podemos salienta a mobilización dos recursos económicos dos capítulos VI e VII do orzamento de gastos de capital —estoume a referir aos investimentos, en termos xerais—. Así, cando puidemos —e antes que noutras partes de España—, reactivamos in-mediatamente —tan pronto, iso si, como se nos autorizou— os traballos e trámites admi-nistrativos en obra pública, que mobilizan este ano un investimento autonómico a maiores dos que xa tiñamos en execución de 160 millóns de euros e que garanten 1.400 postos de traballo. E fixémoslo da man do sector e velando sempre polo estrito cumprimento das me-didas de seguridade específica.

Vou poñer un exemplo da reactivación que nas últimas semanas adoptamos no Consello da Xunta sobre os servizos e as compras: o que é a licitación dos 29 novos contratos de trans-porte público co fin de garantir o emprego e os servizos de calidade na vindeira década grazas a un investimento autonómico que se achegará aos 240 millóns de euros. Corresponden á segunda parte do Plan de transporte público de Galicia, debido a que se trata dun servizo, obviamente, esencial.

Acordamos establecer un novo prazo de presentación de ofertas ata o vindeiro 6 de maio. E na reactivación dos servizos e das compras o que si lles adianto é que os capítulos II e IV, á parte dos servizos considerados como esenciais, nestes momentos dispoñen dunha capaci-dade de gasto do 95,5 % do crédito actualmente vixente.

Outras medidas xa postas en marcha son a mobilización de 250 millóns de euros en présta-mos ao tecido empresarial galego; unha nova liña que avala entre 3.000 e 200.000 euros de importe para cada negocio. Os beneficiarios dispoñen de prazos de amortización de ata catro anos, con 1 de carencia, cun máximo dun 1,5 % en xuros que serán bonificados ao cen por cento pola Xunta de Galicia.



Igualmente destinamos 100 millóns para cubrir as necesidades de reestruturación das empresas galegas que fabrican material sanitario que necesitamos para a loita contra o coronavirus. E ademais decidimos avalar ata 1.500 euros de anticipo aos traballadores cun ERTE autorizado e que non cobraron aínda a prestación do Goberno central, cun tope mensual de 750 euros. Continuaremos por este camiño para buscar en todo momento as mellores solucións aos problemas económico-financeiros tanto dos nosos cidadáns como das nosas empresas. Neste senso, o Goberno galego impulsou a creación dunha comisión con algún dos mellores expertos económicos cun perfil plural para contar co seu asesoramento sobre como minimizar o impacto da crise derivada do coronavirus e preparar a reactivación cun plan de desescalada económica. Quixemos tomar a iniciativa para reactivar a economía e adiantarnos na preparación para afrontar unha difícil recuperación, cando a situación deixe de ser extraordinaria.

Xa formularon o primeiro paquete de medidas consistentes nunha vintena de propostas. O seu criterio xeral é que na orientación das iniciativas debe de ter consideración o impacto que están a ter os instrumentos de distinta natureza que están levando a cabo as principais economías europeas. E, segundo esta posición, formularon medidas que consisten en facilitar liquidez a través dun adiamento en positivo de anticipos bancarios e de créditos a empresas. Existe consenso en dar prioridade aos sectores económicos máis afectados polas medidas de contención e aqueles nos que o seu volume de operación caese como mínimo un 35 % respecto do ano anterior. Os expertos económicos reclaman un liderado estatal na primeira fase e que nun momento posterior as medidas xa sexan autonómicas ou locais, pero sempre evitando solapamentos entre administracións.

Igualmente cren fundamental que o maior esforzo das medidas orientadas a garantir a liquidez das empresas se faga a curto prazo, evitando así que un problema de liquidez en empresas viables poida derivar nun impacto estrutural na súa solvencia que leve á destrución de parte do tecido produtivo e do emprego. Este comité fai algunhas recomendacións ás diferentes administracións en función das súas competencias. Así, ao Goberno central pídelle a eliminación de forma transitoria do sistema de pagamentos á conta do IRPF e do imposto sobre sociedades para as empresas afectadas pola crise, ao mesmo tempo que solicita a modificación do prazo de liquidación e ingreso das autoliquidacións do IVE correspondentes aos dous primeiros trimestres deste 2020.

Ademais, os expertos abren a posibilidade de rescatar plans de pensións sen penalización e apostan por modificar a normativa sobre o ingreso do IVE das facturas impagadas e por mellorar a liña de avais do Estado, canalizados polo ICO, axilizando a tramitación.

Finalmente, tamén demandan do Goberno central que habilite axudas específicas para que as empresas poidan adaptar os seus centros de actividade aos novos protocolos de seguridade, especialmente no caso das pemes, e o anticipo da percepción derivada dos ERTE para os traballadores.

En canto ás propostas dirixidas á Xunta, o comité de expertos formula un sistema de portelo único que asesore o tecido empresarial para todas as axudas e tramitacións dependentes da Xunta. Tamén nos solicitan un reforzo dos avais do Igape para cubrir as necesidades finan-



ceiras por riba dos 200.000 euros e a posibilidade de ampliar o montante global das liñas existentes, que xa ascende a 250 millóns de euros, se fose necesario. Ven oportuno aprobar liñas específicas adaptadas ás particularidades dalgúns sectores e axilizar tamén a tramitación e o pago das liñas activas de liquidez. Por outra banda, demándannos orientar as SGR ás pemes e autónomos excluídos de facto polos avais estatais e axilizar o pago das subvencións xa aprobadas.

Igualmente apostan por axilizar o pago aos provedores das diferentes administracións públicas, garantindo que, como mínimo, ese aboamento se realice dentro do prazo establecido pola normativa e, na medida do posible, en 15 días. A este respecto volvo subliñar que a Xunta de Galicia reduciu a 14,5 días, como xa dixen, o período medio de pago no pasado mes de marzo.

E, finalmente, no eido municipal, os expertos suxiren a reordenación este ano dos calendarios fiscais do IBI e do imposto de vehículos, así como do de actividades económicas, para que converxan con aqueles concellos que optan polo cobro no último trimestre do ano. O comité recomenda acadar un acordo marco coa Fegamp e, posteriormente, elevar esta proposta á FEMP para xeneralizala a toda España.

En definitiva, é un paquete de medidas moi importante e coa implicación e coordinación de todas as administracións.

Señorías, como acabo de relatar, desde a Xunta levamos activadas moitas actuacións dentro das nosas competencias, co fin de combater a pandemia e recuperar a nosa economía e emprego. E seguiremolo facendo, seguindo o criterio do comité de expertos económicos. Pero, ademais de tomar as decisións sobre as competencias nas que podemos actuar, tamén temos realizado propostas ao Goberno central para que dentro das súas competencias poidan e poidamos complementar as actuacións. Consideramos que deben de ser abordadas con urxencia nunha reunión do Consello de Política Fiscal e Financeira —que leva sen reunirse dende hai máis dun mes—, con peticións reiteradas tanto de Galicia como doutras comunidades. Entre as nosas peticións está a creación e repartición dun fondo non reembolsable adicional aos recursos procedentes do sistema de financiamento económico. Así como o Goberno central pide este mecanismo á Unión Europea, as comunidades reclamámolo ao Goberno central, porque estamos afrontando esta crise sen practicamente recursos adicionais, pese ao enorme incremento de gasto que estamos tendo que xestionar.

Pedimos tamén ao Goberno central a suspensión da liquidación do ano 2020, para que nunca máis ninguén teña que afrontar unha situación como a que herdou este goberno de devolver 2.200 millóns de euros —que aínda está unha parte sen devolver— polas liquidacións negativas dos anos 2008 e 2009.

Pedimos tamén a repartición urxente dos fondos europeos entre as comunidades autónomas para poder certificar xa este ano os gastos extraordinarios e moi importantes que temos para afrontar o coronavirus.

Pedimos que se transfiran ás comunidades autónomas as cantidades pendentes pola recen-  
tralización unilateral de fondos que xa comentei; que se transfira tamén a devolución pen-



dente da liquidación do IVE de decembro de 2017 polo importe tantas veces comentado neste Parlamento de 204 millóns de euros, así como dos incentivos, por ser Galicia unha comunidade cumpridora, 170 millóns de euros. E, por último, que se modifiquen as regras da estabilidade orzamentaria para excluír do déficit e da débeda todos os gastos asociados na loita contra a covid-19.

Señorías, sen dúbida, enfrontámonos a unha situación moi complicada tanto no eido sanitario como no económico e no social. Afortunadamente, no caso da presión sanitaria, Galicia e os seus profesionais responderon de maneira exemplar e xa podemos superar a fase aguda da pandemia sen que ningún galego nin galega tivese problemas para ser atendido. Nas próximas semanas o problema sanitario seguirá, agardemos que cada vez con menor intensidade e gravidade, pero de forma paralela temos que ser capaces de ir mitigando a crise económica e social que irremediabilmente provocou esta pandemia. Haberá que poñer todo o noso esforzo en atender as necesidades de todos os galegos, e neste camiño fan falta todos, facedes falta todos, porque, así como cada vida salvada nesta terrible crise sanitaria é un triunfo de todos, temos que ser capaces de sumar esforzos para que tamén poidamos celebrar todos xuntos cada posto de traballo recuperado, cada autónomo que volva levantar a persiana do seu negocio e cada empresa que volva producir. Levamos semanas moi difíciles e seguiremos tendo moitas complicacións no futuro inmediato, pero agardemos que cada vez sexan menos.

Os galegos e as galegas poden estar confiados en que dende o seu goberno, o Goberno de todos, estamos dando o mellor de nós mesmos para facer todo o que está na nosa man, primeiro, para salvar o maior número de vidas e, a continuación, para recuperar o antes posible e coas maiores garantías a economía das nosas familias, dos nosos autónomos, das nosas empresas.

Moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

Comezamos agora a rolda dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Rodríguez.

*(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

**O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ:** Grazas, presidente.

Boa día a todos e a todas.

Bo día, señor conselleiro.

Nós queremos comezar, coma sempre, recordando aquelas familias que se viron afectadas ou ben por persoas que finaron ou por persoas que están coa enfermidade; queriamos estar ao seu carón e darlles dende En Marea todo o noso ánimo e a nosa forza, así como ás persoas



que están a traballar arreo en primeira liña para frear esta pandemia. Tamén aos servizos da Cámara; outra vez máis fan posible que estas comparecencias se poidan levar a cabo con total garantía.

Señor conselleiro, vimos un ton case de..., parece que se está laiando da insuficiencia de recursos que nos están mandando dende o Estado. Temos que indicar que no Proxecto de orzamentos do ano 2020 nós xa propuxemos unha diferente asignación de partidas orzamentarias onde pediamos que se reforzara ese investimento social, ese investimento na sanidade pública, ao que o Partido Popular votou en contra. Son asignacións que terían permitido dispor de máis recursos para as necesidades públicas ou para o persoal sanitario, que agora mesmo está altamente precarizado.

Onte saía unha nova na que se dicía que unha rapaza —unha enfermeira— tivo 600 contratos en seis anos no Sergas, ¡600 contratos en seis anos! Estamos falando de 100 contratos por ano. Se dividimos, case sae a contratos de 3 días. Iso é precariedade laboral.

Tamén pediamos xustiza fiscal, como a creación de novos impostos ás bebidas azucradas —que se votou en contra—, os impostos ás grandes superficies, a suba de impostos ás fortunas máis grandes, aos ricos e ricas, a suba de impostos de patrimonio ás mil persoas máis ricas de Galiza e a recuperación do imposto de sucesións para as herdanzas a partir de 250.000 euros.

En Marea xa o dixo nesta Cámara en reiteradas ocasións: o Goberno galego ten que parar xa de escusarse nunha mala xestión do Goberno central. Ten que reclamar o que é seu, por suposto, pero ten as súas responsabilidades. E escudarse unha vez e outra vez no presidente do Goberno como se dun salvoconduto se tratase pensamos que non é a solución.

Nunha situación excepcional precísanse medidas valentes, e este é un presidente que está a consumir máis tempo na TVG —aproveitando que non hai quenda de réplica— que nesta tribuna, dando conta da súa xestión da crise. A última vez que compareceu aquí o presidente foi o 26 de marzo. Xa pasaron 33 días. Agora parece ser que para a semana que vén si que vai estar aquí con nós, pero xa pasaron 40 días desde que compareceu aquí por primeira vez, e penso que esta Cámara precisa respostas do señor presidente.

Pedimos medidas valentes en materia de economía —aínda que o conselleiro non veu aquí para dar conta do seu traballo neste tempo—, pero detectamos como en concellos, por exemplo, de menos de 20.000 habitantes, que levan mes e medio agardando polo señor conselleiro, están a preguntar onde están as solucións para os autónomos, que complementaron en moitas comunidades autónomas e que aquí, unha vez máis, chegan tarde.

Consideramos que Galiza precisa dotarse de mecanismos que suplan as carencias que veñan dadas de Madrid. Existen carencias, por suposto, pero ten que ser o autogoberno, a Autonomía, a que supla esas carencias. O desmantelamento dos servizos sanitarios, os recortes e as privatizacións dos servizos públicos e o desmantelamento dos servizos sociais —só por citar algunhas das problemáticas nas que esta crise puxo negro sobre branco— son consecuencias de políticas feitas na nosa comunidade autónoma; non son un problema de Madrid, son un problema do Goberno de Núñez Feijóo.



Dende En Marea entendemos que é precisa unha colaboración e cooperación co Executivo central, por suposto, pero temos a nosa realidade —témolo dito aquí moitas veces— po-boacional e xeográfica, de tecidos produtivos, e por iso precisamos —ou pensamos que pre-cisamos— solucións totalmente diferentes ás que moitas veces nos veñen dadas. Entón, claro, nós preguntámonos a que agardan vostedes para facelo. ¿Onde están esas medidas do Goberno galego para blindar a xustiza social? ¿Ou onde están as medidas do Goberno galego para blindar o Estado do benestar?

A Xunta de Galiza, en vez de reclamar exercer as súas competencias fronte á centralización imposta coa declaración do estado de alarma, asume, coma sempre, un papel subsidiario. O Goberno galego vive illado da realidade económica e social de Galiza, illado dos problemas e, polo tanto, alleo ás posibilidades, a eses problemas.

Querémoslle lembrar ao Goberno galego que o noso país antes da pandemia xa viviu unha crise que comezou no ano 2008, unha crise que representou o colapso dun modelo de acumulación de capital e que trouxo consigo non só recortes do limitado Estado do benestar —do que gozamos daquela maneira nalgún momento—, senón que tamén acelerou un proceso de cambio de modelo e de relacións produtivas a escala internacional. A función do Goberno é xerar un ecosistema que teña capacidade de anticiparse aos problemas que poidan xurdir, algo que o Goberno de Galiza hoxe non está a facer, non sabemos se é porque é máis cómodo botar balóns fóra moitas veces escusándose en Madrid que facer os nosos propios deberes.

O profundo recorte do gasto público que levou a cabo a Xunta de Galiza deprimiu a economía galega naquela crise, moito máis que o conxunto da economía española na súa fase de recesión. O que vemos agora son as consecuencias desas políticas do PP que amosaban unha idea, que era atacar a nosa autonomía financeira e volvernos máis dependentes do Estado, pois empregaron instrumentos da propia Autonomía para renunciar aos ingresos, co que se depende totalmente do financiamento do Estado. Polo tanto, reducimos outra vez máis a nosa Autonomía. Abusamos das reducións de impostos propios, e iso implica renunciar a ingresos que son lexítimos e necesarios para o funcionamento da Autonomía. Cando o Partido Popular lles baixa os impostos aos ricos, Galiza queda sen cartos para a educación, sen cartos para a sanidade, sen cartos para a atención aos maiores, sen cartos para os nosos coitados. E cando o Goberno de Feijóo renuncia a todo isto, Galiza faise máis dependente do que nos poida achegar o Estado.

As tres emerxencias que vivimos no noso país, a feminista, a social e a climática, foron ignoradas por completo nos orzamentos do 2020, e agora temos que engadirlle esta crise sanitaria. Dende En Marea denunciámos que Galicia sofre unha vez máis a evidente emerxencia ambiental. Pero a Xunta non considera que isto teña relevancia como para actuar como goberno, pois o gasto que ía destinado para combater o cambio climático non chegaba ao 4,3 % do gasto total. Esta crise climática non vai desaparecer por arte de maxia, e esta crise sanitaria ten moito que ver con iso. A volta á normalidade será xa un reto real que debemos superar.

Outra crise que debería atenderse desde o Goberno galego, pero que tampouco Feijóo considerou nunca prioritaria, é a feminista. Fundamental para En Marea, pois os fondos desti-



nados á protección e ao apoio da mulleres que sofren violencia de xénero foron os que menos experimentaron un incremento, só un 1,22 %. Este incremento resultou insignificante, especialmente cando se ten en conta o executado no ano 2018, onde o gasto comprometido foi de 14 millóns, mentres o gasto executado foi de 6,6 millóns.

A covid vai agravar esta situación. E voulle dar uns datos que lle dei aquí ao señor presidente fai trinta e tres días: o 70 % das traballadoras do sistema sanitario son mulleres, o 89 % das repoñedoras e caixeiras son mulleres, o 97 % das empregadas no fogar son mulleres, o 81 % das psicólogas tituladas son mulleres, o 72 % das farmacéuticas son mulleres, o 80 % das cociñeiras e monitoras de comedor son mulleres. É necesario recoñecer o feminismo, que adoita estar estigmatizado, coma o máis importante. Fai falla máis feminismo como proposta, como versión de longo alcance e como horizonte. O coidado como eixe transversal de toda acción para facer fronte á crise. Non sei se nalgunha das medidas que atoparon nese marco do Cecop se incrementou algunha partida destinada á protección das vítimas, que agora están aínda máis, se cabe, nun estado de vulnerabilidade case extremo.

En Marea quixemos recrear as alusións á crise industrial que causa esta emerxencia da covid, un paro insoportable que vai funcionar como tarxeta non sabemos se de embarque á nova emigración, pero tampouco saben moi ben para onde, xa que está todo afectado.

E ten que haber algún cambio na política orzamentaria da Xunta que vaia directamente a protexer a cidadanía. O Partido Popular apostou pola industria do turismo, xa pensando nese Xacobeo do ano que vén; un turismo que crea emprego maioritariamente estacional, de baixa calidade, moi sometido á conxuntura económica internacional e que ten efectos secundarios no uso especulativo das vivendas, pois está a subir o prezo do alugueiro nas cidades, o que impide a emancipación da xente moza, etc. Non sabemos se vai haber algunha medida para paliar esta temporalidade e a precariedade neste sector, que se vai ver severamente castigado por esta crise sanitaria.

O presidente Feijóo lidera un goberno —vémolo todos moitas veces— ao servizo dos grandes lobbys empresariais, mentres que obvia as emerxencias que de verdade temos no noso país. Nesta situación chegou a Galicia esta pandemia, engadindo á emerxencia sanitaria que parecemos as galegas e galegos todas as emerxencias...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ:** ...que viñemos arrastrando.

Eu quería lembrarlle aquí, señor conselleiro, que no Proxecto de lei de orzamentos do ano 2020 propuxemos aquí unha diferente asignación de partidas orzamentarias, reforzando o investimento social e a sanidade pública, e o Partido Popular votou en contra. O que agora tería permitido dispor de máis recursos para as residencias públicas ou para o persoal sanitario e de servizos sociais, persoal altamente precarizado.

Propuxemos reforzar o imposto de patrimonio, subíndollelo ás seis mil persoas máis ricas de Galicia, co obxectivo de incrementar a recadación ás persoas ricas, corrixindo así as desigualdades existentes, como a insuficiencia de recursos públicos, da que agora...





**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ:** ...nos vimos laiar aquí.

Remato. A propia Constitución establece que a recadación fiscal debe rexerse polos principios de progresividade e equidade, para buscar riqueza alí onde non existe. No seu momento abordamos esta proposta de reforma no contexto para a realización dos valores democráticos e sociais. Igual algo cambiaba agora o conto se estas medidas que nós propuxemos aquí se tivesen apoiado.

Nada máis e moita grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rodríguez.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Pontón.

*(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

**A señora PONTÓN MONDELO:** Moi bo día.

Unha vez máis, señorías, e créanme que o fago con pena, teño que empezar a miña intervención denunciando o total desprezo do presidente da Xunta para con este parlamento, do que leva desaparecido máis dun mes no medio dunha pandemia sen precedentes. Unha crise que, ademais do gravísimo custo de vidas humanas, estamos nos últimos datos en 547 persoas falecidas, ás que nunca esqueceremos, polo que lles enviamos tamén o afecto ás súas familias, pois afecta tamén dunha maneira moi clara o ámbito sanitario e económico. E tamén está menoscabando a saúde democrática desta cámara, que está neste momento manipulada por un Partido Popular que usa a súa maioría como unha trituradora, que retorce o Regulamento ao seu antollo, para atrasar con total descaro a comparecencia de Feijóo, unha comparecencia que o BNG e o resto dos grupos desta cámara reclamamos desde hai semanas.

Un Feijóo que escapa do Parlamento mentres se prodiga na Televisión de Galicia, convertido nunha sorte de telepresidente que pensa que Galiza se pode gobernar desde unha pantalla de televisión. Fíxense: desde a declaración do estado de alarma o 14 de marzo, o señor telepresidente compareceu vinte e unha veces na TVG e só unha vez no Parlamento de Galicia; vinte e unha comparecencias na TVG, unha comparecencia no Parlamento de Galiza. Esta é a concepción de democracia que ten o señor Feijóo.

E veñen moi ao caso as palabras do seu xefe de filas, Pablo Casado, quen dicía: «Nos réximes bananeiros estílese a propaganda pública en televisión para o culto do líder. Pero nas democracias parlamentarias as mensaxes á nación diríxense desde os congresos». Pois ben, se seguimos a doutrina Casado, Feijóo actúa coma se estivese nun réxime bananeiro cando substitúe o Parlamento por roldas de prensa implantando o seu particular *Aló, Presidente*.

E non lles bastou con iso, con seguir utilizando os medios públicos como unha canle particular de propaganda, senón que tamén están maniatando o labor de control e de impulso



dos grupos parlamentarios. E fano cando meten nun caixón unha iniciativa para solicitar a comparecencia de Feijóo que facemos os grupos da oposición, mentres se tramita con toda celeridade as propostas do Goberno. Isto fixo que onte rexistrásemos unha queixa na Presidencia da Cámara. Desde logo, parécenos unha actitude inaceptable que roza a vulneración de dereitos fundamentais.

Nós esperamos que canto antes este parlamento recupere toda a súa actividade e de impulso. Está claro que imos chegar tarde, porque non son tempos para desprezar a man tendida que se ofrece a favor de Galiza, e que o fagan única e exclusivamente por mero oportunismo político.

E, señor conselleiro, a verdade é que a súa comparecencia consistiu nunha especie de remix de roldas de prensa que xa fixo o señor Feijóo —por certo, ausente neste parlamento— ao longo destes días. Veu recontarnos o que xa está contado en sucesivas roldas de prensa. Iso si, falounos de algo co que estamos de acordo. Dixo vostede que é importante que non se fagan trampas cos recursos dispoñibles. Pois pedímoslle á Xunta que tampouco faga trampas, porque non poden vender como axudas extraordinarias aos concellos a repartición de fondos de cooperación local. Pídolle que prediquen co exemplo.

E tamén lle reclamaría un pouco de realismo e cero triunfalismo, señor conselleiro. Porque coa crise tan importante que estamos vivindo veu vostede aquí dicirnos que o Goberno galego fai todo requeteestupendamente e que non hai parece que ningún problema. E dixó algo que, non sei, ou foi un lapso ou sitúao a vostede na estratosfera, permítame que llo diga, porque díxonos que Galicia está mellor preparada e con consecuencias menos malas.

Eu, de verdade, creo que todos e todas nos alegamos de que en Galicia a incidencia da covid-19 fose menor que noutros territorios, pero creo que iso tivo máis que ver con cando chegou o virus ao noso país que co que se fixo, que as medidas de contención se tomaron, polo tanto, nun estado no que a curva estaba máis baixa, en que temos unha situación demográfica de dispersión moito máis potente, e non coas decisións que tomou a Xunta, que, en todo caso, no pasado foron moi equivocadas, como recortar na sanidade pública. E iso provoca problemas de futuro.

E tamén me sorprende iso despois de que coñecésemos onte os datos da EPA, que nos di que en Galicia se destruíu máis emprego que a media do Estado e que temos unha situación principalmente preocupante entre o emprego xuvenil.

Polo tanto, señor conselleiro, non sei en que estamos mellor. Porque non sei que se lles pode dicir aos douscentos mil autónomos e autónomas que non reciben nin un só euro de axuda directa pola Xunta de Galiza. O único que hai son créditos, non hai axudas directas, mentres outras comunidades si que o fan. E non sei se lles poden dicir a eses pequenas e medianas empresas do noso país que, grazas a ser os campións dos recortes do señor Montero, os alumnos avantaxados do señor Montero, lles vai ir mellor nos seus negocios.

Nós, desde logo, pensamos que estamos ante unha situación excepcional que require medidas excepcionais e que tamén reclama que haxa grandes acordos de país e que articulemos unha reposta galega fronte á covid-19.



Teño a sensación —xa a tiña antes e vólvoa ter despois da súa intervención— de que Feijóo e o Partido Popular están máis cómodos nun modelo centralista no que Madrid decide, porque prefiren criticar o Goberno central, que responsabilizarse do futuro do país. E equivócanse cando defenden un centralismo que xa demostrou a súa ineficacia. Equivócanse o Goberno central e tamén Feijóo cando no da desescalada, por exemplo, non apostan por facelo a un nivel comarcal. Porque iso vai crear problemas sociais e económicos importantes neste momento; vains dar disparates como que alguén que viven en Padrón e ten a familia en Pontecesures non vai poder ir visitala, pero si poderá visitar Santiago de Compostela ou Fisterra, e vai xerar dinámicas que desde o punto social e económico non teñen sentido, como aplicar as mesmas medias de contención nas Neves ou en Mondariz-Balneario como en Vigo.

E tamén se están equivocando cando xeran falsas expectativas, porque é evidente que as medidas de desconfinamento non significan que o virus desaparecese e que son necesarias medidas que nin impulsa o Goberno central nin impulsa a Xunta de Galiza, como é o uso obrigatorio de máscaras e a súa repartición gratuíta.

E permítame dicirlle tamén que se están equivocando no ámbito económico, porque está claro que poder subir a reixa dun negocio non significa que se vaia reactivar dunha maneira directa o consumo e a economía. Preocúpanos moito a situación dos traballadores e das traballadoras e tamén das persoas autónomas, que van pasalo mal, porque precisamente van abrir a reixa e, se non hai as medidas de apoio e de protección necesaria, non van ter ingresos para poder facer sostibles os seus negocios. Por iso, conselleiro, volvemos pedirlle que a Xunta active axudas directas, porque non sabemos por que un autónomo galego ten que ter menos axudas do seu goberno autonómico das que pode ter un autónomo, por exemplo, en Cataluña ou en Valencia.

Tamén cremos que se equivocan cando non poñen as garantías suficientes para que a volta ao traballo se faga para que non haxa risco para a saúde dos traballadores e das traballadoras.

E, desde logo, estamos nun momento, señor conselleiro, no que cremos que os gobernos non deben equivocarse, senón que deben acertar, porque que acerten é algo que nos interesa a todos e a todas polo ben común.

Por iso, nós estamos coa man tendida para colaborar. Seguimos insistindo: man tendida para que haxa un plan de desconfinamento adaptado á realidade galega e pactado no Parlamento. E cremos que o Goberno ten que facer os seus deberes para que o desconfinamento en Galiza teña éxito e que non botemos por terra todo o que con tanto sacrificio e esforzo conseguimos entre todos e todas nestas semanas.

Por iso pensamos que hai que adaptar o orzamento a unha nova realidade. Un desconfinamento seguro require que haxa tests masivos para poder realizar a toda a poboación, require plans de rastrexo, require medidas de protección moi específicas, tanto para o persoal sanitario como para o persoal de residencias, como para o persoal de centros de maiores ou outros grupos de riscos. E sabemos que non se ten feito ben nesta materia. Onte mesmo protestaba o persoal sanitario porque non ten equipos de protección suficientes.



Pensamos que hai que habilitar medidas como establecer a repartición gratuíta de máscaras, porque vai ser clave que se utilicen máscaras nestas primeiras fases de desconfinamento. E, sobre todo, señor conselleiro, cremos que é necesario un apoio extraordinario á economía, aos traballadores, ás traballadoras, aos autónomos e ás autónomas, ou a sectores como a cultura.

Eu sentino a vostede como noutra galaxia ao vir dicirnos que uns orzamentos pensados nun contexto no que non había unha recesión económica están adaptados e pensados para poder afrontar unha crise que o que nos din todos os expertos e expertas é que vai ter un impacto maior do que tivo a crise do ano 2008. Os orzamentos están desfasados. Presenten unha nova proposta ante esta deputación permanente para adaptalos a esta realidade.

E temos que pensar no futuro, na reconstrución económica e social. Por iso nós desde o BNG seguimos insistindo en que fai falta un grande acordo de país para abordar a reconstrución económica e social de Galiza, que aproveite toda a potencia que ten a nosa sociedade e que se basee en cinco principios. Un é que temos que ter un investimento público potente, cunha gran capacidade ademais de intervención desde o ámbito económico, para poder desenvolver aqueles sectores produtivos que ten o noso país onde temos capacidade, porque temos capacidade para poder facelo. Hai que facer unha aposta estratéxica pola ciencia e o coñecemento. Hai que fortalecer os servizos públicos, nomeadamente a sanidade e os servizos sociais. E tamén temos que ter presente que hai unha dimensión, que é a dimensión do cambio climático e da crise que hai de modelo produtivo, que ten que estar presente de cara ao futuro.

Remato, señor presidente. Desde o BNG estamos por sumar esforzos, pero tamén para iso desde o Goberno teñen que deixar de desprezar a man tendida que ofrecemos ao longo destas semanas e teñen que deixar atrás o oportunismo e a prepotencia que os leva a ignorar todas as propostas que levamos posto sobre a mesa.

Máis nada e moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

Grupo Común da Esquerda, señor Sánchez.

*(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Bos días a todas e a todos.

Señor conselleiro, despois de corenta e cinco días aproximadamente da declaración do estado de alarma e despois dun mes, aproximadamente, trinta e tres días, de que comparecese o señor Feijóo aquí, vostede trae unha bagaxe ben pobre, moi pobre de medidas. Porque vostedes como goberno escolleron dedicarse ao electoralismo, á oposición, á intoxicación e non a gobernar, co que iso implica, que é asumir riscos e asumir a posibilidade da crítica ante a acción e, evidentemente, nunha situación como esta, os erros propios da premura con que se toman as decisións.



Na mesma comparecencia do señor Feijóo, o 26 de marzo, preguntéille por que Galicia era, daquela xa, das poucas comunidades autónomas que non aprobara axudas directas aos autónomos; trinta e tres días despois, Galicia segue sen aprobar medidas directas aos autónomos. As medidas que expresou o presidente da Xunta de Galicia o 26 de marzo teñen pouca diferenza coas que veu vostede trasladar aquí hoxe. Non houbo medidas adicionais desde o 26 de marzo practicamente.

Vostede vén corenta e cinco días despois do da declaración do estado de alarma cun informe dun comité de expertos para a fase un, e só dun aspecto: dotar de liquidez as empresas e autónomos, ¿Necesario? Si. ¿Suficiente? En absoluto. Corenta e cinco días despois cun informe dun comité de expertos. Cando hai outras comunidades autónomas, que seguramente para vostedes non terán todas esas fortalezas que redactou de Galicia, de control do gasto e de ser os campións da austeridade, pero que levan postos a traballar os seus diarios oficiais todos os días desde que comezou o estado de alarma.

Aí houbo axudas directas para autónomos. Os autónomos galegos precisan igual que os outros. Moitos deles que teñen unha cafetería, que teñen un pequeno negocio, que practicamente non teñen empregados, un ou dous... A mesma xente da que fala o informe do comité de expertos, que di que son o 20 por cento da afiliación da Seguridade Social, moita dela non ve como unha boa solución endebedarse máis, recorrer aos préstamos, que agradece máis unhas axudas para asumir gastos que non se lles aprazan, pero que, en cambio, non teñen ingresos diariamente.

Por iso teñen razón de ser as axudas de entre 2.000 e 3.200 euros, que aprobaron Valencia, Cantabria, Madrid, Cataluña, Euskadi, Asturias, Canarias. Canarias complementou co 30 por cento o 70 por cento que paga na prestación o Goberno do Estado; é unha medida. Outras pagan gastos xustificables etcétera; vostedes, nada. E créanme que corenta e cinco días despois do estado de alarma están necesitados. É moi pobre esta bagaxe.

Claro que se vostedes sacan unha axuda directa a autónomos, por exemplo, corren o risco de que lles pase como en Euskadi, onde o Goberno tivo fortes críticas dos autónomos, porque esgotáronse en hora e media as axudas que propuxeron. Iso é o que pasa cando se goberna, que hai risco de actuar e de cometer erros, pero erros que se emendaron, porque hoxe en día Euskadi ofrece 30 millóns de euros, nunha poboación de dous millóns de habitantes, de axudas directas aos autónomos. O mesmo que Cataluña, que acaba de publicar hoxe pola mañá no boletín oficial unha axuda de 20 millóns de euros, 200 euros para cada familia, para a sostibilidade económica de cada familia, para gasto de subministración sanitaria, que beneficiará cen mil familias. Podo poñer exemplos de comunidades autónomas de todas as cores políticas. Vostedes apostan pola inacción total.

Outro exemplo de falla de actuación é a vivenda, da que falaremos despois. Vostede dixo que hai que atender todas as persoas. No informe e na súa comparecencia esquecese de moita xente, de xente que queda á marxe do sistema, que queda sen ningún tipo de ingreso. Vostede non falou de reforzar a Risga dun ingreso mínimo vital para esa xente, nin sequera falou diso. Deixan fóra moita xente.



E xa digo: son medidas necesarias de liquidez as que propón o comité de expertos, que segundo sei eu xa se están aplicando, como xa se está a aplicar o aprazamento de impostos ata o 30 de xuño. Pregúntolle: ¿é suficiente un aprazamento de impostos para o 30 de xuño, cando aínda estaremos saíndo do estado de alarma?, ¿son necesarias as axilizacións dos trámites? Claro que si, e da concesión das axudas. Por certo, hai moitas protestas que nos chegan precisamente de que hai xente que ten proxectos de Conecta Peme, do Gain, xustificados desde setembro de 2019, e que están sen cobrar, decenas de miles de euros; aplíquense na axilización. Pero é que acaso vostedes non estaban axilizando todo o posible, ¿que van facer para axilizar máis?, ¿van contratar máis persoal? Polo tanto, unha bagaxe moi pobre no curto prazo.

O informe do comité de expertos, que se crea cunha composición determinada coma se isto fose unha solución que só dependese da solvencia técnica. E esta crise, que veu para cambialo todo, non só depende da solvencia técnica, que é unha condición necesaria, pero non suficiente, tamén require de debate político, de cal vai ser o rumbo que tomemos. É un comité de expertos que non sei se está feito para asesorar a Xunta de Galicia ou outras administracións, porque das vinte medidas que presenta, quince son dirixidas a outras administracións, principalmente á do Goberno do Estado.

E vostedes, por certo, quérenlles marcar o calendario fiscal aos concellos, coma se non tivesen autonomía municipal os concellos, cando vostede se queixa de que o Goberno do Estado se lle mete nas súas contas.

Ben, pero máis alá diso, niso que vostede chama a segunda fase, e que quere enfocar coma se fose unha cuestión aséptica de comité de expertos, hai que plantexar un debate moito máis fondo do que vostede plantexou aquí. Hai que plantexar, por exemplo, se esta crise non demostrou que a garantía para un país e para todos, incluso a xente que está máis desprotexida, é un sistema público forte, un sistema sanitario público forte. Por exemplo, tamén hai que plantexarse se isto non veu cuestionar a mercantilización da saúde, ou a mercantilización da saúde dos maiores, cando vemos os datos de mortes e de infectados das residencias privadas de Galicia. Vemos que as públicas, de xestión directa, cumpren as ratios, e simplemente cumprindo as ratios dun modelo que tamén se debe cambiar, pois protexen mellor as persoas maiores. E esas residencias privadas, que veñen sendo denunciadas por incumprir a legalidade, e que vostedes miraban para outro lado cunha conivencia absoluta, pois é onde hai o foco do perigo. Ben, pois nós propoñemos e propoñeremos no futuro que as residencias nun prazo ben curto sexan maioritariamente de xestión pública directa.

Ou cando falamos, por exemplo, da precariedade laboral, que está prexudicando tanto agora na sanidade. Esa que veñen denunciando colectivos como Enfermeiras Eventuais en Loita. Esa que son dez anos de traballo, seiscentos contratos e cinco anos cotizados sen vacacións, e pendentes do teléfono as vinte e catro horas do día. Pois nós propoñemos estabilidade para esas persoas.

E para esas medidas que nós propoñemos, concretamente xestión directa das residencias públicas e estabilidade laboral para o persoal sanitario, evidentemente, fan falta cambios a



nivel estatal e cambios tamén na Xunta de Galicia. Fan falta cambios na política económica, pero tamén fan falta cambios na política fiscal, no sentido contrario da que veñen aplicando vostedes tanto no Estado como en Galicia. Deixar de privilexiar os grandes patrimonios, de tomar medidas a favor dos que máis teñen, e cumprir verdadeiramente coa progresividade expresada tamén en todos os discursos. Por iso, aínda que a capacidade fiscal da Xunta sexa moi limitada, poden empezar por desfacer o que fixeron nos últimos anos: facerlles favores aos grandes patrimonios galegos no imposto de sucesións e doazóns ou no imposto de patrimonio ou transmisións patrimoniais etcétera.

Teremos que debater tamén se vai haber que facer cambios nas producións industriais, enerxéticas ou alimentarias, vendo o que se nos ven enriba. Porque corenta e cinco días despois da declaración do estado de alarma, neste país non somos capaces de fabricar o material de protección para as persoas, necesario, a pesar de que se anunciou o 26 de marzo unha media de dez millóns para a reestruturación das empresas, que non se nos deu ningún dato de como está funcionando iso. Pero polo que sabemos, polo que nos din as profesionais da sanidade e das residencias, aínda non hai material suficiente.

Haberá que falar se hai que planificar algo a economía para localizar aquí algún tipo de industria que garanta, polo menos, uns mínimos necesarios para os anos vindeiros.

Haberá que debater se na cuestión alimentaria tamén hai que preocuparse algo máis de que Galicia produza cando menos o suficiente para o autoabastecemento. E haberá que falar da democratización da economía para evitar tamén as bolsas de pobreza que se poden crear, se a saída da crise é tal como vostedes pilotaron a saída da crise de 2008; por certo, tamén pactando co Partido Socialista, inicialmente, a priorización do pago aos bancos sobre os dereitos das persoas. A saída desta vez, non pode ser tan inxusta como no ano 2008, ten que ser máis xusta.

E diso queremos debater. E diso vostede aquí non veu debater, nin diso, nin de medidas concretas de protección da xente.

Moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Sánchez.

**O señor PRESIDENTE:** Polo Grupo Parlamentario Socialista ten a palabra o señor Caballero.

*(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

**O señor CABALLERO MÍGUEZ:** Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados.

Señor Feijóo, grazas pola súa presenza hoxe nesta cámara. Grazas por vir aquí ao Parlamento galego amosarlle a Galicia cal é a súa responsabilidade, cal é o seu compromiso coa resposta democrática á crise. Grazas, señor Feijóo, porque todas as súas verbas e compromisos na



resposta democrática á covid amosan a súa capacidade de xestión, a súa capacidade de abordar a crise dende unha perspectiva integral, o seu compromiso no eido sanitario, social e económico.

Hoxe, señor conselleiro, con todo o meu respecto, a ausencia do presidente amosa a ausencia do Goberno do Partido Popular en Galicia fronte á crise que estamos vivindo. A súa escapada, a súa agochada, a súa estratexia de non dar conta se non resolve os problemas do país, máis alá do discurso grandilocuente do autobombo, que non resolve nada e que non arranxa os problemas das galegas e dos galegos.

Hoxe, o Partido Popular de Casado e de Álvarez de Toledo ten en Feijóo un representante extraordinario, o da escapada. O que escapa da súa responsabilidade de estar no Parlamento galego nunha situación extraordinaria na que o Goberno se ve inxustamente lexitimado por unha prórroga no seu tempo electoral, despois dun marco pactado, no que a resposta democrática é o mecanismo para fortalecer a resposta cooperativa e colaboradora de todos fronte a unha crise tan grave.

Quero dicir con total claridade e contundencia que dende o primeiro momento lles tendemos a man. Pasaron xa máis de seis semanas do estado de alarma e do estado de emerxencia, e terán a lealdade para as medidas que tomen, pero o cheque en branco que o Partido Popular quixo coller ao longo destas seis semanas é un asalto ao acordo político que posibilitou que hoxe haxa un goberno en condicións interinas, pero un goberno con plenitude de funcións. Galicia merece algo mellor.

Galicia merece un goberno disposto a poñerse a traballar a carón do país, a carón dos representantes das forzas políticas e a carón da sociedade para atallar a crise sanitaria, que é o que máis nos preocupa. Unha situación de crise sanitaria que levou a un escenario descoñecido por unha pandemia que ningún de nós vivimos, que dende hai un século non se recorda e que afectou milleiros de galegos e galegas polos seus contaxios, moitos que xa non están connosco. Unha vez máis expresamos toda a nosa fraternidade e a nosa lealdade, a nosa aperta e o noso agarimo a todos os afectados directamente pola covid, especialmente ás familias daqueles que xa non están connosco. Querémolo dicir cun compromiso para construír unha Galicia mellor, porque estamos ante unha crise dunha enorme dimensión; unha crise da oferta, da demanda e da liquidez, e unha crise económica que non soamente vai supoñer unha recesión económica, senón que vai supoñer un fondo risco de depresión económica na economía mundial, na economía europea e na economía española tamén.

Por iso, cando se xuntan todos estes problemas é necesario entender que este gran confinamento, que supuxo unha gran paralización da actividade económica, necesita utilizar de toda a acción do poder público, de todo o compromiso do público para poder tirar cara a adiante. E aquí atopámonos cun Goberno do Partido Popular que escapa das posibilidades que ten o autogoberno e das competencias da Xunta de Galicia no ámbito público para impulsar, dinamizar e liderar a reconstrución do país e a paralización do ritmo de decrecemento que poida existir.





Hai que utilizar todos os recursos da política económica, da fiscal e da monetaria nos ámbitos en que está, así como das políticas financeiras e das políticas cambiarias, se é necesario, para acordar os mecanismos de globalización. Hai dous modelos: o modelo do Partido Popular, que é o modelo do privado, o modelo de escapar do compromiso público e o modelo que aplicou os recortes, e o modelo do benestar, que é o que nós reclamamos. Tendémoslle a man ao Partido Popular para que rectifique a súa política económica e financeira e que se deixe orientar por aqueles mecanismos que permiten construír unha Galicia mellor. A política de apostar claramente polo Estado do benestar, por máis sanidade pública, universal e gratuíta, e tamén por non ter ningún medo dende a política económica para orientar a reconstrución do tecido produtivo, para adaptar o cambio do modelo produtivo, para evitar que pechen empresas, autónomos e que os traballadores queden na rúa.

Esa é a diferenza desta gran crise. Unha crise na que critican o Goberno de España cunha deslealdade continua, na que o señor Feijóo mantén unha liña de contradición continua, bótándolle en cara que recorta fondos a Galicia. Iso si, despois de que o presidente da Xunta de Galicia, o señor Feijóo, dixese na Televisión de Galicia, diante de todos e con claridade o día 22 de marzo «*que los fondos presupuestados anualmente con carácter finalista dedicados a políticas de empleo se puedan destinar también a políticas sanitarias, a políticas económicas y a políticas sociales*». Xustamente o que fai o Goberno de España, e o que vostedes xustamente non fan cando gobernan e que non fixeron cando gobernaban en tempos de crise. Sábeno os galegos e galegas, aínda que vostedes intenten replicar unha realidade que a xente ve na TVG porque é a única televisión que dá información rexional, pero que saía moito na TVG e que a audiencia sexa moi alta non quere dicir que os galegos e as galegas crean un presidente que non di a verdade a este país.

Dígoos con claridade, hai douscentos vinte e cinco mil galegos afectados por un ERTE, un mecanismo que implica que a resposta do Goberno de España lles dá posibilidades para que teñan ingresos, cun nivel de descoñecemento que ata agora nunca existiu. Cincuenta e seis mil autónomos en Galicia reciben unha prestación extraordinaria por cese de actividade. Cando houbo outras crises e gobernaba o Partido Popular, ¿cantos autónomos recordan ter axudas directas ou prestacións análogas para acompañalos nunha situación de dificultade? Cero, o cero do Partido Popular. Empregadas do fogar con axudas extraordinarias, medidas de flexibilidade, redución de módulos que permiten unha estimación agraria máis favorable aos galegos e galegas que tributan por IRPF, maior recoñecemento a prestacións de desemprego que permiten que cidadáns que antes non tiñan dereito agora os teñan. Acompañen o Goberno de España, sexan leais. Díganlles a Pablo Casado e a Feijóo que teñen que contribuír nunha saída xusta e abandonar os modelos do Partido Popular da saída da crise, que non implican nada positivo.

Aquí en Galicia atopámonos cun Goberno que carece de política económica, de visión e de estratexia. Non hai modelo de política económica en Galicia. Por iso durante os once anos do Partido Popular en Galicia perderon emprego setenta mil galegos e galegas. En poboación ocupada, antes desta crise, xa había en Galicia setenta mil ocupados menos que cando vostedes chegaron. Agora hai unha situación extraordinaria e parece que os únicos que non se decataron son os responsables políticos da Xunta de Galicia do Partido Popular. A intervención que hoxe fai aquí o conselleiro de Facenda é a dun conselleiro que non se apercebiu que



estamos vivindo nunha crise extraordinaria na que haberá que adaptar e poñer todo o potencial da Xunta a traballar pola economía.

Hoxe, o Partido Popular amosa que o único espello que tenta ver é o da facenda do curto prazo, sen activación e sen estar detrás da política económica, porque falla a política económica. Cando non hai esa orientación, a Facenda convértese nun obxectivo que non dá resultados reais para a cidadanía. É necesario entender que a facenda pública é un instrumento ao servizo da economía. Hai que definir un modelo, unha estratexia e unha política económica, e logo o conselleiro de Facenda terá que explicar como afecta contablemente ese tipo de cuestións, que é o que non se fai. Hoxe parece que a Consellería de Facenda aspira a ser a dirección dunha oficina bancaria de Galicia. Iso é o que vostedes amosan.

A maior decisión que está amosando o Goberno da Xunta de Galicia nesta crise é dicir que vai anticipar o pago dos ERTE aos cidadáns en Galicia. Calquera cidadán que saiba algo de facenda ou de entidades financeiras sabe que os anticipos de ingresos fixos por parte de pensionistas, de desempregados ou de funcionarios é algo que en calquera oficina bancaria decide o director dunha oficina bancaria, con anticipos de entregas á conta. Señor conselleiro, calquera director de oficina bancaria llos pode facer. Sábeno milleiros de traballadores que necesitan anticipos. Explícolles como: algúns cidadáns con descubertos que llos cobran a final de mes, outros cidadáns con préstamos que llos aplican a tipos mínimos e outros simplemente cunha tarxeta de crédito que lles permita adiantar o pago fixo. O que está facendo a entidade, sen dúbida, é dar unha resposta de anticipación, que é importante. Pero a verdade é que o conselleiro de Facenda queira aspirar a ser director dunha oficina bancaria e o director do banco, o señor Feijóo, que nin apareza nin teña modelo económico, iso amosa como está a política económica en Galicia.

Quérolles dicir que o PSdeG-PSOE apoia aquelas medidas inmediatas que vostedes están tomando que xeran máis liquidez e son positivas, medidas que hai que incrementar. Nos mecanismos do Igape pódense tomar máis e por máis contía. O propio comité de expertos, un comité moi razoable —algúns son compañeiros, incluso amigos persoais que coñecemos—, podería facer ese informe, ou outros moitos, un informe de liquidez que recolle unha cuestión mínima. Nese mesmo informe dinlle tamén ao propio comité que vostedes están seguindo algunhas cuestións que hai que facer: hai que darlle ao Igape máis mecanismos e máis fondos, hai que superar a limitación dos douscentos mil euros para determinados tipos e, ademais, hai que permitir que haxa un programa específico que vaia máis alá dos investimentos ou da liquidez para gasto corrente, tamén para liquidalos a investimento no futuro.

Hai mecanismos que se poden facer moito máis alá da liquidez. Pero, máis alá da liquidez, é necesaria unha política para a reconstrución que hai que pactar en Galicia, porque o Goberno do Partido Popular está hoxe en condicións interinas. Esperamos ese diálogo para as medidas e que reúna o presidente da Xunta de Galicia as principais forzas políticas do país e que parta dun grande acordo consensuado con aqueles que defendemos o público, a sanidade e o benestar, que reúna os sindicatos e os empresarios, e que reúna despois os sete grandes alcaldes das cidades de Galicia, os catro presidentes das deputacións e o presidente da Fegamp para ter un acordo político, social e territorial que lle dea un plan de actuación



para a reconstrución de Galicia no futuro, porque no curto prazo a continxencia é moi importante.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor CABALLERO MÍGUEZ:** Pero máis alá das semanas que ten este goberno de competencias, hai que tirar para adiante. Seguimos pedindo programas específicos para o desenvolvemento de axudas aos autónomos —como fai a Generalitat Valenciana ou como se fai noutras comunidades—, de axudas a sectores específicos como a hostalaría, como o turismo ou como a cultura, que están esperando por vostedes.

Querémoslles dicir que naquilo no que nós poidamos ter algunha orientación, algunha capacidade técnica ou algún coñecemento económico en facenda ou noutro ámbito estamos dispostos a contribuír na liña de orientación xeral e nas medidas, porque nos xogamos moito e porque esta crise económica é moi complexa e necesita do esforzo de todas e de todos para saír adiante.

Moitas grazas, señor conselleiro.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Caballero.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor Puy Fraga.

*(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

**O señor PUY FRAGA:** Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, hoxe viñemos falar do que está a facer a Xunta coa política económico-financeira diante da peor crise que viviu xeración viva algunha. Unha crise que ten efectos sobre a sanidade e a saúde das persoas a curto prazo, pero que vai ter moitos efectos sobre a vida, a sociedade e todas as formas de relacións sociais, empezando tamén polas económicas.

Certamente, despois de escoitar os portavoces interinos da oposición... Porque, señor Caballero, supoño que se o presidente é interino cando foi elixido pola Cámara da que vostede tamén forma parte, na medida en que el sexa interino tamén vostede é deputado interino. Polo tanto, ten a mesma interinidade que un presidente, que, por certo, se presentou ás listas como cabeza de lista, mentres que vostede ía nun posto cinco e non como candidato.

Polo tanto, con toda lexitimidade, o Goberno está certamente traballando para unha crise que ten unhas características distintas doutras veces. É unha contracción á vez da oferta, é unha crise de oferta, como ocorreu coa crise do petróleo do ano 1973, e é unha crise de demanda, como eran as clásicas organizadas por Keynes, as previas á crise do petróleo.

Tivemos catro disrupcións consecutivas no sistema económico. A primeira é unha crise de oferta pola interrupción das cadeas de valor. Xa case non nos lembramos cando algunhas empresas comezaron a pechar porque non chegaba subministración de fóra, particularmente



da China. Unha segunda disrupción, tamén de oferta, relacionada neste caso coas restricións nacionais que se fixeron nalgúns países para o confinamento das persoas. Por certo, España líder mundial en medidas de confinamento cunha incidencia, polo tanto, superior tamén sobre a recuperación económica. Un terceiro *shock*, este de demanda, tanto interior como exterior, como consecuencia de que o cesamento da actividade tamén diminuíu a demanda das propias canles de distribución de produtos na economía. E un cuarto impacto da economía pola falta de liquidez e acceso ao financiamento, en especial das pequenas e medianas empresas, que as pode levar a un peche que provocaría un quinto e máis duradeiro impacto, tamén de oferta, polo peche de moitos negocios.

E esta crise, así caracterizada de forma rápida, ten efectos fiscais: o gasto directo sanitario, evidentemente, dispárase; o gasto que mitiga a perda de rendas dos fogares tamén se dispara; as medidas dirixidas a dotar de liquidez as empresas, vía avais, decretos bancais ou aprazamento das obrigas tributarias, implican tamén unha menor capacidade de gasto noutras actividades; hai axudas ao mantemento do emprego, e tamén os estabilizadores automáticos que teñen os impostos progresivos van funcionar no senso de que a Administración vai ter moitos menos recursos. É unha situación de tormenta perfecta, unha oferta que cae a nivel global e que non sabemos cando vai rematar, e é tamén unha crise de demanda pola contracción da demanda.

Evidentemente, algúns falan de guerra e eu creo que non é nada axeitado; pero onde non é axeitado incluso é no ámbito económico. Porque, como ben dicía Mancur Olson, as guerras provocan un efecto reconstrución —porque se destrúen fábricas, destrúense vivendas e destrúense infraestruturas— que provoca un efecto crecemento. Neste caso, non é unha guerra, é outra cousa; precisamente, entre outras cousas, é como unha especie de bomba de neutróns que non afecta as infraestruturas, que non van ter, polo tanto, o continuado crecemento que provoca a reconstrución, porque, certamente, o virus dana as persoas pero non dana a capacidade produtiva.

Todo isto, nun contexto de incerteza: non sabemos canto vai durar a pandemia, non sabemos cal vai ter que ser o alcance das medidas tanto preventivas como de seguimento dos contaxios, non sabemos que facer porque tampouco hai antecedentes... En xeral, os humanos non sabemos que facer porque non hai antecedentes e entramos —como dicía o noso compañeiro universitario Xosé Carlos Arias— nunha terra incógnita descoñecida. Sabemos que hai predicións; o Banco de España prevé, no mellor dos escenarios, unha caída do PIB do 6,6 e, no peor, do 13,6. Outras institucións, como Funcas, están a falar de caídas do 7 ou do 5,4. Outras están con outras cifras. Pero, en todo caso, como dicía ao principio da miña intervención, estamos coa maior caída abrupta do produto interior bruto; polo tanto, co maior incremento do desemprego nun período curto de tempo que coñecemos na nosa historia e, polo tanto, hai que saber que facer.

E, ademais, porque esta crise está afectando asimetricamente. Por exemplo, na actividade: non é o mesmo, certamente, o que está a ocorrer no mundo do sector primario que no mundo da hostalería ou do comercio. Hai sectores, como o propio da sanidade, que, efectivamente, non só non diminúen, senón que incrementan a súa actividade; pero a maioría do sector servizos, que é o maioritario das economías avanzadas, está a destruír emprego e, precisamente, é o sector que máis man de emprego utiliza con carácter extensivo.



E tamén vai ser asimétrica entre países porque, efectivamente, aqueles que confinaron menos porque fixeron unha política sanitaria preventiva mellor teñen menos actividade económica que recuperar. Aqueles que estamos coa pandemia que nos leva a ter o récord de persoas confinadas e durante máis tempo imos ter, certamente, unhas consecuencias peores.

Galicia non vai estar allea a isto. O Foro Económico de Galicia prevé tamén caídas do PIB de entre o 5,6 e o 7,4 se a pandemia durase oito semanas. Certamente, estas cifras haberá que revisalas á alza. O paro —xa coñecemos as últimas cifras— incrementouse en once mil persoas no primeiro trimestre, e o peor está por vir, con dúascentas vinte e oito mil persoas nos ERTE só na nosa comunidade autónoma.

Pois ben, temos que ser capaces de facer unha combinación de políticas, axudados polo Banco Central Europeo, que está facendo unha política monetaria de compra de débeda que está auxiliando economías como a española, coa política fiscal, que todos din que ten que ir pola vía de ofertar liquidez a través de préstamos, de avais, de transferencias de renda ás familias, de adecuación das bases tributarias e aprazamentos, buscando a eficiencia das axudas e flexibilizando os trámites administrativos.

Díxose aquí que a Xunta tiña unha pobre bagaxe, que había un presidente que tiña unha pobre bagaxe. Eu, francamente, pensei por un momento que estaban falando do Goberno de España. En primeiro lugar, cando dixeron que había un presidente que mentía, eu pensei que estaban falando do presidente do Goberno de España. En fin, ata a OCDE xa sabe como se gastan as informacións determinados Gobernos. Eu pensei que estaban falando do Goberno de España, e, despois de que o señor Pablo Iglesias o 19 de marzo dixera que ía facerse cargo persoalmente do problema das residencias e que ía mandar o Exército, eu pensei que era esta a pobre bagaxe da que estaban a falar. Eu pensei que falaban de pobre bagaxe cando o Goberno de España ten dado axudas, en relación ao PIB, seis veces menores que Alemaña e a metade que Francia ou Italia. Pero, sorprendentemente, dáme a impresión de que non estaban referíndose a esa pobre bagaxe.

A bagaxe que presenta o Goberno, en cambio —iso que vostedes chaman propaganda—, é que o 20 de marzo se aprobou liquidez vía axilizar os pagos ás empresas —o que está permitindo ser os primeiros no pago aos provedores—, aprazar as cotas de amortización de préstamos formalizados coa Xunta —douscentos sesenta e cinco millóns de euros—; estanse financiando as pemes con douscentos cincuenta millóns de euros, e suspendendo os prazos de autoliquidacións dos impostos autonómicos; estase flexibilizando o pago das taxas en portos e o retraso de ata dous meses despois do final do estado de alarma das facturas portuarias; dez millóns de euros para a reestruturación de fábricas que apoien con instrumental para a loita contra a covid, ou tres millóns de euros para proxectos innovadores para a protección contra a covid.

Todo isto foi posible, entre outras cousas —que ninguén felicitou o conselleiro por isto, pero tampouco o criticaron, o que é unha forma indirecta de felicitar por parte da oposición; eu, expresamente, felicítooo—, porque, tan pronto como o 27 de marzo, o plan de liquidez da Tesourería permitiu ter mil oitocentos millóns de euros cos que facer fronte a todas estas obrigas. Adicionalmente, déuselles liquidez ás familias co convenio dos bancos. E din que calquera



banco dá un préstamo a unha persoa... ¡home!, señor Caballero, aquí a cuestión que ben podía ter feito o Goberno de España, que se está retrasando por razóns comprensibles de carácter administrativo, era facer algo semellante. O que está a facer a Xunta é avalar esas cifras e, polo tanto, iso fai que o pago que fai o banco, precisamente —vostede que se enredou entre o xefe da oficina e o director do banco—, que todo iso non haxa que facelo porque directamente a Xunta avala esas cantidades e as familias poden recuperar ou ter renda rápido.

¿Previsións de futuro? Hai un comité de expertos. Aquí, novamente, recibimos críticas por utilizar os expertos; pero o certo é que todo iso, xunto coa axilización dos investimentos previstos por máis de 1.434 millóns de euros, nos leva a que, efectivamente, haxa unha boa actuación por parte da Consellería.

O conselleiro hoxe deunos un punto de partida que nos permite estar mellor ante a crise. Cando chove é mellor ter o chubasqueiro á man. Outras comunidades autónomas, e mesmo o Estado, que incumpriu os obxectivos de déficit no ano 2019, están moito peor cubertos que a Xunta de Galicia, que cumpriu os obxectivos de déficit nos últimos anos. Certamente, ademais de ter un mellor punto de partida cos orzamentos aprobados e con capacidade de investimento e de endebedamento, a reacción foi correcta, coas medidas axeitadas. Á súa vez —aquí teremos ocasión de falar da resposta que lle está a dar o Estado ás demandas das comunidades autónomas—, eu que creo que aí fomos moi coherentes. A Xunta non lles está facendo aos concellos de Galicia o que nos está facendo o Goberno de España ás administracións autonómicas. E, finalmente, está pensando no futuro; certamente, pensar no futuro é unha tarefa de todos.

Eu, despois de escoitar os discursos dos líderes da oposición, creo que sei en que mans van poñer os galegos o seu futuro.

Grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Puy.

Réplica. Conselleiro de Facenda.

*(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

**O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García):** Grazas de novo, señor presidente.

Toda esta situación é unha situación anómala, pola intensidade e pola grave afectación —nunca nos esquezamos desas máis de quiñentas corenta e bastantes persoas que morreron—, que nos pon a todos a proba, como sociedade, no ben máis importante, que é a vida das persoas, de quen conviven con eles, de quen xeramos a sociedade. Pero tamén non debemos de esquecer que, como sociedade, o que necesitamos é unha economía o suficientemente áxil para, ante esta situación, retomar de novo a recuperación económica. Agradezo moi moito, de verdade, o ton que oín e as propostas incluso que varios dos intervenientes me foron trasladando a min neste caso, aínda que sexa transitoriamente, como conselleiro de Facenda do Goberno galego.



Cando un ten que tomar decisións rápidas o primeiro é darse conta de que a Facenda, na primeira etapa, cando xa tiñamos enriba unha realidade sanitaria que ía a peor, a moi a peor... O primeiro do que se ten que dar de conta, e niso coincido coa apreciación que fixo o señor Caballero —pero é das poucas cousas nas que podó coincidir— é que a Facenda ten que adoptar un perfil baixo, moi baixo. O primeiro é, como así o fixemos, transmitir a tranquilidade, tanto ás persoas que traballan na Consellería de Sanidade e no Sergas, como ás persoas que traballan en Política Social, como ás persoas que traballan no ámbito máis concreto da Consellería de Economía, de que todos os recursos que temos no orzamento da Xunta de Galicia están á disposición de atender inmediatamente todo aquilo que fixese falta, como así se comprobou. Deixamos para unha segunda fase o que son as medidas propias para financiar este tipo de gastos dunha maneira xa máis ordenada. E incluso espero que esta fase non estea rematada, porque son moi consciente de que o Estado non pode pedir a Europa unha forma de traballar que non sexa capaz de reproducir en materia interna. Estoume a referir a todas as facilidades que aínda non temos concretadas, que parece ser que vai trasladar, de execución de fondos europeos, a Unión ao Estado Español —as comunidades autónomas somos Estado—. Por certo, máis do 50 % da actividade que se relaciona, e xa que tanto se fala de servizos públicos, ten que ver con esta cuestión. Esperemos, pois, xa non soamente ao que vén dos fondos de cohesión senón tamén das outras medidas que poñan vir de acompañamento. Somos Estado, sabemos pensar e sabemos ser leais e colaborar. A iso tamén me vou referir dentro dun momento.

Polo tanto, hai unha primeira fase de transmitir certeza sobre bases sólidas, e iso é porque contamos cun orzamento. Contamos cun orzamento, e algún grupo, cando era o debate na Cámara previo á aprobación dos orzamentos, cuestionaba a décima adicional da que botabamos man. Non nos damos conta, incluso, de determinadas chantaxes que cara á miña persoa proviron de xente do Ministerio de Facenda, e houbo que aguantar o tirón moi moito cando, dúas semanas máis tarde, as décimas de Galicia eran dúas con carácter xeral para toda España. E iso o que nos permite é ter unha capacidade de seguridade na Facenda pública nestes momentos ao contar con ese orzamento. Porque todo orzamento, nunha situación extraordinaria, efectivamente,... non hai por que traer un novo orzamento á Cámara, pero si que che ofrece unhas facilidades que ben quixeran para si outras comunidades autónomas e, sinaladamente, o Estado, como tamén o dixen na miña intervención, que provoca determinados cuestionamentos e restricións á hora de adoptar medidas que a todos lles gustarían. Nós si podemos facelo.

E si podemos facelo a maiores a décima adicional. E si podemos facelo por calcular correctamente as entregas á conta e a liquidación do ano 2018, efectivo neste 2020. Iso si que é noso: a liquidación de 2018. As entregas á conta son outra cousa que poden ser moito peor para a comunidade autónoma a partir do ano 2022 sobre todo. O que nos está dicindo é que, cos vinte e oito millóns a maiores que temos da liquidación do ano 2018, que cobramos agora no 2020, mais eses case setenta millóns —que eran o noso PIB estimado daquela, redondeando—, mais a política correcta financeira que foi levada pola Comunidade Autónoma outorgábanos unha primeira fase, previa a toda continxencia, dunha capacidade de aproximadamente uns cento dez millóns de euros; ese é o noso nivel de partida. Por iso adoptamos estas decisións de acompañamento tan rápido, e os resultados están aí.



Non podo coincidir —e oxalá me dea tempo a falar dunha breve cuestión— en algo que, por matraca, todos os grupos foron dicindo, que é o tema do Estado do benestar e os recortes, sinaladamente en materia sanitaria e de servizos sociais. É bo comparar, poñer métrica ás cuestións que fomos dicindo, pero é bo dicir tamén que, incluso cando neste parlamento a nivel de comisión extraordinaria falamos destes temas como foi a finais do ano 2018, todos os grupos da oposición non estiveron presentes. E alí ofreceuse documentación, ofrecéronse explicacións, ofrecéronse cuantificacións. Non digo que todas as nosas sexan sempre verdade, pero puidemos contrastar.

Pero o primeiro correlato de todo isto é que é unha falsidade o do recorte que se está producindo dunha maneira sistemática por todos os grupos en materia sanitaria. En materia económica esa é unha falsidade total e absoluta. Hai unha cuestión que é comparar o nivel do que partiamos en gasto no ano 2009, no ano 2008 —se o prefiren, dáme igual—, e o que recuperamos xa no ano 2016 e no ano 2017. Iso é incontestable. É incontestable que de portas para dentro as políticas sanitarias sempre tiveron un crecemento por riba do resto de políticas públicas que non sexan sanidade; iso chámase priorización. E cando é a época de recuperación en España, ano 2014-2015, Galicia ano 2014-2015, a recuperación comparativa que se produce nos gastos que teñen que ver co funcionamento dos servizos é sempre igual ou superior na Comunidade Autónoma de Galicia. Polo tanto, tildar iso de recorte, con todos os respectos, non pode ser.

Pero hai outro factor que é moito máis importante que o económico, que son os recursos humanos. E os recursos humanos nos dispositivos públicos nunca, nunca tiveron ningún tipo de recorte, non é verdade. ¿Quere iso dicir que o facemos todo ben? Non é verdade tampouco. Non me oirán dicir a min que todo o facemos ben. Pero hai decisións que non dependen de nós.

Cando se fala de precariedade e resulta que as taxas de reposición dependen de determinados gobernos, antes do PP, agora do PSOE, e non se nos dá esa marxe, estamos facéndolle fraco favor á eventualidade, estámoslle facendo fraco favor a esa denominada precariedade. Por aí empezan as cousas.

Cando nos poñemos de acordo coas organizacións sindicais, tanto no ámbito de sanidade como no resto, para ir a un plan de estabilización, somos a comunidade autónoma que en termos xerais presenta mellor relación no ámbito educativo, no ámbito de función pública e no ámbito sanitario. ¿Por que? Porque dentro da pouca marxe que tivemos así o fixemos. Pero todo iso queda a beneficio de inventario nestes momentos.

Non é bo facer este balance, como no seu momento facer outros balances, que si faremos. Isto vai supoñer un incremento de gasto moi importante, pero o que está claro é que cos 36 millóns de euros (19 pola parte de Política Social, 17 por Sanidade), que son os únicos confirmados, que non recibidos —si que recibimos os 18 de Política Social, hai dous días, hai dous días; os outros non—, entón, xa faremos balance no seu momento, pero supoñer que esta crise cunha medida importante se vai arreglar con 36 millóns de euros é moito supoñer, é moito supoñer.

Hai outro debate que si me gustaría abordar, que é cando se fala do nivel de ingreso, do nivel de ingreso ligado a determinados impostos e con determinadas teorías de ricos versus pobres. Non podo compartir o que aquí se está dicindo.





Nestes momentos —e céntrome no imposto de patrimonio— supoñer que lles estamos facendo un favor aos ricos, cando estamos aplicando a mesma tarifa estatal e estamos aplicando a mesma que aplicou o Bipartito en época de bonanza, non se sostén. Como non se sostén falar do imposto de sucesións a un millón, cando os actuais responsables do Ministerio de Hacienda, cando estiveron en Andalucía, foi o que fixeron noutras comunidades. Houbo outras etapas históricas onde se dicía que suprimir o imposto de patrimonio era de esquerdas. Nunca o fixemos así, pero si que nos imos adecuando.

Esta primeira fase de transmitir tranquilidade creo que se logrou, e os resultados están aí, e calquera de vostedes poderá repasalos, cando miremos polo miúdo aquilo e fagamos balance daquilo que se gastou tanto en recursos humanos como nos reforzos tan importantes que estamos a facer en recursos humanos, sobre todo na área sanitaria e na política social. Porque, claro, cando falamos de concrecións, empezamos a poñerlle un pouco de métrica, empezamos un pouco a contextualizar.

Voume referir exclusivamente, como exemplo, ao que se fixo en materia sanitaria. En materia sanitaria o primeiro que adoptamos é o reforzo dos equipos de detección. Estamos a falar de atención domiciliaria, medicina preventiva, microbioloxía e urxencias, e tamén do tema todo de doazón. Estamos falando de que en catro meses supoñen 4.800.000 euros máis. Pero isto resulta que tamén ten o específico dentro de saúde pública —estoume a referir a preventivistas e a enfermería—, que foron 127.000 euros. Pode parecer moi pouco, pero o que che está dicindo é que a saúde pública, a saúde pública de Galicia, como se comproba nos resultados e na actuación, é como mínimo igual ou superior a calquera outra que en España hai, igual ou superior. E cando tiña un dimensionamento no que houbo que incrementar en tres preventivistas e seis enfermeiras, e somos quen de dar este repaso, iso chámase ser eficaces.

Como tamén é eficaz o reforzo en unidades de hospitalización e urxencias, co incremento en todas as áreas, en todos os hospitais, coas súas gardas incluso. E levamos xa 12.100.000 euros ata finais do mes de xuño. Porque hai que facer os plans a catro meses, como se deben de facer as cousas.

Ou algo no que fomos pioneiros en toda España e que ten unha dobre vertente. A primeira, axudar a atender a todo o que tiñamos naqueles momentos, como é a ampliación dos contratos a partir do 1º de MIR a todos os MIR, PIR, QUIR e enfermería residente; iso non o fixo ninguén en España, sen ningún tipo de tacañería, como eran planteados por outras partes, cobrando cadaquén como o que ían traballar, facultativos e especialistas no seu caso ou enfermeiras especialistas no seu caso. Iso en España ninguén o fixo ao mesmo tempo que nós. Iso ao mesmo tempo servirá para que a xente que queira —e oxalá sexan todos— queden a traballar na comunidade autónoma. Estoume a referir a máis de 358 profesionais. Estoume a referir tamén —e facía unha referencia anteriormente cando se falaba dos recortes en sanidade— a eses 407 efectivos novos que temos no orzamento do ano 2020.

E seguimos falando de recortes. Creo que non é xusto ese tipo de afirmacións.

Como tamén —e sigo xa coa quinta medida— que foron en persoal as substitucións de persoal, que, por desgraza, se infectaron e os temos illados. A ese persoal hai que completarlle



a súa nómina, obviamente, como debe de ser, como calquera traballador en situación de IT ou asimilada, e, por outra parte, hai que entrar a substituír. En substitucións só en catorce días tivemos 2.832.000 euros; benditos sexan. Porque non é unha cuestión de cartos, é unha cuestión de ter pensadas as cousas coa dotación suficiente do recurso humano alí onde o necesitamos.

E, por último, o apoio asistencial ás residencias sociosanitarias, con 1.278.847 euros en tres meses. ¿Por que? Porque houbo unha toma de decisións, houbo unha toma de decisións en base a parámetros asistenciais en residencias, e así o estamos a facer, sempre. Como no seu momento tamén a creación de residencias integradas, que marcan un estadio intermedio no que pode ser as residencias e o que pode ser a atención hospitalaria propiamente dita, cousa que foi copiada noutras comunidades autónomas. Algo estaremos facendo ben.

Non podo pois coincidir con algunhas das apreciacións que se fixeron aquí, pero para min o máis importante, á parte de facilitar as cuestións nestes momentos, é avanzar cara ao futuro. E avanzar cara ao futuro necesita tamén, á parte desa facilitación aos máximos responsables das consellerías de Sanidade, Política Social e Economía, tamén avanzar sobre o demais.

Na Xunta das medidas que foi adoptando nos últimos consellos que tivemos nas últimas semanas, hai unha clara reactivación por unha parte da obra pública, por outra parte de todos os temas dos servizos esenciais e, por outra parte, de todo o que ten que ver coa contratación. Iso chámase activación, iso chámase transmitir certezas ás empresas, iso chámase axudar.

Non podo compartir con vostede, señor Caballero, o concepto que ten da miña persoa como director de oficina; ás veces tamén o teño pensado; puido ser o meu desenvolvemento, que xa levo trinta e cinco anos na administración; oxalá chegue vostede tamén a tantos anos. O que si me estraña é que na súa formulación como economista debe de ser un pouco máis respectuoso por suposto, pero si que lle pediría un pouco máis de coherencia. Porque a coherencia ten que ver tamén, e de verdade que o acepto nobremente. Estamos nunha etapa tan difícil que a unidade é o parámetro fundamental. Foron introducidos por alguén, seguro que nós non temos todas as ideas do mundo; négome, intelectualmente non estou aí. Hai ideas moi válidas. Eu lin con moita dedicación o documento que me achegaron por parte do BNG xa hai máis dun mes ou un mes aproximadamente. De verdade, señora Pontón, que lemos as cousas que nos trasladan. Como a que nos trasladou tamén o Grupo de En Común, tamén. A verdade é que no caso do Grupo de En Común lin, ademais das setenta e algo propostas, toda a parte expositiva, que era bastante máis longa, porque tamén dixo que hai que aprender en cada tema, claro que si. E no seu momento virá non soamente a lectura senón facelas nosas, de acordo tamén con outras propostas que fagan os comités de expertos e que tamén sexan cribadas pola Xunta. E nós poñeremos obviamente en relación co ámbito local. Xa está falado unha parte co ámbito local, ten que seguir todo a súa tónica. O que estamos é trasladando directrices na nosa opinión, non impoñendo; non cremos no despotismo ilustrado, como outros si que parece.

Pero sería bo, señor Caballero, que ás súas argumentacións tamén lles puxera un pouco de métrica, que non coinciden. E vóullelo explicar. Cando algúns dos grupos —e vostede tamén— nos pide actuación sobre os autónomos, e hai algo tan significativo —e hai dous



grupos nesta cámara dunha maneira máis directa ou menos indirecta no nivel central— como que se requisan das comunidades autónomas fondos finalistas de emprego, son para iso, finalistas de emprego, finalistas de emprego, que, efectivamente, o propio presidente da Xunta avanzou que os poderíamos facer nosos, ¿para que? Non mo negará: para atender con cen millóns de euros todo o que é as políticas activas, pero que tamén permitirían atender este primeiro envite sanitario, o primeiro envite social e o primeiro envite de dinamización económica. Non obstante, a nós considérasenos menores e vén aquí o Estado centralista, que tantas veces se lles achaca a outras partes —*dígase en su vertiente más jacobina*—, e resulta que queda con eles. Como comprenderán vostedes, esta é a teoría de Robin Hood. Non a podemos compartir, porque, en primeiro lugar, non somos ricos e, en segundo lugar, era un recurso finalista pero propio das comunidades autónomas. Non veñan negar a maior. E moito menos coas excusas que dan determinadas responsables máximas a nivel central dicindo que iso tiña que ver coa pouca execución deste tipo de fondos. Haberá execución maior ou menor. E, por certo, estes fondos, como tales fondos finalistas, teñen un carácter reincorporable, é dicir, non se perdían. Entón, verdadeiramente estamos, por ser educado, medianamente enganando.

Pero non me negarán tamén que nesa unidade que se provoca nestes momentos houbo fases aquí, señor Caballero, en que a todos nos gustaría estar. Todos estabamos de acordo en que eran 700 millóns de euros que nun determinado momento no mes de agosto se debían á comunidade autónoma, dos cales unha parte importante chegaron o penúltimo día hábil en algo que daquela non se podía facer. ¿Lémbrese, señor Caballero, cando dicía que non se podían actualizar as entregas a conta en base a determinados informes xurídicos da Avogacía do Estado? O tempo que se tardou en desdicir.

Volvo repetir: faltan á comunidade autónoma 204 millóns de euros, e 170 polo cumprimento. Se así os sumamos, case 375 millóns de euros, comprenderían vostedes que algunha das cuestións que foron adiantadas por algún membro doutros grupos tería moi pouco sentido. Poderíamos estar axudando na magnitude que nos gustaría —que ideas temos suficientes—, pero debemos de traballar non con sobrefaces, senón sobre cuestións certas ou o máis certas posible.

Por certo, señor Caballero, cando vostede fai referencia ao anticipo, á parte do chascarrillo sobre o director de oficina ou o presidente do banco, hai comunidades autónomas gobernadas polo Partido Socialista ben aquí ao lado que o puxeron. Supoño que terán as mesmas oficinas bancarias tamén, ¿non? ¿E no Estado non hai oficinas bancarias? E, por certo, o que era o 1 %, o 1,5 % e nós o 0%, ¿resulta que iso tamén non é decisión? ¿E a decisión de avalar, que é onde verdadeiramente por iso entra a Xunta neste tipo de negocios xurídicos? Por favor, está a demostrar un certo nivel de impericia na xestión pública un pouco alarmante.

Polo tanto, non nos confundamos. Esa fase está superada, a fase de continxencia témola suficientemente ben dotada, que son outros 100 millóns de euros, faltan por considerar os 36 de millóns de euros que veñen a día de hoxe do Estado, máis outro tipo de cuestións, que son o acompañamento mínimo que nestes momentos temos, con todo activado, activados os servizos esenciais, sen afectación ningunha ao emprego, activada toda a contratación, activados todos os servizos, activada toda a obra pública.



E, aínda así, queda unha pequena marxe, porque na nosa estratexia a marxe do capítulo VI e VII vai en parte, xunto cos fondos que nos permitan reprogramar e os que poidan vir a maiores, dirixida a este plan de dinamización económica, plan de dinamización económica co que esperamos contar aproximadamente nunha ou dúas semanas, xa coa segunda e terceira entrega por parte dos expertos, que faremos nosa en boa parte, ou non, porque aos expertos non lles pedimos que nos digan o que queiramos oír. As medidas de liquidez son unhas medidas moi intelixentes, pero é que en toda a economía, tanto privada como pública, o principal problema que está habendo nestes momentos é a liquidez, porque a falta de liquidez se traslada á solvencia, e se esa solvencia se traslada ás institucións públicas poderemos non facer todo aquilo que queiramos e as empresas privadas poderán pechar. Esa é a consecuencia e iso non é a solución para o que estamos plantexando.

Polo tanto, nun horizonte temporal de non máis alá de dúas semanas, como moito tres semanas, teremos que empezar xa a segunda fase do plan de dinamización, que non é outra que a relación para co resto de administracións, sinaladamente coas administracións locais, sinaladamente cos interlocutores sociais, empresarios e traballadores, e especialmente tamén pasaremos por este parlamento, como non pode ser doutro xeito.

Porque —volvo repetir— non cremos no despotismo ilustrado. Por moi boas ideas que poidamos ter no acompañamento financeiro, somos quen de recoñecer a intelixencia universal e nesa bancada hai como mínimo tanta intelixencia coma nós; agora, poñámola unidos e non poñamos paus nas rodas, sempre coa mesma vara de medir. Polo tanto, esa é fase na que nos atopamos.

Debemos de mirar tamén un pouco ao que está pasando no noso contorno europeo. Son das persoas que creo que deberíamos de ser lixeiramente —iso si que é unha opinión persoal— máis atrevidos na formulación de recuperación económica que debemos de facer a nivel estatal, a nivel autonómico e no seu caso —oxalá— no nivel local. Creo que debemos de ser un pouco máis arriscados, porque cada semana que perdamos ou cada quince días que perdamos perdemos non tanto a activación propia como tamén a actuación de carácter comparado. Outras economías, a nivel mundial e sinaladamente a europea, estanse movendo. As nosas empresas non poden perder a competencia.

Todos vostedes coñecen que a demanda externa é un factor diferencial da economía de Galicia que non podemos perder, e débemolo incorporar canto antes, necesitamos esa incorporación e necesitamos tamén o apoio. E todos saben que, por moi grande que poidamos dar o apoio financeiro desde unha comunidade autónoma, a potencia e a parte das decisións fundamentais de condicionamento, pero non de coñecemento exacto da realidade, están no nivel central. Ten unha potencia financeira que ben quixeramos nós para nós. Máxima lealdade, por suposto que si, oxalá. Pero non podo compartir toda esta política —que me está gustando moi pouco, moi pouco, moi pouco— de recentralización que se adiviña nos últimos momentos.

Por suposto, en cuestións puntuais non vou entrar, porque non teño coñecemento do que se me pide. Si creo que, cando se refire a señora Pontón e tende a man —daquela xa lle digo que lin moi polo miúdo o documento que se me pasou xa hai un mes como mínimo—, cando fala vostede de tests masivos, de plan de rastrexo, de medidas para o persoal sanitario e de



máscaras gratuítas, eu creo que todas esas medidas, en boa parte, xa as estamos facendo. Seguro que os podemos ter. Cando estamos falando de tests masivos, oxalá os tiveramos, porque é o que estamos facendo. Cando fala do plan de rastrexo, fomos a primeira comunidade autónoma que está adoptando determinadas cuestións, hai determinados protocolos. *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, señora Pontón, para o persoal sanitario de residencias. A día de hoxe calquera parecido coa verdade non é parecido. Sen estar no óptimo, estamos camiño del. Cando vostede fala de mascarillas gratuítas, este goberno tamén é dos primeiros que actuou e para algo máis de setecentos mil galegos e galegas así o ten dotado nesta primeira cuestión.

Entón, polo tanto, por favor, sexamos quen tamén, á parte de tender a man, de tender o ton, as palabras, que creo que foi bastante bo en todas as cuestións.

E hai unha cuestión que, non por ser sempre a última, non é menos importante. Nas próximas datas, dado este coñecemento tan polo miúdo que temos da nosa realidade — como non pode ser doutro xeito —, houbo unha referencia moi interesante aquí a todo o ámbito do turismo e tamén ao ámbito cultural. Esperemos tamén que seguro que empezaremos dunha maneira máis acelerada e iremos completando este futuro plan de dinamización en dúas ou tres semanas que lles estaba eu comentado. Claro que si. Nunca nos esquecemos da cultura, nunca nos esqueceremos da importancia enorme que teñen os distintos subsectores e operadores dentro do ámbito de turismo, non o desprezamos para nada, como dalgunha intervención deducía eu que interpretou aquí determinada opción.

A opción tamén pola industria segue latente, é o que nos vai dar figura, das poucas cousas que en termos xerais quedan bastante ben na EPA, totalmente superada do día de onte. E esa mensaxe tamén que moitas veces trasladaban vostedes de que a industria tal... non, é das poucas cousas que parece ser que ía ben, pero todo iso é auga pasada polas borrallas.

O máis importante é que non imos parar, imos tratar de ir da man de todas as entidades, de todos os operadores, de todos os representantes, e, por suposto, do Parlamento, dunha maneira acelerada. Somos poucos, quizais un pouco máis pobres, pero coñecemos perfectamente a realidade, non nos tilden de máis tontos.

Moitas grazas e nada máis.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor conselleiro.

Na rolda especial de aclaración dos grupos, ten a palabra, polo Grupo Mixto, o señor Rodríguez Estévez.

*(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

**O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ:** Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, a crise do coronavirus puxo en evidencia a crise, a fragilidade do noso sistema económico e do noso sistema social, por dicilo aínda mellor, que é insostible. En Galiza



a saída da crise do 2008 non o foi para a maioría social, acentuáronse aínda máis as desigualdade, o nivel de emprego aínda non superou o do 2008 e xa vivimos un novo proceso de destrución de emprego a causa do coronavirus, que actúa sobre un fondo de precariedade laboral do que aínda non saímos, e a economía está máis terciada, e entón isto vai facer que o impacto sexa moito maior no noso país.

O traballo en Galiza non serve para saír de pobre, como aínda viña de confirmar o pasado ano o informe Foessa 2018, que cifraba no 12,3 % as persoas que, traballando, están en exclusión social. Neste contexto, neste tipo de emprego fallan os mecanismos de protección social tradicionais e están fallando aceleradamente con esta crise aínda máis. Este informe Foessa alertaba de que case trescentas mil persoas do noso país se atopan sen colchón económico e totalmente vulnerables ante unha crise. Estámolo a ver agora. Onte mesmo alertaba a presidenta da Rede Galega contra a Pobreza; dicía que o primeiro impacto da pandemia é brutal, tumbou a quen comezaba a erguerse tras a anterior crise económica e deixou sen ingresos os que vivían ao día.

Podemos deternos na última enquisa de poboación activa, como sinala a propia CIG, que reflicte un preocupante incremento do número de fogares con persoas activas nos que están todas desempregadas, todas, cunha medra que o secretario xeral de Emprego cualifica de desmesurada, xa que pasou de 52.300 a finais de 2019 a 57.200 neste trimestre.

Así pois, é urxente actuar con medidas como moitas das expostas polo comité de expertos económicos que nos enviaron onte, coas que moitos concordamos. Non podemos basear recuperación en créditos e débeda, volvemos ao problema de raíz que nos pasou no ano 2008. Debemos de apostar por axudas directas ao tecido social, aos autónomos e autónomas, ás pemes, que son parte esencial da nosa economía. Estamos no momento en que cómpre un plan de choque directo, temos que compensar con fondos, con diñeiro en efectivo, as persoas e pemes que deixan de ter ingresos ao tempo que teñen que seguir afrontando pagos.

A Xunta puido ter activado axudas a autónomos e pequenas e medianas empresas. Xa se dixo aquí. Non se fixo, está dentro das súas competencias e outras comunidades autónomas si que o fixeron. Por certo, necesidade de liquidez, cero, recoñecida no propio informe que aínda onte nos trasladaron os grupos.

En Galiza temos que ter en conta, con máis forza aínda que no resto do Estado, a situación de miseria de moitas persoas pensionistas. Para un terzo dos fogares galegos os únicos ingresos proceden destas prestacións públicas, un terzo de todos os fogares galegos. Do único do que se fala de pensións no documento achegado onte é permitir o rescate de plans de pensións sen penalización, pero o groso do asunto é outro, que temos as segundas pensións máis baixas do Estado.

A vivenda é un dos elementos que máis vulnerabilidade social provoca, a carencia dunha vivenda axeitada, os elevados prezos dos alugueiros. Pensamos que debe ser un eido esencial das políticas, todo o contrario que se fixo desde a Xunta de Galiza nos últimos dez anos.



Así pois, temos que actuar e hai que aplicar un plan de choque ante as consecuencias económicas do coronavirus, pero para nós as medidas de choque económico ante o impacto da crise da covid teñen que partir dunha corrección radical das políticas da Xunta do último decenio, desterrando as normas de contención de gasto e mudando a súa política fiscal, favorecedora de grandes fortunas e patrimonios. Sei que aí nunca imos estar de acordo.

De feito, coas modificacións tributarias para o ano 2020, como xa lle sinalamos a vostede mesmo cando presentou aquí os orzamentos, a Xunta seguiu coa súa aposta pola desigualdade fiscal, recortes por baixo e beneficios por riba, e nós negámonos a aceptar, habendo necesidades sociais como hai, necesidades educativas ou sanitarias que a día de hoxe non están cubertas, que se fagan agasallos fiscais a quen máis ten.

E por iso reiteramos todas as medidas que se propoñen tamén a partir dunha revisión radical das políticas da Xunta, entre outras na materia tributaria. Nas propostas achegadas pola Consellería de Facenda, na parte do comité de expertos, concordamos, por suposto, en todo o que signifique axilidade administrativa. Trasládase que os préstamos do Igape deben adaptarse ás particularidades de cada sector económico a través das liñas específicas —concordamos— e debe prestarse especial atención a como reorientar o turismo, a como reorientar a hostalaría, ou os citados anticipos que veñen neste propio informe da PAC, da parada biolóxica do marisqueo.

O sector primario —algo que temos que aprender nesta crise— ten que saír reforzado, porque...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ:** ...podemos aproveitar a situación para reforzar as nosas produtoras de proximidade e de calidade.

E remato. Pensamos que cómpre, en definitiva, pasar polo público para rescatar o común da xente. Cómpre que non suceda como pasou no ano 2008 e que se imponha a lóxica financeira da Unión Europea. Aproveitemos esta situación para un pacto nacional galego a prol da investigación pública, da industria propia a través da aposta pola produción agrogandeira de proximidade...,

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ:** ...un pacto nacional que non só teña en conta os expertos económicos escollidos polo Goberno senón toda a sociedade civil galega.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Rodríguez.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Pontón Mondelo.

*(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*



**A señora PONTÓN MONDELO:** Moitas grazas, presidente.

A verdade, conselleiro, é que saio máis preocupada deste debate do que entrei nesta sala. E teño que dicilo, que saio máis preocupada, en primeiro lugar porque comprobo que para o Partido Popular é normal ter un presidente ausente no medio dunha crise coma esta, que leva comparecido vinte e unha veces ante os medios de comunicación e só unha vez no Parlamento de Galiza, porque demostra o desprezo por esta institución. Segundo, porque a Xunta de Galiza pois non ten propostas de fondo e dá a sensación de que enfoca isto desde unha certa frivolidade. E, en terceiro lugar, porque, no medio dunha pandemia destas características, que tivo un custo en vidas humanas tan importante e que, ademais, deixa unhas consecuencias como é unha crise que pode levar por diante case o 8 % do noso produto interior bruto, e ante a que a Xunta de Galicia vén aquí dicirnos que todo está ben e nós que estamos mellor que os demais, nós o que lle preguntamos é se realmente vostede cre que pode dicirlles aos autónomos e ás autónomas deste país que están mellor que outros que teñen axudas directas por parte dos seus gobernos autonómicos; dígalles que estamos mellor. Preguntámonos como poden dicirlles aos mozos e ás mozas deste país que estamos mellor cando onte vimos como a metade do emprego que se destrúe é precisamente entre a mocidade e faino, ademais, nunha proporción maior que a media do Estado. Ou ¿como pode dicirnos que estamos mellor preparados para enfrontar a crise económica cando o único proxecto que tiña a Xunta para o ano 2021 era, precisamente, o ámbito turístico, que vai ser un dos máis golpeados por esta crise, e padecemos o desmantelamento económico e industrial deste país, onde claramente vostedes apostaron por un modelo que é un modelo de servizos e non por un modelo produtivo? E está claro que se algo nos deixa esta crise en certo é que necesitamos producir e que hai que retomar a capacidade produtiva do país.

E, desde logo, non podemos aceptar que nos digan que estamos mellor desde o punto de vista do Estado do benestar. Eu escoitábao a vostede e o portavoz do Partido Popular e víñanme á cabeza os terraplanistas, os que negan que a Terra sexa redonda e defenden que a Terra é plana. Porque dicir que os recortes en sanidade, en educación e en servizos sociais non existen ten a mesma credibilidade que dicir que a Terra é plana. E non poden negar a evidencia.

Si, si, porque é que ou nos menten nos orzamentos ou cren que a xente deste país non ten memoria e que é parva. Houbo un desmantelamento brutal da sanidade pública. Hoxe temos a atención primaria no chasis, ten menos recursos a atención primaria hoxe que hai once anos, e o que sabemos é que, para enfrontar a crise do coronavirus, agora é importante ter un sistema de atención primaria que sexa capaz de enfrontar o que vén por diante, e hai que reforzalo, igual que hai que reforzar a atención hospitalaria no que se refire á dotación de medios, á dotación de recursos e á dotación de persoal. Porque está claro que, ao longo deste tempo, vostedes actuaron recortando nese ámbito. Esa é unha verdade como unha catedral. Penso que xa non merece a pena nin seguir perdendo demasiado tempo nesta cuestión, pero é que me asombra que utilicen esta crise para seguir coas súas mentiras e coa súa propaganda.

Preocúpame tamén que neguen o grao do problema que existe nas residencias de maiores. Claro que houbo problemas graves de xestión, por certo, que tiña que vir o presidente ex-





plicar nesta cámara. Porque o 46 % dos falecementos que se produciron nesta crise foron, precisamente, nas residencias. E a Xunta actuou tarde e mal.

Seguimos tendo denuncias de mala xestión, por exemplo en Celanova, onde se fixo algo tan grave, ocultado pola Consellería de Sanidade, como enviar unha persoa que estaba no hospital de novo para a residencia, sabendo que era un positivo de covid, e, en vez de intentar solucionar o problema, o que fixeron foi negalo.

Seguimos tendo esas residencias sen intervir e sen o persoal sanitario que se necesitaría e está claro que non hai nin os suficientes equipos de protección nin os protocolos claros, nin hai unha actuación que poida o Goberno dicir que se fixo ben, porque en materia de residencias fíxose —quero dicirlllo— mal; se non, teríamos unha situación ben diferente.

Vén vostede aquí tamén queixarse de que o Estado lles confisca os recursos, e nós sempre lle dicimos e o animamos a que lle reclame ao Estado todos os recursos que lle corresponden a Galiza, pero vostedes nin tan sequera foron capaces de reclamar pola vía xudicial os cartos que xa con anterioridade dicían que nos adebedaba o Estado.

E o que máis nos preocupa é que vostedes critican que o Estado lle confisca recursos a Galiza pero logo defenden o modelo centralista que permite que lles confisque eses recursos. ¡Se vostedes defenden un modelo onde o Estado é quen recada todo, non defenden que Galiza teña capacidade tributaria propia e capacidade de recadación! Non, non, é que defenden ese modelo e aquí o único que están facendo é política partidista.

E, por último, eu tamén lle pediría, señor conselleiro, un pouco de rigor. Si, agora estamos nun momento que é un momento moi delicado, que é o do desconfinamento. E, se o desconfinamento non se fai ben, pode botarse por terra todo o que conseguimos ao longo destes meses. E iso ten consecuencias graves, no sanitario, que é o que máis nos preocupa agora, porque hai que salvar vidas e cada vida é fundamental...,

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...pero tamén nos preocupa —e remato— no económico.

E eu o que lle digo é que a Xunta non está facendo os deberes en materia do plan de desconfinamento, porque, se os fixera, podería vostede saír aquí e dicir que hai garantías de que vai haber todos os tests que se necesitan e que se van facer de maneira masiva, a empezar nos centros de atención primaria, como está pedindo o persoal. Diría que hai máscaras gratuítas para toda a poboación, non tres para os máis necesitados, máscaras gratuítas para toda a poboación...,

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...porque sabemos que esa é unha medida eficaz para evitar que o virus se poida propagar e que teñamos que volver pechar a actividade económica. Esta é unha cuestión moi importante...



**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón. Terminou o seu tempo. Grazas.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...e lamento dicirlle que... (*A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón. Terminou o seu tempo. Moitas grazas.

Grupo Común da Esquerda, señor Sánchez.

(Pausa.) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Ben, señor conselleiro, isto non é un debate académico. Realmente estamos falando das persoas e das súas necesidades, e non o parece vendo as súas intervencións, que esquecen por completo falar de todos os casos que precisan de axuda do sistema público. Esquéceas para disfrazalo dunha suposta ortodoxia —neoliberal, evidentemente— que si que afecta as persoas pero que non se pode dicir directamente.

E despois, por outra banda, tivo unha contradición evidente. Vostede na primeira intervención dixo que Galicia estaba mellor preparada que ninguén para afrontar esta crise, e a nivel orzamentario e económico. E, en cambio, para xustificar que Galicia sexa das poucas comunidades autónomas que non dá axudas directas aos autónomos —das poucas—, vostede queixouse de que o Estado lle detrae ou non lle dá os ingresos que vostede cre que lle corresponden a Galicia. Xustificouno, dixo: se houbera eses cartos, poderíamos atender mellor esas necesidades. Claro, cando iso coincide con que hai outras comunidades autónomas que xa deron —a maioría— axudas directas aos autónomos, quere dicir que Galicia, entón, non está tan ben preparada para axudar a xente como outras comunidades autónomas ou o seu Goberno non ten esa sensibilidade social. Porque outras comunidades autónomas, de todas as cores, fixeron as axudas directas aos autónomos e non pararon de tomar medidas a nivel sectorial. No sector turístico, a varios niveis; das grandes empresas menos, pero das microempresas hai varias comunidades autónomas que sacaron axudas. No sector cultural, grande reactivación do sector cultural; varias comunidades autónomas, hoxe vénme á cabeza Cataluña. No sector agrario, pesqueiro e alimentario, hai cinco días publicado no *Boletín do País Vasco*. Etc., etc.

Nada diso fixo o Goberno galego. As medidas que vostede anunciou xeneralizáronse practicamente por todos os gobernos, como é de sentido común, evidentemente. Pero, ademais diso, activáronse outros plans moito máis ambiciosos que o do seu Goberno —e iso que era o campión e o que estaba mellor preparado—.

Falou vostede de residencias. Vostede é un responsable público dun goberno. Queremos saber se, ademais da asunción de responsabilidades necesarias por chegar a esta situación e polos incumprimentos reiterados da normativa, das ratios de persoal, denunciados incluso polo Consello de Contas —que diso falaremos e xa temos falado—, ademais da asunción de responsabilidades, vostedes sacaron algunha conclusión do que pasou, porque os datos cantan e son claros. Unha persoa que estivese nunha residencia privada neste país tiña moitas máis probabilidades de infectarse e de morrer polo coronavirus que nas residencias públicas, simplemente porque se cumpren mellor as ratios na xestión directa.



E, polo tanto, nós propoñemos que se aposte por un modelo de xestión pública directa no futuro. Queremos saber que pensa diso o Goberno galego ou se pensa que é mellor seguir dándolles negocio aos fondos voitre ou ás empresas amigas.

Vostede tamén falou da estabilidade laboral, e escusouse na taxa de reposición. Pouca credibilidade ten un representante do Partido Popular cando vostedes mantiveron a taxa de reposición e son grandes responsables da arquitectura da austeridade. Pero é máis: ¿ten que ver coa taxa de reposición que vostedes quixeran rescindir os contratos de enfermeiras porque se estaba baixando o traballo nos hospitais? Non ten nada que ver. Ese era o *modus operandi* que fai que moitas destas profesionais denunciem que teñen contratos por hora, por días, que non teñen vacacións e que levan dez anos traballados, por exemplo, e cinco cotizados. Iso é o que estamos preguntando, se imos rematar con iso. Nós poñemos que hai que rematar con iso. E, para iso, evidentemente, fan falta outras políticas fiscais. E vostede fala de que non se pode falar de impostos, porque noutros sitios o fan igual ou peor.

Vostedes incrementaron de 400.000 euros a 1.000.000 de euros o último ano as reducións no imposto sobre sucesións e doazóns. Esa é unha decisión política. ¿Vana reverter para ter máis recursos para atender as residencias de maiores ou os hospitais ou a atención primaria, que tamén recortaron nun 7 %? Iso é ao que ten que contestar, sexan máis ou menos importantes.

Porque noutros ámbitos vostedes fixeron unha reforma fiscal, en 2014, que consistía na redución dos tramos da tarifa do IRPF, que beneficiaba os tramos máis altos e que era autenticamente regresiva. Fixeron tamén unha reforma fiscal no que atinxe ao imposto de sociedades, etc., etc., beneficiando os que máis teñen. E, polo tanto, iso é do que cómpre falar tamén para o futuro.

En canto aos sectores máis prexudicados, tanto no informe do comité de expertos como nas súas medidas esquécense desas persoas. Xa falamos dos autónomos suficientemente. De vivenda, iniciativas insuficientes de vivenda, nin sequera o Instituto Galego da Vivenda e Solo exonerou do pago das rendas do parque público de vivendas. Ou, por exemplo, de reforzar unha renda mínima para aquelas persoas que quedan sen ningún tipo de ingresos —que as hai, máis ou menos, pero hainas—. E vostede non enunciou ningunha medida.

En resumo, cremos que vostedes seguen no mesmo vieiro, non teñen un plan de reactivación xusto para unha saída xusta desta situación e que cómpre dar eses debates para o futuro.

Moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Sánchez.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Caballero.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

**O señor CABALLERO MÍGUEZ:** Señor presidente, grazas pola palabra.



E quérólles pedir a todos os grupos parlamentarios, e tamén á Presidencia desta cámara, que defenda o bo nome dos deputados e deputadas desta cámara parlamentaria. Non caiamos nunha liña de acción política que transborde certos límites. E ao igual que agradezo o ton das intervencións do conselleiro e do voceiro do Partido Popular, pídolles tamén que chamen a filas os seus deputados que, mentres están transcorrendo esta sesión da Deputación Permanente, publican en redes sociais que nesta sede se están facendo intervencións que insultan as vítimas da covid.

Son límites que non podemos permitir, señor presidente da Cámara. Vostede preside esta Mesa e sabe que cando hai unha extralimitación chama á orde para que non se produza. Vostede é testatario de que nesta Cámara parlamentaria non se falla ás vítimas da covid. Fago un chamamento á Mesa e a todos os grupos para que non se extralimiten eses límites, á vez que recoñezo o bo ton e a actitude do voceiro do Partido Popular e do conselleiro de Facenda. E quero dicilo porque hai que construír entre todos unha resposta, con diferenzas, que as temos e as imos seguir tendo. Alí onde haxa que plantexar alternativas, plantexarémolas. Nós temos unha visión distinta á do Partido Popular, pero non permitan, señores do Partido Popular, que a ultradereita e os bulos se poidan adueñar da vida política de Galicia. Retiren as actitudes de Vox daqueles deputados das súas filas que están extralimitándose no que é o debate, a confrontación e a crítica política, e pídollo para construír unha Galicia de futuro cun ambiente construtivo.

Quérollo dicir á vez con críticas ao que escoito e tamén coa man tendida ao que hai que facer; a man tendida á Consellería de Facenda para tomar todas as medidas de liquidez que sexan necesarias, tamén para saber se van abondar e profundar nas medidas que o informe de expertos de liquidez plantexa. Hai medidas de fortalecemento do Igape, hai medidas de aumentar os fondos para liquidez; imos ir nesa liña, conten co noso respaldo para facelo. Conten tamén coa nosa demanda de que esas axudas a empresas, a determinados organismos privados e a determinados autónomos non vaian soamente para dar axudas á liquidez, senón que vaian tamén, se é necesario, para facer investimentos, para reconstruír o futuro.

E, a partir de aí, eu quero facer unha análise da situación. Nós temos unha visión de que en Galicia falta política económica, e cando o conselleiro di que dende a súa perspectiva persoal habería que atreverse a ser máis arriscado, nós lle dicimos que se atrevan, que fagan política económica, que abandonen a inacción e o compoñente facendístico. Eu sei que isto extralimita as competencias intrínsecas da súa consellería, pero plantexen unha folla de ruta moito máis ampla, moito máis potente, moito máis capaz. Cando eu digo que hai unha situación interina, é porque este Parlamento ten unha situación interina, e dígoo para o Goberno e o dígoo tamén para os líderes dos distintos partidos políticos. O señor Puy di que el xa ten unha visión e que cre saber o que van poñer os galegos e galegas no futuro. Evidentemente, hoxe todos somos interinos. Ao mellor algúns deixamos distintas posicións interinas e cambian as distintas posicións. Pero, sexa cal sexa o resultado electoral, cando haxa eleccións en Galicia —que non sabemos nós cando serán—, haberá que construír o futuro en clave cooperativa e en clave leal, en clave de acordos sociais, políticos e territoriais. Hoxe toca atender o inmediato, e o inmediato está sen atender.

Vostede, señor conselleiro, sinalaba que non houbo recortes en materia sanitaria. Houbo moitos recortes, en once anos recortes acumulados inmensos, e aínda vostede, que tamén



ten formación facendística e económica, sabe ben que se actualizamos os investimentos en sanidade do ano 2008 e do ano 2009, aos termos dos prezos existentes na actualidade, o desglose e o nivel de recortes é aínda máis evidente.

O Partido Popular, en once anos de goberno en Galicia, implicou recortes na sanidade pública galega moi importantes. O Partido Popular abondou nunha liña que non era a liña do fortalecemento do escudo social, e por iso, cando nos di Pedro Puy que hai que poñerse o chubasqueiro, eu dígolle que hai que poñer o chubasqueiro e que hai que abrir o paraugas da protección social, e temos a impresión de que o Goberno do Partido Popular non usa paraugas da protección social ou ben porque non sabe que existe ou ben porque non o sabe usar axeitadamente. Polo tanto, cremos que hai que reconstruír toda esa liña.

Falabamos da métrica. A min gústame tamén falar da métrica. Miren, vostedes din que en determinados orzamentos, en determinadas partidas, Galicia deixou de ingresar 100 millóns de euros. E xa lle dixen que o propio presidente da Xunta de Galicia, en rolda de prensa o 22 de marzo, sinalaba que era fundamental redimensionar os fondos finalistas para políticas de emprego a outros tipos de fondos. Decía textualmente o presidente da Xunta: «*Aqueles fondos finalistas adicados a políticas de emprego poden adicarse tamén a políticas sanitarias, políticas económicas e políticas sociais*». E o que fai o Goberno de España é o seguinte: con 225.000 galegos recibindo ingresos mensuais a través dos ERTE cos fondos públicos do Estado e con 56.000 autónomos recibindo prestacións mensuais cos fondos do Estado, o Goberno de España xa aportou en ingresos diarios aos galegos e ás galegas máis de 300 millóns de euros ao mes.

Esa é a prioridade social do Goberno do país, conseguir, nunha situación tan crítica, reordenar os fondos, e agora hai que facelo en Galicia. Por iso en Galicia haberá que reorganizar todos os orzamentos, que eran uns orzamentos previos á crise, para un novo escenario, e iso é moito máis que o que lle dicía, que é intentar dar os anticipos para unhas determinadas nóminas, que é algo que pode facer un director de oficina bancaria, calquera director. Nós —vostede, eu...— temos amigos que son directores e que o fan habitualmente. Non son nin tan sequera necesarios préstamos, son necesarios anticipos a ingresos mensuais...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor CABALLERO MÍGUEZ:** Por iso, señor conselleiro, pedímoslle que incentive todas as políticas do inmediato na continxencia, que ten todo o respaldo para facelo e a nosa lealdade para contribuír, pero que redimensione a política económica para facelo pensando na xente, con máis sanidade pública, con máis investimento, con máis gasto público. Utilice todos os instrumentos de autogoberno galego para axudar a Galicia, aos autónomos, aos traballadores, ás familias e aos que están no desemprego a recuperarse, a non parar a súa vida de forma permanente e a reconstruír o país en clave de servizo a Galicia.

Contará coa lealdade do PSdeG neste momento dun goberno interino, pero teremos sempre a man tendida para construír un gran acordo de país para o medio e para o longo prazo.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Caballero.



Tomo boa nota do que vostede me dixo, pero entenderá que eu hai cousas que non son capaz de controlar; ata aí non chego. Agora, isto tamén é un labor de todos vostedes. Vostedes son os que, en realidade, poden respectar o honor de todos os deputados. Entón, eu o que lle pido é que o fagan. Eu non podo chegar ao que se escribe ou ao que non se escribe. Iso vos-  
tede entédeo.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor Puy Fraga.

*(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

**O señor PUY FRAGA:** Moitas grazas, señor presidente.

O presidente da Xunta —que, como saben, xa compareceu nesta Cámara— vai ser o cuarto —paréceme— presidente autonómico que compareza dúas veces dende que comezou o estado de alarma, porque, como xa saben, rexistrou esta mesma mañá a súa petición, e probablemente o que dicía a Mesa se substanciará a semana que vén. Hoxe, como saben, está facendo algo que non é menor, que é interpretar todas as normas de desescalamento que onte fixo públicas o Goberno. Eu confío en que os galegos teñan unha explicación máis convincente e máis clara que a que recibiron onte por parte doutras autoridades.

Certamente, señor Caballero, todos estamos interinos, e precisamente se algo nos trae a covid á memoria é que o primeiro lugar onde estamos internos todos é na propia vida. Pero vostede sabe perfectamente que, cando se di que o presidente está en funcións ou está interino, está referido a un estado que non é o correcto. Igual que non lles gusta que se vulnere ou que se fale da lexitimidade do presidente do Goberno de España, pois comprenderá que nós tamén fagamos unha referencia a que temos un presidente absolutamente lexítimo e democrático, investido pola maioría, que se presentou a unhas eleccións e que segue exercendo todas as súas funcións.

Con relación ás redes, eu teño que recoñecer que non son nada afeccionado ás redes, e tamén lle podo garantir que nós non encargamos a ninguén que minimize as críticas contrarias ao Goberno da Xunta nas redes. Dito isto, cada un é responsable do que pon nas redes, e teña por seguro que algúns, precisamente, non estamos nas redes porque cremos que introducen factores de distorsión. Certamente, estou seguro de que se hai algún comentario que non é apropiado será desculpado.

Nós vimos, en todo caso, falar do que hai que falar, da actuación da Xunta no ámbito financeiro público. Este é o primeiro debate —que eu recorde como portavoz xa un pouco veterano en materia financeira— en que ao conselleiro non se lle cuestionou unha cifra; todas as mensaxes foron xenéricas e máis ben, digamos, de bos desexos.

Certamente, a oposición ten dereito a facer o que queira, de feito, aquí hai unha oposición, algo que non é propio das repúblicas bananeiras, pero tamén é certo que nos réximes democráticos, cando hai un debate financeiro, se fala do que hai que falar; non se fala de bananas nin, por suposto, se fala de cuestións que non son obxecto do debate.



Algúns traen o debate das residencias, que xa tivemos, porque tamén compareceu a conselleira de Política Social, e esquecen as responsabilidades que asume o seu propio grupo, que non asumiron, porque foi unha deixación de funcións en relación coas residencias.

Outros veñen falar do cupo, e aquí vemos que, efectivamente, hai nacionalistas e nacionalistas. O outro día, o día 9, o señor Esteban, no debate que houbo no Congreso para a prórroga do estado de alarma, dixo literalmente: «*El Estado se ha quedado muy pequeño*». E o que di é que falta dimensión para ser autárquico e que a solución está en Europa. Ben, certamente, nós, incluso con nacionalistas que defenden que a solución está en Europa e que o estado é pequeno, estamos moi de acordo.

A Xunta actúa con lealdade, tanto no que se fai como no que solicita a outras administracións. E déixoo aquí e comparto plenamente co señor Sánchez que a nosa preocupación deben ser as persoas e as súas necesidades. Eu preguntome se non pagan impostos locais as persoas galegas, ou non sofren as persoas galegas as consecuencias dun recorte de 100 millóns de euros para as partidas de formación.

Nós pensamos, certamente, que estabamos mellor preparados e que tiñamos paraugas, tamén social. A Risga foi unha das primeiras rendas de integración social que se fixo no Estado, e fíxose cun goberno do Partido Popular, e a Risga, como todos sabemos, son partidas con créditos ampliáveis e, polo tanto, ningún galego, se ten dereito e necesidade de obter a Risga, vai quedar á marxe desa retribución.

A Xunta fixo o que tiña que facer, que é dar liquidez, un fondo con 1.800 millóns de euros, facilitar pago a provedores e aprazar as débedas tanto dos créditos que tiña concedidos, as amortizacións, como dos impostos e das taxas que xestiona. Facilitou o financiamento ás pemes, deu liquidez ás familias cos avais, investiu ou promocionou o investimento, axilizou o investimento por máis de 1.400 millóns de euros e está a traballar no futuro cos expertos para despois debatelo coas forzas sociais e cos partidos políticos desta Cámara.

Pero, igual que fai iso, exige coa mesma lealdade a outras administracións que tamén traballen. A min chámame a atención que neste debate non se fixera ningunha alusión ás cuestións que o Goberno —no que todos os grupos da oposición participan, agás o Grupo Mixto—... Chámame a atención que non se fixera ningunha alusión nin se dera apoio a algunhas cuestións que está a plantexar o Goberno galego en materia estritamente financeira.

¿Están vostedes de acordo con que a Xunta demande un fondo non reembolsable adicional ao sistema de financiamento autonómico, como está o Goberno de España pedindo a Bruxelas, si ou non? Nós si estamos a favor. ¿Están de acordo ou non con que se amplíen e se flexibilicen os programas europeos para canalizar, a través das comunidades autónomas, esas axudas, si ou non? ¿Están de acordo con que se trasladen ás comunidades autónomas as vantaxes do financiamento de débeda pública europeo, si ou non? ¿Están a favor de que as regras de estabilidade non teñan en conta o gasto pola covid, si ou non? ¿Están a favor de que o Estado axilice a devolución dos 300 millóns de IVE xa pagados, pero que teñen que devolverlles aos contribuíntes galegos polo IVE, si ou non? ¿Están a favor de axilizar a Axenda 2030 da UE e o Pacto Verde Europeo como panca para crecer nas comunidades au-



tónomas, si ou non? ¿Están a favor ou non de que se lle aboen á Xunta as cantidades pendentes polo IVE do ano 2017, os 200 millóns de euros, si ou non?

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PUY FRAGA:** ¿Están a favor ou en contra de que se reteñan 100 millóns de euros de formación para o emprego á Xunta, si ou non?

Nós estamos a favor de todo isto, e por iso apoiamos o Goberno, e entendemos que as forzas políticas que piden cooperación, e que ademais forman parte do Goberno de España, teñen unha magnífica ocasión de apoiar e acompañar a Xunta nestas cuestións.

Señorías —remato, señor presidente—, estamos nunha crise excepcional, abrupta, á vez da oferta e da demanda, pero que tamén temos que saber aproveitar para o futuro —reaccionando curto, pero para o futuro— con intelixencia, para facer investimentos que promovan cambios a mellor coas novas tecnoloxías por diante, co respecto ao medio ambiente e con outros ámbitos de investimento público. Dende logo, nós continuaremos a traballar niso.

Moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Puy.

Para o peche desta comparecencia, o conselleiro de Facenda.

*(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

**O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García):** Grazas de novo, señor presidente.

Respecto do grupo de expertos, como lle dicía antes, era unha gran axuda nesa composición global que temos, a primeira, por inmediata, como está facendo calquera economía avanzada, ten que ver co motivo da liquidez, tratando de que se traslade a solvencia ás empresas e no seu momento ao emprego. Por iso é tan importante o tema da liquidez.

Obviamente, aí a próxima evolución, e en menos de días coñeceremos o que é o segundo gran enfoque que lle pretendemos dar e que nos acompañe o grupo de expertos, ten que ver co ámbito laboral e co ámbito dos ERTE —ese é o segundo subgrupo que se está creando—. E, ao mesmo tempo, estamos falando de solvencia das empresas. Debemos de asentir a solvencia das empresas para que as actuais empresas máis a evolución que poida haber no futuro teña unha incidencia enorme sobre o nivel de emprego. Porque non hai mellor política social que un volume de emprego digno, elevado e con retribución suficiente para a inmensa maioría da xente ou para toda a xente que queira traballar. Esa é a mellor política social.

E hai, por penúltimo, en relación tamén co grupo de expertos, medidas de dinamización económica. Todos coñecemos a nivel comparado o que está sucedendo. O que pretendemos é entre as súas ideas, as nosas ideas —á parte do que fomos implementando durante estas últimas seis semanas—, tratar de chegar a un consenso; todo isto nun horizonte de dúas ou





como moito tres semanas. E todo isto enmarcado nos distintos escenarios: nun escenario central e en dous escenarios alternativos —esperemos—. ¿Para que? Para analizar e canalizar o noso coñecemento tan grande que temos no nivel sectorial que hai en Galicia.

E no tema da solvencia non quixera esquecer de que o primeiro que temos que facer é cientificamente contrastar, en principio, a capacidade de resiliencia que teñen os operadores económicos e os distintos subsectores. Porque estamos atopándonos con algunha incoherencia nas primeiras aproximacións que estamos facendo no nivel sectorial. Chama moito a atención que a nivel sectorial o impacto que eu pretendía —intuitivamente tamén teño que recoñecer— que fose ser menor, e nunha parte da industria pode ser incluso maior; estoume a referir a industrias de medio tamaño que tamén as hai. Entón, temos que acompañar todo isto cando nos damos conta de que ante determinadas respostas non hai estímulos.

Prométoles honradamente, señor Caballero e señora Pontón, que procuramos aplicar a razón e a ciencia, normalmente ligada coa métrica, aos nosos razoamentos e que tratamos de fuxir do terraplanismo, señora Pontón. Porque igual que se nos tilda a nós de certo terraplanismo, eu podía tildar tamén a alguén de vostedes de non apartarse do libro de Bautista, que está bastante superado.

Dito isto, non hai nada mellor que poñer datos, señora Pontón, vostede que critica tanto o terraplanismo. Voulle dar un só dato, porque tamén fixo referencia —non no día de hoxe, pero si en épocas moi recentes— nesta sede cando compara o orzamento de primaria. Do orzamento de primaria soamente lle vou dar un dato, e despois espero que saque vostede a segunda conclusión. A primeira é que na receita farmacéutica que se paga por primaria no ano 2009 pagamos e o índice era 100, resulta que no ano 2019 o gasto foi do 75,5. Hai case 250 millóns de euros de capacidade de gasto e, sen embargo, tildasenos de terraplanismo.

Como de terraplanismo tamén —e isto vai común para todos— o tema da privatización, a privatización en sanidade. Resulta que no ano 2009 se o nivel era 100, agora estamos, peche do 2019, no 91,3; é dicir, temos 19,9 millóns de euros menos do que había no ano 2009, e aplíquelles o IPC que crea, sexa real, nominal, o que queira. E, sen embargo, seguimos erre que erre. Cada vez que lles poñemos métrica ás cousas, señora Pontón, señor Gonzalo Caballero, a verdade é que de terraplanismo nada, nin de cuestións parecidas.

Pero a min si que me gusta moito o ton do que acabo de oír; de verdade que o teño que recoñecer, porque —volvo repetir e humildemente llelo digo— non son das persoas que sempre cren que sempre temos razón. Pero tamén lles teño que recoñecer que a nivel persoal si que me rebela moito cando me tildan dun pouquiño máis tonto.

Creo que temos por diante semanas e meses complicados, nos que o reto é conseguir compatibilizar o control da pandemia do coronavirus coa necesaria posta en marcha de novo da nosa economía. Afortunadamente, a fase máis aguda da pandemia está superada, pero hai que ser moi cautos e prudentes. Coincido co que dicía alguén de vostedes, de que non estamos libres de que se poidan producir rebrotes. Para evitalos, a fase na que entramos agora, a desescalada económica, ten que ser segura, progresiva, dinámica e eficaz.



Cada administración coas súas competencias e responsabilidades temos que sumar e poñer o mellor de nós para asegurar unha coordinación e unha lealdade que facilite que este proceso cara a unha normalidade a partir de próximas datas sexa o máis seguro e áxil posible. Porque —como digo— logo de máis de seis semanas de confinamento entramos nunha fase que consideramos que é posible e é necesario con todas as garantías sanitarias compatibilizar e atrevernos para seguir loitando en salvar vidas, pero tamén tomar as medidas suficientes e rápidas de reactivación económica para salvar empregos e empresas.

É necesario que neste proceso reforcemos e axilicemos coma nunca os apoios e a axuda de todos os cidadáns, autónomos e empresas, que están pasando unha situación inédita e que teñen nas administracións uns aliados e non un atranco. E isto só o conseguiremos de verdade se nos mantemos traballando unidos e coordinados. É esencial. E o Goberno galego garante esta unidade e esta coordinación. Levámolo facendo dende que comezou esta pandemia e seguiremos sendo leais ao mando único do Goberno central, acatando o recorte de competencias temporal que nos impuxo, pero, ao mesmo tempo, reclamando coa mesma lealdade os recursos e a coordinación necesaria para que os efectos económicos e sociais desta pandemia, que todos asumimos e que serán moitos, sexan os menores posibles e, sobre todo, duren o menos tempo posible. ¡Atrevámonos!

Logo de escoitar os voceiros de todos os grupos parlamentarios, estou seguro de que todos estamos de acordo no máis importante, no prioritario. Se así o facemos, iso permitiranos afrontar as dificultades que teremos, seguro, nun futuro máis próximo que tardío, e seguro que teremos máis garantías de éxito.

Remato xa reiterando que este goberno fará todo o que estea na súa man para que os efectos desta pandemia sexan os menores posibles e para que a normalidade que se avexa se produza con maiores garantías e da maneira máis rápida posible.

E cun pouco máis de palabras tamén quería volver por onde empecei. Sempre a nosa lembranza para a xente que xa non está con nós, para a súa familia, e para todos os que o están pasando mal, ben pola directa cuestión sanitaria, ou ben por unha cuestión económica. A iso non nos gana ninguén.

Moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

### **Comparecencia da Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para dar conta das actuacións da Consellería durante a crise sanitaria provocada pola pandemia ocasionada polo covid-19**

**O señor PRESIDENTE:** Continuamos agora coa comparecencia da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

Ben, entón substanciamos xa a comparecencia.



Cando queira, señora conselleira de Medio Ambiente, ten vostede a palabra.

*(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):**  
Grazas, presidente.

Señorías.

Comparezo hoxe ante a Deputación Permanente do Parlamento co obxectivo de informar das medidas adoptadas polo meu departamento para facer fronte á situación motivada pola pandemia da covid-19.

Antes de nada, quero facer nesta cámara unha sentida lembranza a todas aquelas persoas falecidas por esta doenza e facer chegar o meu pésame aos seus familiares e amigos. O meu pesar e pensamento está con vós. Tamén quero enviar unha mensaxe de ánimo a todos aqueles que están loitando contra esta enfermidade e que día a día dan pasos cara á súa recuperación.

Nesta comparecencia gustárame explicar polo miúdo como estamos actuando no día a día dende a Consellería de Medio Ambiente, é dicir, como estamos actuando dende a Xunta de Galicia. Traballamos dende o primeiro momento, fixémoslo con rapidez e —entendo— tamén con axilidade. E coa vista posta no máis inmediato, que é atender as necesidades máis urgentes dos galegos e das galegas como consecuencia desta pandemia. Pero tamén mirando xa o momento posterior a esta pandemia sanitaria, co obxectivo de apoiar e poñer o noso gran de area para a reactivación paulatina galega e o benestar social.

Con esta finalidade estamos deseñando un plan de revitalización que impulsará a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda dentro do que son as nosas competencias. Estamos ante un completo plan que se enmarca dentro das actuacións de conxunto e resposta coordinada artellada polo Goberno galego ante a pandemia, para o que estamos traballando en varios eidos: dende a vivenda, ofrecendo axudas e solucións a familias e persoas que se atopan en situación de vulnerabilidade con motivo desta pandemia; o apoio ao sector empresarial, especialmente afectado por esta crise, que precisará de axuda e medidas de impulso para poder reactivarse; a ordenación do territorio, co favorecemento, na medida do posible, da recuperación e do impulso de actividades económicas mediante a simplificación dos trámites; a xestión eficiente dos residuos, que é fundamental, especialmente respondendo ás novas necesidades e tendo en conta a súa tipoloxía e tamén perigosidade, e a protección do noso patrimonio natural, con especial atención á xestión dos espazos protexidos e tamén á biodiversidade.

Como xa sinaléi ao inicio da comparecencia, traballamos dende un primeiro momento e tomamos medidas oportunas dentro das nosas competencias e tamén por responsabilidade. Como non podía ser doutro xeito, un dos primeiros focos de actuación foi o eido da vivenda, para que ningunha familia galega en situación de vulnerabilidade se puidese ver en risco de perder o seu fogar, tendo en conta a situación económica derivada deste momento. Deste



xeito, e tras unha primeira análise da situación, tomamos as seguintes medidas en materia de vivenda:

En primeiro lugar, aprazamos os recibos de alugueiro das vivendas de promoción pública e dos locais comerciais do Instituto Galego da Vivenda e Solo, e das vivendas que son titularidade de Xestur; é dicir, ninguén recibiu o seu recibo para o pago. Unha medida extraordinaria en materia de vivenda que está operativa dende abril e ata que se manteña o estado de alarma. Trátase dunha iniciativa que beneficia máis de tres mil cincocentas familias e inquilinos de corenta e dous locais comerciais, e que dá cumprimento ao establecido no artigo 3 do Real decreto lei 11/2020, aplicándose a todos os adxudicatarios sen necesidade de que o soliciten. Ten a particularidade de que a Xunta adoptou esta decisión o 20 de marzo, doce días antes de que se publicase o real decreto.

Neste período de alarma tamén decidimos ampliar as axudas do bono de alugueiro social e do bono para vítimas de violencia de xénero, coa asunción dende a Xunta de Galicia da cobertura do cen por cento das axudas mentres se manteña esta situación. Isto supón aboar a renda íntegra pola vivenda a todos os beneficiarios que contan con este programa, que son setecentos no día de hoxe e que supoñen un investimento de 100.000 euros ao mes. Ten como obxectivo minimizar o impacto económico e social da covid-19 nos alugueiros de vivenda habitual, dando garantías ao arrendador pero tamén dando garantías ao inquilino.

As axudas do bono de alugueiro social están convocadas en período e tamén se están facendo as solicitudes. De feito, o bono de alugueiro social, de carácter xeral, convocouse o pasado 3 de febreiro, e o bono destinado ás vítimas de violencia de xénero o pasado 8 de abril; en ambos os casos saben que os prazos se estenden ao longo de todo o ano. Trátase dunhas axudas que están dotadas de tres millóns de euros e que xa se están solicitando —como dixen anteriormente— un millón para bono ordinario e 2,05 millóns para vítimas de violencia de xénero, sempre ampliables.

E decidimos suspender os prazos de presentación de solicitudes de axudas de convocatorias polo IGVS, evitando os efectos negativos que tería o fin dos prazos en pleno estado de alarma. Pero continuamos tramitando con normalidade as axudas de alugueiro e rehabilitación, para as cales xa se presentaron as solicitudes.

Tamén estamos tramitando, co obxectivo de convocalas proximamente, as axudas extraordinarias ao alugueiro creadas no Real decreto lei 11/2020. Facémolo malia que o Goberno aínda non transferiu os fondos cos que se financiará esta axuda. Tampouco puxo á disposición dos cidadáns os préstamos avalados para o pago do alugueiro, malia que o real decreto indica que estas axudas se destinarán preferentemente ao pago dos préstamos concedidos para o alugueiro.

Ademais de pensar nas familias galegas que poden atravesar maiores dificultades, tamén nos situamos ao carón das empresas que están a sufrir un impacto por esta pandemia. Para iso aprazamos nos meses de abril e maio as rendas de alugueiro ou o dereito de superficie das parcelas situadas en polígonos industriais que son propiedade do Instituto Galego da Vivenda e Solo, e tamén de Xestur.



E realizamos nestas últimas semanas pagamentos de oito millóns de euros en concepto de axudas, certificacións e facturas, co que contribuímos deste xeito a paliar a dura situación que atravesan empresas e tamén particulares.

Por esta mesma razón continuamos, cando foi posible e coas medidas sanitarias necesarias, as obras de edificación e rehabilitación de vivendas e execución de parques empresariais. Traballamos en obras que suman un importe de preto de 24,5 millóns de euros. Concretamente, retomáronse un total de trece obras de rehabilitación que dan traballo a duascenas persoas nas localidades como Betanzos, Lugo, Vigo, Pontevedra, Salvaterra de Miño, Arteixo, A Pontenova e Santiago de Compostela, e en parques empresariais de grande importancia, como é o caso da PLISAN, Morás en Arteixo, A Pontenova ou A Sionlla en Santiago de Compostela.

Concedemos prórrogas e ampliamos os prazos dispoñibles para os adquirentes de solo empresarial de cara á implantación de novas actividades, beneficiando deste xeito duascenas trinta e nove empresas que teñen actualmente os seus proxectos en fase de desenvolvemento en Galicia.

O intenso traballo realizado pola Xunta en relación co solo empresarial contrasta co do Estado, xa que non se coñecen polo momento iniciativas deste tipo encabezadas por organismos como SEPE ou SEA para apoiar as empresas durante este difícil período. Demandámoslle ao Estado para que desenvolva o mesmo sistema que está a facer Galicia, e, polo tanto, non teñamos agravios comparativos entre as empresas que mercaron en polígonos que son propiedades do Estado e polígonos que son propiedade da Xunta de Galicia.

Outro dos novos escenarios que se abriu coa xestión da pandemia foi a xestión dos residuos, especialmente daqueles de tipoloxía sanitaria ou doméstica, pero relacionados coa pandemia. Para facer fronte a esta nova situación encomendamos a Sogama a xestión de preto de seis toneladas diarias de residuos sanitarios de baixo risco, principalmente máscaras, guantes e equipos de protección individual. Dotamos o complexo de Cerceda en tempo récord —quinze días— dunha zona específica para o seu pretratamento antes da súa valorización enerxética, a temperaturas de ata 850 graos, o que permite así a destrución de patóxenos e outros elementos nocivos. O obxectivo foi dar a estes residuos a mellor xestión posible, para o cal se contratou persoal específico externo, que se rexe por horarios distintos ao resto dos traballadores do complexo e conta tamén con vestiarios diferenciados para diminuír o posible risco de contaxio. Esta iniciativa supuxo un investimento de preto de seiscentos mil euros.

Tamén articulamos a través de Sogama a recollida dos residuos porta a porta nas residencias integradas de maiores dependentes da Xunta de Galicia. É o caso de Cangas, Vigo, Santiago de Compostela e Baños de Molgas. Os residuos son recollidos en caixas específicas e precintadas para ser enviadas a un xestor autorizado que a posteriori trata Sogama.

Ademais, nestas semanas Sogama reduciu o prazo de pago das súas facturas a provedores, pois pasou de trinta días a un máximo de dez días naturais; un prazo que se manterá ao longo deste 2020. E ata finais de ano Sogama realizará pagos e contratacións por importe



de 59,61 millóns, que se sumarán aos 71,32 millóns de pagos correntes da súa actividade. Polo tanto, Sogama mobilizará 130,9 millóns de euros.

Todo isto unido a novidades e iniciativas do eido medioambiental que reforzan o traballo. Deste xeito, mantivemos a capacidade operativa da Inspección ambiental, afianzamos o persoal dedicado á tramitación dos expedientes de autorización para a xestión dos residuos como garante dun servizo considerado esencial. Ademais, deseñamos un protocolo para o réxime de traslado dos residuos de carácter totalmente telemático e que lles facilita ás empresas desenvolver os traslados de residuos sen perder rastrexabilidade.

Elaboramos unha documentación técnica de apoio para a xestión de residuos domésticos e industriais potencialmente contaminantes. Todo isto pese á ambigüidade da orde emitida polo Estado para a xestión dos residuos procedentes de vivendas con positivos ou en corentena e de residuos sanitarios. Así llo fixemos saber todas as comunidades autónomas na única reunión telemática que tivo lugar coa ministra. Unha orde que non era clara, que deixa en mans dos concellos determinar a recollida dos residuos xerados, delegando neles toda a responsabilidade. Tivemos que lidar coa falta de concreción na xestión dos residuos e coa indefinición sobre o seu nivel de contaminación ou toxicidade. Algo que resolvemos grazas á solvencia do modelo Sogama e do seu equipo técnico e profesional, así como ao equipo técnico e profesional da Xunta de Galicia.

Nas últimas semanas tamén tomamos medidas dende o punto de vista de protección do patrimonio natural. Así, puxemos en marcha o Programa de voluntariado dos axentes medioambientais, para a vixilancia de camiños rurais e espazos naturais, co obxecto de garantir o cumprimento do confinamento. Estes axentes proporcionan apoio a persoas maiores ou con discapacidade en zonas rurais e con pouca poboación. En total, participaron neste programa sesenta e catro axentes. Gustaríalles participar a máis, pero varios tiñan complicacións de carácter sanitario ou eran maiores de sesenta anos e, polo tanto, non puideron participar no traballo. A eles quero publicamente agradecerlles o inmenso traballo que realizaron ao longo de todos estes días.

E consideráronse funcións de carácter esencial as desempeñadas polo persoal da gardería forestal e ambiental e os centros de recuperación de fauna, como, por exemplo, a comprobación de danos ocasionados pola fauna, as denuncias de verteduras en ríos ou a recollida de animais feridos, así como a súa alimentación.

Nestes días tamén nos sentamos con representantes dos sectores cinxéticos e fluvial para escoitar as súas inxedanzas. Neste marco de colaboración tivemos que suspender temporalmente o exercicio da pesca fluvial, e fixemos a devolución das taxas correspondentes debido ao estado de alarma. Sobre esta cuestión o presidente da Xunta xa avanzou o pasado xoves que solicitaría ao Executivo, e así o fixo, que se permita a pesca fluvial por considerarse un deporte individual. Con todo, e de xeito sorprendente, o Goberno central anunciou onte que na fase cero do Plan de desescalada só se permitirá a pesca en adestramentos individuais de profesionais federados, colectivos cunha presenza testemuñal en Galicia, polo que queda o exercicio da pesca postergado ata o 26 de maio no mellor dos supostos. O que supón que corenta mil pescadores galegos que teñen licenza terán que esperar ata ese momento para



realizar a actividade, a pesar de que dispoñemos de 14.043 quilómetros de ríos pescables en plena natureza.

En relación coa caza, nun primeiro momento, adoptamos o acordo de permitir a espera individual, e agora tamén adoptamos o acordo de ampliar as batidas. Neste sentido, o Cecop acaba de autorizar accións de caza de xeito excepcional en zonas con maior risco, para evitar posibles incidencias que a fauna salvaxe poida provocar, co que se prima a seguridade das persoas e do tráfico, ademais de reducir os danos aos cultivos no inicio da época de semente, como apoio a este sector esencial que debe seguir funcionando.

Dende a Xunta decidimos continuar e comunicar este acordo despois de que o Ministerio de Política Territorial nos trasladase instrucións contraditorias. Primeiro, por acordo do Cecop solicitamos a espera, que é un só cazador. Non nos respondeu o Ministerio de Agricultura, fíxoo o Ministerio de Política Territorial, presentou un recurso, e ao cabo dun mes é o Ministerio de Agricultura quen nos di que debemos de facer as esperas para permitir o desenvolvemento dos cultivos e garantir a seguridade dos viandantes.

Continuamos tramitando con normalidade as axudas por danos provocados pola fauna salvaxe. Ademais, ofrecemos información constante ás asociacións protectoras de animais sobre os servizos dispoñibles. E levamos a cabo unha subministración de emerxencia para cubrir as necesidades alimentarias durante un mes dun total de 2.229 animais, a través da repartición de 18.700 quilos de penso, por un importe de máis de vinte e un mil euros, a quince entidades, ás cales lles temos que dar as grazas polo traballo que realizan ao longo de todo o ano, pero, sobre todo, o traballo que realizaron ao longo de todos estes días. E mantivemos o normal funcionamento dos centros de recuperación de fauna.

En canto á xestión dos espazos naturais, decidimos non suspender os contratos das empresas encargadas dos centros de interpretación, dos parques naturais e das aulas da natureza, que están a desenvolver as tarefas contidas dentro do que son os pregos de contratación, que si poden realizar durante este período de suspensión de actividades.

Por último, suspendéronse as autorizacións de acceso á praia das Catedrais e tamén ao Parque Nacional das Illas Atlánticas ata nova orde, así como as actividades nestes espazos protexidos. Algo do que quedaron exentos os veciños das illas, a pesca e o marisqueo profesional, así como o persoal do parque. Con todo, e en prol de poder reactivar de xeito máis seguro a actividade turística, levaremos ao vindeiro Cecop un acordo para prolongar un mes a alta temporada no Parque Nacional das Illas Atlánticas, que se manterá ata o 15 de outubro. Saben que a temporada alta é dende o 15 de maio ata o 15 de setembro. Unha decisión que, tras o anuncio de onte do Goberno sobre o Plan de desescalada, parece aínda máis acaída, xa que aínda que na fase cero se permiten visitas de grupos reducidos a parques naturais, a apertura das praias queda postergada ata a fase tres, é dicir, ata o 11 de xuño. Polo tanto, teríamos que reorganizar a situación e, ao mesmo tempo, pedir que nos alonguen a temporada alta. Polo que as visitas ao parque natural polo que se refire non poderán iniciarse como pronto ata avanzado o mes de xuño.



Por último, dentro dos pasos dados ata o momento, o Consello da Xunta activou todas as obras, contratos, servizos, subministracións e subvencións da Administración autonómica. Unha decisión que na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda supón o reinicio de trámites de cincuenta e oito expedientes de subvención, por un importe de 106 millóns de euros; a continuación da execución de corenta e cinco contratos de obras, por un importe de 37,6 millóns de euros; o reinicio de noventa contratos de servizos, valorados en 746 millóns.

Paralelamente, a pasada semana declaramos esenciais todos os servizos e os procedementos urbanísticos. Son todas as tramitacións de planeamentos urbanísticos, a inscrición no Rexistro de Planeamento, as autorizacións, as declaracións responsables e outros procedementos como tramitacións de proxectos sectoriais. Son un total de douscentos noventa e sete, que afectan corenta concellos, entre eles, o Plan xeral de Vigo ou plans básicos, como é o caso de Triacastela ou O Páramo, por non nomear outros concellos como Portas ou Baños de Molgas. Esta mesma semana faremos o mesmo con todos os procedementos ambientais: os relativos á valorización ambiental, á protección da atmosfera, ao cambio climático e á xestión de residuos e procedementos no ámbito do patrimonio natural.

Pero, sen dúbida, un dos fitos máis importantes neste proceso de reactivación impulsado pola Xunta é que o Cecop aprobou o pasado sábado permitir que se continúen coas obras de rehabilitación en edificios ocupados, sempre e cando se adopten as medidas de prevención e protección de saúde establecidas, co obxectivo de paliar unha situación xerada pola falta de concreción e ordes contraditorias do Goberno central, a través dunha medida que afectaba negativamente vinte mil autónomos en Galicia. Lembren que o domingo saíu un real decreto pola mañá e unha orde ás 11 horas da noite, e eran contraditorios. Por iso, ante os inconvenientes e as dúbidas que nos fixeron chegar dende o sector nas diferentes reunións que mantivemos, adoptamos unha serie de criterios que puxesen luz sobre os supostos nos que se podían acometer estas obras de rehabilitación, saíndo publicado este acordo no *DOG* do luns 27 de abril. Deste xeito, pódense realizar obras que teñan por finalidade acometer reparacións urxentes ou avarías e tamén rematar as obras xa iniciadas, que revisten importancia para o inmovible e os seus habitantes, como a instalación de ascensores ao remate de obras de rehabilitación que afecten as condicións de habitabilidade dos edificios e todas aquelas que se realicen en espazos comúns, sempre con garantías. escoitamos unha vez máis as necesidades do sector e dos traballadores e velamos pola seguridade e comodidade das familias.

En definitiva, foron xornadas de intenso traballo coa Federación de Construción, tamén co Colexio de Arquitectos, entre outros, que non serviron para deternos, senón para analizar e, polo tanto, dar resposta, xa que somos conscientes de que as vindeiras semanas serán cruciais na loita contra as consecuencias da pandemia; unha pandemia, primeiro, sanitaria pero tamén económica.

Con este obxectivo seguimos traballando e deseñando un conxunto de medidas que buscan contribuír a acadar a paulatina reactivación da economía galega e do benestar social. Un plan integrado no conxunto da actuación do Goberno galego e que pretende ofrecer unha acción coordinada dende todas as vertentes posibles, centrándonos principalmente en axudas á vivenda, xa que será un dos nosos principais eixos de actuación ao longo dos vindeiros meses, porque é a nosa obriga seguir estando ao lado daqueles galegos e galegas que máis poden





sufrir as consecuencias desta pandemia. E para iso poñeremos os medios que sexan necesarios.

Por esta razón, e aínda que o Goberno de Pedro Sánchez outorga dereitos carentes de financiamento e nos confisca fondos que tiñamos xa consignados, dende a Xunta de Galicia seguiremos traballando en dúas liñas: por un lado, proporcionar axudas a familias galegas para poder afrontar o pago do alugueiro da pandemia da covid-19 e pagar integramente o bono de alugueiro social e o bono destinado a vítimas de violencia de xénero ata finais de ano.

Xunto a estas dúas actuacións poñeremos en marcha axudas para a compra de vivenda protexida, que será de ata 20.000 euros para unidades familiares con ingresos inferiores a 4,5 veces o IPREM. Estas axudas estarán dotadas de cinco millóns de euros. E continuaremos dando impulso á construción de vivendas de alugueiro, a través da posta á disposición en condicións favorables de parcelas para nova construción ou edificación para a rehabilitación en conxuntos históricos.

Ademais, seguiremos coa convocatoria de axudas á vivenda, que pese á suspensión dos prazos por parte do Goberno declaramos esenciais para seguir convocándoas, como son o Fondo de Cooperación cos concellos, cinco millóns de euros; as áreas de rehabilitación integral, no caso da Ribeira Sacra dotada de 850.000 euros, que foi publicada no *DOG* do pasado 23 de abril, ou axudas para as áreas do Camiño de Santiago, por un importe de 2,8 millóns de euros. E procederemos á ampliación de liñas de axudas xa convocadas incrementando a de infravivenda, así como a de vivendas de mestres, xunto ás de eficiencia enerxética e as de accesibilidade.

Por último, seguiremos co traballo continuo para seguir facilitando o acceso á vivenda. Así, iniciaremos de xeito inmediato obras de construción de rehabilitación de vivenda por un importe de 8,5 millóns de euros; adxudicarase a redacción dos proxectos técnicos de rehabilitación, urbanización e sectoriais por un importe de máis dun millón de euros, e licitarémos a redacción de proxectos técnicos por un valor de 824.000 euros. Licitaranse nos próximos meses obras de rehabilitación e execución de solo industrial valorados en trinta millóns.

Todo isto será posible a pesar da actitude do Goberno do Estado, que decidiu modificar de xeito unilateral o Plan de vivendas sen escoitar as comunidades nin os sectores implicados. Un cambio que nos obrigaría a utilizar e desviar fondos como os que xa estaban convocados e asignados, así como comprometidos polas comunidades autónomas, a financiar unha nova orde de axudas ao alugueiro. Unha decisión que non só afecta os beneficiarios, senón tamén os postos de traballo que dependen das axudas que anteriormente enumerei, que neste caso son máis de tres mil profesionais.

En ningún momento o Goberno galego rexeita as medidas publicadas polo Goberno central. O que pedimos é un orzamento acorde, axustado e suficiente para poder chegar aos colectivos que o Estado fixa como potenciais beneficiarios, e así llo trasladamos en varias ocasións ao Executivo. A última vez a través dunha carta, na que deixamos claro que este tipo de me-



didias sen fondos suficientes poden ter importantes consecuencias, debido á inseguridade xurídica que se crea. Unha carta que usaron para poñer na miña boca palabras que non dixen, especialmente sobre os desafuzamentos. ¡Menos mal que o que queda escrito non o pode borrar ninguén!

Como non pode ser doutro xeito, eu estou a favor de apoiar as familias que o están pasando mal neste momento, e así o demostramos con feitos dende o primeiro momento. Coido que son medidas que van na boa liña, pero que teñen que ir apoiadas con máis fondos. E isto non é algo que ocorre só nos fondos relacionados coa vivenda, tamén acontece cos fondos de formación, que —como saben— nos confiscaron á Comunidade galega cen millóns de euros, ou sectores como no caso do mar, por poñer outro exemplo, no que se ofrecen ás confrarías créditos ICO, tan só ás confrarías, para superar esta difícil situación. Creo que coincidirán comigo en que esta non é a solución; é urxente artellar medidas que vaian dotadas con fondos suficientes e non só anuncios baleiros.

Mentres tanto, a Xunta segue traballando no marco das súas competencias cos medios que temos ao noso dispor. Así, ademais da aposta pola vivenda nos últimos meses, tamén continuaremos facilitando a posta á disposición das empresas de solo. Concederemos unha carencia de doce meses de canon das parcelas de IGVS e Xestur xa adxudicadas en dereito de superficie que atravesan dificultades. Ata o de agora eran de doce meses, ampliamos doce meses máis.

Tamén temos unha medida novidosa respecto da carencia, na cal damos maior flexibilidade nos pagos, para que as empresas poidan empezar a súa recuperación económica. Actualmente, as empresas só tiñan ese ano de carencia. O importe será aboado polo adxudicatario nun prazo de ata oito anos, contado a partir da finalización da carencia. Pasamos de cinco a oito anos.

Ademais, tamén se darán prórrogas ou ampliarán os prazos para o cumprimento das obrigas por parte dos adquirentes de solo empresarial, especialmente no que se refire aos prazos de edificación e implantación da actividade nas parcelas.

Na mesma liña, continuaremos fomentando a implantación empresarial, dando condicións máis vantaxosas nas novas; ata o de agora falamos daquelas xa adxudicadas e agora falamos das novas adxudicacións de parcelas en dereito en superficie. Daremos tres anos de carencia para iniciar o pago do canon a estas novas adxudicacións, fronte ao ano que se aplicaba actualmente.

Ademais, os adxudicatarios poderán adquirir a parcela mantendo o desconto do 40 por cento do canon nos primeiros doce anos, fronte aos dez actuais. E ampliaremos en dous anos a posibilidade de adquirir unha parcela con bonificación do 15 ou do 25 por cento do prezo da parcela. Ampliaremos tamén o prazo para pagar o importe da compra desas parcelas, e así permitir o prazo e amplialo ata seis meses, fronte ao que se concedía anteriormente. Diferenciamos entre as adquiridas e que aínda non estaban acabadas de pagar, as novas adquisicións, e diferenciamos entre aquelas que van entre dereito de superficie e as que quere o empresario pola modalidade de compravenda.



En canto ao patrimonio natural temos novos retos por diante para a xestión do noso patrimonio. Un reto ao que nos enfrontamos para axudar a revitalizar a economía dos concellos nos que se atopan enmarcados os espazos protexidos cos que conta Galicia. Para iso aceleramos a resolución das axudas, para levar a cabo actuacións en materia de patrimonio natural, das que son beneficiarias as entidades locais. Nese momento, hai tres convocatorias abertas en materia de espazos naturais, dotadas de 4,5 millóns de euros, das cales se van poder beneficiar douscentos trinta e un concellos, co que se contribúe a impulsar as súas economías locais tras a pandemia. Axudas das que levantamos a suspensión para poder tramitalas debido ao esencial da protección do patrimonio natural.

E temos seis convocatorias de axudas en materia de biodiversidade en trámite, que se teñen reactivado para apoiar e impulsar os sectores económicos destinatarios destas axudas. Estas seis liñas supoñen un importe de 3,3 millóns de euros.

O que queremos é que se poidan contratar as actuacións coa maior celeridade posible, evitando prexuízos para as localidades, que na súa gran maioría son de carácter rural, pero que tamén van dirixidas a pequenas empresas que están instaladas no rural.

Tendo en conta este carácter rural dos concellos nos que se atopan os parques naturais galegos, poñeremos en marcha un plan para o impulso do turismo sostible e da natureza nestes espazos. Farémolo sempre baixo criterios de sostibilidade. Promoveremos paquetes turísticos que conxuguen a natureza co consumo en establecementos e locais situados nas contornas dos espazos naturais. Con este fin, apoiaremos as empresas de turismo sostible, realizando unhas campañas de promoción que contribúan á divulgación da oferta turística da natureza, facilitando ademais aqueles permisos e autorizacións que sexan necesarios para poñer en marcha estas iniciativas.

Tamén introducimos medidas en materia de calidade ambiental, como a redución en catro meses dos prazos de concesión das autorizacións da xestión de residuos en relación co Goberno central. Para a resolución das transmisións de titularidade de empresas de xestión de residuos marcamos como máximo tres meses; algo que na actualidade require dun tempo similar a unha nova autorización, que serían dez meses. E favoreceremos a implantación empresarial coa simplificación dos trámites administrativos en materia de avaliación ambiental e autorización.

E, por último, tamén actuaremos en materia de ordenación do territorio e urbanismo reducindo o prazo de informes no Instituto de Estudos do Territorio para axilizar a posta en marcha de novos proxectos e actuacións. Seguiremos avanzando na simplificación e en facilitar á cidadanía e aos concellos a tramitación do planeamento urbanístico e a aplicación normativa. Por exemplo, coa posta en marcha da Plataforma urbanística dixital de Galicia, que ten como obxectivo facilitar a tramitación integral dos instrumentos de planeamento.

En definitiva, señorías, estamos ante o maior reto sanitario da historia, que nos leva tamén a un reto que é o económico, e trae consigo consecuencias sociais de especial complexidade. Dende o Goberno galego estamos convencidos de que de aquí sairemos máis reforzados, se o facemos xuntos, se o facemos con estudo, se o facemos da man. Por iso traballamos para



dotar Galicia de medidas para mitigar ese impacto social e económico. Trátase de medidas dende todos os ámbitos, pero medidas reais, medidas que imos sacando cada semana, cada día, que benefician as familias galegas, o tecido empresarial, protexendo tamén o noso medio ambiente e tamén a nosa contorna.

Moitas grazas pola escoita e agardemos que entre todos saiamos fortalecidos deste momento.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

Comezaremos a rolda dos grupos parlamentarios.

Grupo Parlamentario Mixto, señor Rodríguez.

*(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

**O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ:** Grazas, presidente.

Bos días, señora conselleira.

Dinos o mestre Fernando Valladares que «sumidos no confinamento e unha crise sanitaria sen precedentes afanámonos en atopar fármacos e vacinas para a covid-19. Estudamos o funcionamento do virus e o seu ciclo vital, valorando distintas hipóteses sobre a súa orixe. Pero o que resulta indiscutible é que son os nosos hábitos e os nosos comportamentos os que nos poñen en perigo, porque detrás desta pandemia está a destrución da propia natureza». Pero dentro deste caos —iso xa o digo eu— a destrución da natureza atopou un forte aliado no seu cometido, que é a forma que temos de xestionar o noso medio ambiente.

Comezou vostede falando de vivenda. A vivenda —falábámolo antes, na intervención anterior— é un dos elementos que maior vulnerabilidade social provoca —a carencia de vivenda axeitada, os elevados prezos dos alugueiros...— e debe ser un eixo esencial das políticas que se levan a cabo, pensamos que todo o contrario do que leva feito a Xunta nos últimos dez anos.

Se xa antes desta emerxencia sanitaria a vivenda era o primeiro factor de exclusión social, agora aínda vai ser peor. Así o reconece o informe Foessa sobre exclusión e desenvolvemento social en Galicia no ano 2019. A vivenda exclúe. Con diferenza, as situacións problemáticas para unha maior porcentaxe de poboación en Galicia son as relativas á vivenda. Un 35,3 % da poboación está afectada por dificultades neste eixo. Os problemas relacionados coa vivenda teñen, polo tanto, un impacto particular en Galicia.

A vivenda é, polo tanto, un motor elemental na desigualdade, un factor clave na dinámica de exclusión social. En Galicia a vivenda pasou a ocupar o primeiro lugar como causa xeradora de exclusión social, desprazando as dificultades que poden vir relacionadas co emprego no ámbito das persoas e fogares con maior dificultade.



Na comunidade autónoma, no noso país, o 65 % das persoas en exclusión atópanse afectadas por esta dimensión. O Acordo do Consello da Xunta do 13 de marzo do ano 2020 declaraba a situación de emerxencia sanitaria de interese galego e activaba o Platerga, e despois habilitouse a Cecop, para revisar ou adaptar as circunstancias.

En relación coas medidas sobre vivenda, vemos insuficientes as medidas tomadas. Non se resolve o pago de arrendamentos que teñen como cobrador o Instituto Galego de Vivenda referido ao mes de marzo. Temos que lembrar cando comezou esta crise, e temos que lembrar cando comezou o estado de emerxencia sanitaria en Galicia. O mes de marzo debería de ser, como mínimo, rateado, e non o foi. Iso dixémosllo aquí ao vicepresidente, e así o recoñeceu. Tampouco se aportaron solucións —non se aportan no documento inicial da Cecop— para os vindeiros meses para os arrendatarios. Vostede hoxe aquí dixo que, mentres durara a emerxencia sanitaria, ían arranxar ese problema. Aplaudimos que sexa así; é máis, unha vez que remate a emerxencia sanitaria, a xente vaise incorporar ao traballo, paulatinamente, etc., e pode haber casos que incluso se poden ver afectados nos vindeiros meses, aínda que remate a emerxencia sanitaria. Entón, pedimos que, canto máis poidan alargar no prazo esa suspensión, moito mellor.

Nós propuxémoslle algunhas propostas ao Goberno —documento que lle pasamos dende En Marea— onde lle pediamos a suspensión de lanzamentos ou de desafiuzamentos polo impago de hipotecas, pero tamén de alugueiros, se se pode atribuír a causa do dito impago ao efecto económico froito da crise. Tamén implementar unha liña de axudas para o pago de recibos de auga, luz, alugueiro e hipotecas para persoas que, por mor da crise sanitaria, non poidan asumir estes gastos; un acceso inmediato a unha vivenda para todas as persoas sen fogar, empregando o parque público, co fin de que teñan onde protexerse, coidarse e non expoñerse á propia enfermidade, empregando o Fondo de Emerxencia ou fondos estruturais existentes dentro das competencias da Xunta de Galicia; e crear un consorcio de vivendas sociais en réxime de alugueiro cos concellos da comunidade autónoma, por ter competencias compartidas. Regular o prezo dos alugueiros tamén nos parece algo que pode ser interesante.

Esperar que se xere unha cadea de solidariedade por parte dos que especulan coas casas, coas vivendas, iso está condenado ao fracaso; son necesarias medidas que freen isto. Hai que exonerar o pago das hipotecas e de alugueiros para a xente que non pode pagalos. A moratoria do pago das hipotecas que aprobou o Goberno consiste nunha supresión temporal con criterios moi restritivos.

Cando finalice todo isto, as persoas hipotecadas van ter, como dicíamos antes, que seguir facendo fronte aos seus pagos, a diferenza, por exemplo, dunha empresa que solicita un ERTE, que vai quedar exonerada desas cotas á Seguridade Social, etc. Pois isto tamén se debe aplicar ás persoas.

No mesmo senso hai que garantir tamén o acceso a todas as subministracións básicas —auga, luz, telecomunicacións...—, cunha expresa prohibición de corte en todo o ámbito doméstico, e que as grandes empresas asuman o custo dos seus beneficios millonarios. Estes servizos esenciais para a vida deben ser xestionados de forma pública.



Falou tamén vostede de medio ambiente e de ordenación do territorio. Esta crise sanitaria lémbra-nos que a saúde do planeta tamén é a nosa saúde, a saúde do medio ambiente; non está á marxe das persoas, son dúas caras da mesma moeda. A degradación do medio afecta a todo o planeta —nós incluídas— polo que é urxente adoptar unha visión integrada e unha xestión global da saúde do medio ambiente e da humanidade.

Antes desta crise de saúde, enfrontabámonos xa como sociedade a enormes desafíos. Loxicamente, quedaron relegados pola urxencia dunha emerxencia sanitaria, pero cuestións como o cambio climático, a contaminación ou a perda de biodiversidade seguen presentes e conectadas coa situación que vivimos coa pandemia da covid-19.

Unha vez máis, a Xunta non ten en consideración a opinión dos representantes, da sociedade, do sector ao publicar a lexislación no DOG que afecta o conxunto do territorio; situación agravada ao non realizar a consulta previa aos órganos consultivos existentes, como pode ser o Consello de Medio Ambiente de Galicia. Pensamos que era necesario establecer pregos de condicións claros para a actuación, dado que toda a actividade agraria e produtiva nas áreas de protección se vai ver afectada —estase vendo afectada— pola indefensión ao non ter claro que accións se poden realizar e a interpretación que se pode facer dos regulamentos. Isto vén derivado do incumprimento da propia Administración, ao levar case vinte anos sen elaborar os plans de ordenación, xestión e usos aos que obriga a lexislación en materia de conservación da natureza.

Consideramos que é necesario axilizar os prazos para que determinados servizos emitan os informes, para que as consellerías afectadas poidan autorizar ou denegar a realización de determinadas actividades. Sempre demandamos que a protección dos espazos non se pode facer sen as persoas que habitan o medio, a forma de vida, as súas actividades económicas, mais tamén somos conscientes de que hai que poñer certas limitacións ao tipo de prácticas por mor da covid, así como tamén pensamos que se debe dotar de medidas económicas e fiscais necesarias para compatibilizar o coidado e a protección coa xestión sustentable do territorio.

E, sobre todo, o que non se pode é establecer unha forte presión sobre as actividades agrarias e ser totalmente permisivos con outras actividades que se están a revolver na súa consellería. Con todo, consideramos que non se debe obviar o impacto que supoñen as cortas de arboredo, especialmente as cortas a feito no contorno no que se producen, os impactos sobre a flora, sobre a fauna, sobre o patrimonio etnográfico e cultural do lugar, sobre as formacións e parcelas lindeiras, sobre os camiños de acceso, sobre os cursos de auga, sobre a paisaxe, etc.

Consideramos que os espazos protexidos, zonas de policía de leitos, zonas de policía de estradas ou zonas de dominio público en xeral deben seguir a vía de solicitude de autorización. Non serve que a posteriori se poidan abrir dilixencias por malas prácticas, erros ou omisións, porque o dano despois xa vai estar feito. Moitos son os exemplos de danos producidos en bens públicos ao longo de toda Galicia, e moitos eran danos evitables se houbera un control axeitado, un protocolo establecido de boas prácticas sobre estes aproveitamentos. Estamos falando de estragos en patrimonio cultural, de vías romanas, mámoas, petróglifos, pero tamén de ribeiras dos ríos, ecosistemas únicos da biodiversidade galega.



Coa orde do 25 de marzo os estragos e danos ao conxunto do patrimonio público e aos ecosistemas galegos van ser máis recorrentes e habituais, precisamente pola falta de control previa. Ao mesmo tempo, instamos a Administración a que cumpra coa normativa e estableza os plans necesarios onde se detallen os tipos de actuacións permitidas ou prohibidas e os protocolos de actuación.

Esta orde é de aplicación xeral para masas forestais de varios xéneros, de piñeiro, eucalipto, acacia, etc., na zona de protección de estradas autonómicas, en terreos da Rede Galega de Espazos Protexidos, pero tamén da Rede Natura 2000 e na zona de policía do leito da demarcación hidrográfica. Fai algunha puntualización por especies, algunha zona ZEPA, algunha reserva natural, algúns monumentos naturais, etc., pero todo isto non é xustificación para que as talas de madeira ou o arboricidio que estamos vendo todos os días nas redes se executen sen as especies previas necesarias polos servizos forestais, polos servizos de conservación da natureza, etc. Entón, eu penso que o que debemos de facer é retirar esa orde do 25 de marzo; unha orde que é conxunta entre a Consellería de Medio Ambiente, Medio Rural e Infraestruturas e Mobilidade, e realizar outra, pero realizar outra contando cos órganos colexiados representativos existentes, como poden ser o Consello Galego Forestal ou o Consello Galego de Medio Ambiente, así como tamén cos representantes sociais dos ámbitos culturais, científicos ou das universidades.

Tampouco pode ser, señora conselleira, que a máxima responsable da política...

**O señor PRESIDENTE:** Remate.

**O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ:** ...da Xunta, que é vostede, non teña tempo para reunirse con estes órganos colexiados, pero teña todo o tempo do mundo para reunirse coas federacións de caza e de pesca, avalando o [...] *(Palabra inintelixible por un fallo na megafonía da sala.)*

Nunha nota facemos eco dunha nova que fixo Adegas, onde critican a decisión da Xunta e do Goberno central de autorizar a continuidade da actividade cinexética para o control de danos...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ:** Hoxe é perigoso levar este discurso do medo que están a difundir as administracións á par do sector cinexético. A poboación do xabaril non está descontrolada, senón que carece de xestión. Entón, a súa situación segue sendo...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ:** ...igual que a dos últimos meses e anos. Igual a caza pode agardar, como o resto de actividades, e o que ten que facer a Administración, en todo caso, é reforzar os mecanismos...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rodríguez.



**O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ:** ...de compensación para damnificados ou damnificadas.

Grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Pontón.

*(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

**A señora PONTÓN MONDELO:** Moitas grazas, presidente.

Moi boa tarde.

Empezaba a miña anterior intervención lamentando que teñamos a cadeira do señor Feijóo baleira e que ao longo desta crise o que tiveramos fora unha ausencia permanente do Parlamento.

Hoxe, agora mesmo, o que temos é unha burla maior, porque mentres se secuestran as solicitudes dos grupos para que Feijóo compareza, mentres o presidente foxe do control do Parlamento, temos unha homilía de novo na TVG, cunha comparecencia en directo, que, como é de Feijóo, si que retransmiten os medios públicos, e non o que pasa nesta Cámara, onde estamos representados todos os galegos e todas as galegas. Rectifico, xa non imos 21-1, agora vemos como hai 22 comparecencias na Televisión de Galicia do presidente Feijóo fronte a unha comparecencia no Parlamento galego. Está claro que a TVG cada vez se parece menos a un medio público e cada vez é máis un instrumento ao servizo do Partido Popular. E creo que para iso non fai falta que paguemos 100 millóns de euros todos os galegos e galegas; que pague os seus gabinetes de prensa o Partido Popular.

En todo caso, señora conselleira, a verdade é que a súa comparecencia é decepcionante, en primeiro lugar, porque veu vostede única e exclusivamente dar conta de medidas que xa existían. Demostra unha falta de capacidade para afrontar a crise que temos por diante. E o que nos vén ofrecer é o continuísmo de medidas insuficientes e doutras fracasadas nun contexto de grave crise que require que fagamos reflexións críticas e, sobre todo, que require ambición de país.

Empezarei, en primeiro lugar, por referirme, a todo o que ten que ver cunha cuestión central que vostede xestiona, como é o dereito á vivenda.

Partiamos no noso país dunha situación moi preocupante. Tiñamos unha situación que, por exemplo, nos denunciaba a finais do ano pasado o informe Foessa, que nos dicía que, desde o punto de vista social, un de cada cinco galegos e galegas estaba nunha situación de exclusión —que afectaba moito máis as mulleres—. A propia Cáritas situaba Galiza como unha das comunidades autónomas con máis persoas na antesala da exclusión ante unha nova crise. E precisamente o que sinalaba este informe era que unha das causas fundamentais desa exclusión tiña que ver coa vivenda, que se estaba convertendo nun factor moi grave de exclusión social en Galiza. E fronte a iso, as políticas fracasadas da Xunta de Galiza.





Entón, se partiamos desta situación e temos agora mesmo unha crise económica que vai ser moi importante, que se está cebando precisamente nun dos colectivos que máis dificultades tiña de acceso á vivenda, como era a mocidade, o que nós non vemos, señora conselleira, é que a Xunta, que o seu departamento, estea tomando medidas acordes coa dimensión do problema que temos e do problema que imos ter no futuro máis inmediato. Vostedes teñen que rectificar esa concepción da vivenda como un ben especulativo e poñer en marcha unha política social de vivenda que realmente sitúe no centro o dereito á vivenda como un dereito que hai que garantir. E, claro, todas as medidas que vostede citou pois son medidas que teñen moi pouco alcance. O máis relevante é que se atrasan os pagos para as rendas daquelas persoas que teñen o seu alugueiro —da súa vivenda ou dalgún local— contratado por parte da Xunta. Non hai unha condonación en casos dunha grave situación económica. Vostedes o que fan é atrasar os pagos. ¿Cal é o problema que van ter moitas persoas? Que, se hoxe poden atrasar ese pagos, ¿cando se lles vai pasar esa factura? ¿Van ter capacidade para poder facerlle fronte a un pago que vai ser maior dentro de meses e ao mellor nun contexto onde non teñan ingresos e polo tanto a súa situación económica sexa máis precaria? Nós entendemos que o lóxico, nunha situación crítica coma esta, é que aquelas persoas que non teñen ingresos non paguen esas facturas e que, polo tanto, vexan como desde o punto de vista económico teñen un apoio real —que xa sería mínimo— por parte da Xunta de Galiza. Esta é para nós unha cuestión importante.

Do mesmo xeito, pensamos que agora mesmo, que estamos xa na fase de desconfinamento, é importante que se activen todas as axudas que sexan posibles por parte da Consellería, porque é certo que moitas destas axudas xa teñen atrasos, teñen tramitacións que, desde o punto de vista burocrático, son moi complexas. Polo tanto, ou se activa unha parte desas axudas e se fai coa menor burocracia posible ou veremos como todo ese retorno —que dende o noso punto de vista xa é pequeno— en materia de política de vivenda e en materia de política de rehabilitación este ano vai ser moi difícil que teña un alcance.

E, en terceiro lugar, nós tamén queremos plantexar unha cuestión á que vostede non fixo mención. Hai unha situación moi específica que ten un colectivo, o colectivo de persoas que son estudantes universitarios, que tiñan os alugueiros das súas vivendas contratados para todo un curso escolar. Este cortouse abruptamente, e nós pensamos que se deberían arbitrar axudas para ese colectivo, que ten unha situación específica e para o que, polo tanto, debería haber algún tipo de alternativa por parte da Xunta.

Quero tamén trasladarlle, en nome do BNG, todo o apoio para reclamar aqueles fondos que lle correspondan a Galiza. Nós xa llo dixemos ao conselleiro: non estamos por que o Estado quede cos recursos que lle corresponden ao noso país. Tamén creo que a Xunta deberá de empezar a cuestionar, en todo caso, ese modelo que permite que o Estado faga este tipo de actuacións. Porque o certo é que ao final vostedes acatan ese marco e nin tan sequera son capaces de reclamar polas vías xudiciais aqueles recursos que lle corresponden a Galiza.

Pero ao mesmo tempo que reclamamos apoio para ter eses cartos, nós tamén queremos reclamarlle que sexan persoas capaces de executar os recursos que ten a Xunta de Galiza, porque o que nos preocupa é que, por exemplo, en materia de vivenda —que xa sufriu un recorte importantísimo ao longo destes anos e, de feito, foi unha das políticas sociais onde houbo



un recorte máis importante—, a Xunta de Galiza deixou sen executar cantidades moi importantes —só nos últimos cinco anos, 200 millóns de euros sen executar en políticas de vivenda—. Polo tanto, señora conselleira, vai o noso apoio para reclamar os cartos que lle corresponden a Galiza pero tamén pedimos que o Goberno teña capacidade de execución.

Desde logo, nós tamén entendemos que neste contexto hai que poñer en marcha medidas urxentes extraordinarias. Temos un grave problema no acceso á vivenda en Galiza que non se vai solucionar cos parches que vostede hoxe nos ofertaba. E hai que poñer en marcha realmente políticas que favorezan o alugueiro social, políticas de rehabilitación con prezos desas vivendas rehabilitadas que sexan accesibles e, desde logo, facer unha aposta por un cambio de modelo, porque é evidente que así imos mal.

O segundo tema da súa consellería que é importante ten que ver co tratamento dos residuos. Nós non coincidimos coa diagnose. Máis ben esta crise o que pon ao descuberto é o fracaso dun sistema centralizado que ten altos custos económicos e ambientais, e pensamos que hai que poñer en marcha un cambio de rumbo na política galega en relación co tratamento de residuos sólidos urbanos.

Gustaríanos pedirlle algunhas explicacións sobre cales foron as opcións escollidas para os tratamentos de residuos sanitarios da clase 2 e da clase 3 —estamos falando de EPI, de máscaras, de luvas...— Decía vostede que eran 5 toneladas diarias, aproximadamente. E, na práctica, o que están facendo en Sogama non é xestionalas, é queimalas. E non fan isto porque sexa o mellor desde o punto de vista ambiental á hora de tratar un residuo que pode ser un foco de contaxio, senón que o fan por unha cuestión económica, porque é máis barato a pesar de que isto teña riscos —insisto— para as persoas —primeiro para os traballadores e as traballadoras desa planta— e tamén para o medio ambiente.

Queremos saber, señora conselleira, que empresa está facendo o transporte e o tratamento destes residuos, queremos saber se é unha empresa que está especializada e autorizada, queremos saber que garantías para a saúde e o medio ten o sistema de acceso. Porque, polo que sabemos, pois está facendo a xestión destes residuos nunha carpa; e o traslado, mediante unha tubaxe que nalgúns casos creo que é unha obra que podemos considerar como chapuza. Eu pódolle ensinar algunhas das fotos que nos trasladaron ao noso grupo, nas que literalmente esas tubaxes están envoltas nunha cinta, e polo tanto non creo que nese tipo de condicións se poida dicir que hai un bo tratamento dun residuo que é un residuo perigoso.

Por último —xa que teño moi pouco tempo—, vostede tocou pouco a cuestión do medio ambiente. Nós en xeral, pero en particular no medio ambiente, cremos que a Consellería ten que practicar un diálogo con todo o mundo; primeiro, cos concellos e, segundo, con todas as organizacións que operan tamén no ámbito do medio ambiente, que van máis alá do *lobby* cinexético. Porque hai organizacións ambientais, hai organizacións de xestión do territorio e hai organismos oficiais constituídos neste ámbito que non se reuniron nesta crise. Nós censuramos que o diálogo só se faga cun sector, que neste caso é o *lobby* cinexético, e aproveitando esta crise pois para intentar asentir algunhas ideas que van en contra do que debe ser a orientación de futuro. A xestión da biodiversidade faise con plans de xestión da biodiversidade científicos. Non cremos nós que precisamente sexa o ámbito da caza o elemento



que vaia garantir que teñamos un ecosistema sostíbel desde o punto de vista da súa biodiversidade, porque isto é introducir directamente unha falsidade en torno a como se debe xestionar isto de cara ao futuro.

En todo caso, deste ámbito falarei un pouco máis na miña intervención, porque nós temos o tempo limitado.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Remato.

Cremos que fai falta unha reflexión de fondo, porque, se algo nos está dicindo esta crise do coronavirus, é que temos que repensar a nosa relación coa natureza, que hai que poñer en marcha unha estratexia ante o cambio climático e a conservación da biodiversidade que sexa real. Porque precisamente o cambio climático, a contaminación e a falta de biodiversidade é o que está permitindo que haxa maior propensión a pandemias como as que estamos vivindo nestes momentos. Iso é o que nos están dicindo informes científicos.

Conviría, señora conselleira, unha reflexión máis a fondo sobre o cambio de modelo, sobre o cambio de paradigma, porque é evidente que, coa xestión que están vostedes facendo, imos na dirección contraria da que se necesita.

Moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

Polo Grupo Parlamentario do Grupo Común da Esquerda, ten a palabra o señor Sánchez García.

*(Pausa.) (Unha persoa dos servizos da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Bos días, señora conselleira.

Quero comezar tamén denunciando o desprezo do señor Feijóo ao Parlamento galego, que ocupa boa parte da franxa horaria da Televisión Galega en facer propaganda e electoralismo e renuncia a vir ao Parlamento galego, por exemplo, a falar do que está falando agora. Por exemplo, a falar cos outros grupos do plan de desescalada, no que os demais tamén poderíamos aportar. Pero non, prefire facer propaganda nese medio público, que leva 101 venres protestando por esa utilización partidista do Partido Popular. Por outra banda, tamén hai que dicir que o señor Feijóo mentiu unha vez máis. Dixo que ía comparecer no mes de abril e non vai comparecer no mes de abril.

Vostede compareceu pero compareceu por petición propia, porque para vostede debe de ser demasiado iso de aceptar unha comparecencia e falar do que lle pide a oposición que fale. Bueno, falou do que vostede quixo, cando a oposición pedía vir a falar dunha cuestión que nos parece fundamental neste momento, que é a cuestión da vivenda.



Por certo, xa que falou de Sogama, hai que dicir que os transportistas, os traballadores do transporte, teñen posta unha denuncia na Inspección de Traballo porque carecen de roupa de traballo e de vestiarios para cambiarse. A día e hoxe seguen carecendo dese vestiario e desa roupa de traballo. E creo que son traballadores que tamén teñen un risco de infectarse. Polo tanto, actúe sobre iso, que o levan pedindo durante moito tempo.

Señora conselleira, non nos fai falta ler ningunha carta —aínda que está ben que se vexan e sexan públicas— parar saber que as súas políticas de vivenda responden a determinados intereses e responden máis aos intereses dos que especulan coa vivenda que aos que sofren esas políticas de vivenda e que moitas veces teñen que marchar das súas casas e non se poden emancipar. Xa llo teño dito moitas veces. Moitas das decisións que tomaron, ou das que non toman, son precisamente para non rebaixar ou modular os prezos do mercado, porque prexudicarían os intereses dos que utilizan a vivenda como negocio. E na política ás veces hai que escoller, e hai que estar con uns ou con outros. Vostedes escolleron unha vez tras outra estar do lado dos que especulan coa vivenda, dos que fan negocio coa vivenda.

A actuación da Consellería neste período de crise do coronavirus non desentou coa tónica xeral das súas políticas durante os últimos anos de defender a vivenda como negocio e non como dereito. Tomou medidas moi insuficientes neste campo, que é fundamental. Por exemplo, veu aquí a dicir que se aprazan os pagos da rendas do IGVS, das Xestur e dos polígonos industriais. Moi ben, hai comunidades autónomas que exoneraron do pago —que é diferente a aprazar— durante tres meses como mínimo as persoas que perderan os ingresos por culpa da crise do coronavirus. Vostedes non tomaron esa medida, nin sequera utilizaron as posibilidades que daba o Real decreto 11/2020 para considerar o Instituto Galego da Vivenda e Solo como gran posuidor de vivenda e proceder cando menos a esa quita do 50 % que posibilita o real decreto.

Aumentaron ao cen por cento a subvención da renda do bono-alugueiro social, pero segundo cifras da súa consellería —e as cifras oficiais son certas— é unha medida que só chega a 700 familias. Como hoxe recoñeceu, aínda non publicou as axudas ao alugueiro derivadas da modificación dos plans estatais. Iso si, sumouse ás críticas a estas modificacións, seguindo tamén a tónica deste Goberno de que todo o que funciona ben é cousa da Xunta de Galicia e o que funciona mal é cousa do Goberno do Estado, pero sen plantexar ningunha alternativa.

Criticou o escaso financiamento do Goberno español das medidas propostas. Concordamos. Hai que reclamar máis financiamento. Pero ¿cal é a realidade da Xunta de Galicia que hai detrás destas afirmacións? Cando se queixa de insuficiencia de financiamento porque a definición de vulnerabilidade converte en beneficiarios a decenas de miles de persoas, está recoñecendo a insuficiencia absoluta das medidas da Xunta de Galicia, que chegan a 700 familias, cun aprazamento —que non axudas— en 3.500 vivendas do IGVS. O financiamento do Estado será insuficiente pero as súas estimacións están burdamente sobredimensionadas para que lles sirvan de campaña de intoxicación, que é ao que se dedican en vez de a gobernar. Coas súas estimacións, se fosen correctas, habería que aportar un mínimo de 180 millóns de euros, xa que, de acordo cos datos do IGE, o número de fogares con alugueiro de vivenda son 142.780. Segundo vostede, haberá 75.000 familias afectadas que cumpran co



artigo 5 de vulnerabilidade —o de pasar ao desemprego polo coronavirus, o límite de ata tres veces o IPREM ou renda igual ou superior ao 35 %, é dicir, que paguen máis do 35 % en gastos de vivenda, etc.—; 75.000 familias, que serían o 52 % das familias ou das unidades familiares que teñen alugueiro no país, é unha exaxeración para facer a campaña de intoxicación. Claro que hai que reclamar máis financiamento, pero as estimacións son excesivas, como simple argumento de propaganda.

E, por último, hai 5,7 millóns de euros que lle aporta o Estado a Galicia, pero vostede silencia e oculta o seguinte: primeiro, os programas destinados ao alugueiro eran manifestamente insuficientes en Galicia. Éranos antes; e agora, máis. ¿Ou non lembra vostede, conselleira, o esgotamento orzamentario deses programas de axuda ao alugueiro e que moita xente quedaba e queda cada ano sen axudas? ¿Canta xente que as merecían quedou fóra das axudas por insuficiencia orzamentaria? ¿Que é o que pasou o ano pasado coas axudas ao alugueiro? Que endureceron as condicións para que non entrase tanta xente a ter axudas. ¿Sabe a conselleira, que denuncia a insuficiencia de financiamento, canto aportou a Xunta ao Programa II de axuda ao alugueiro, no programa estatal? ¿Canto? ¡Cero euros, cero euros a Xunta de Galicia! Toda a aportación a ese programa, con 8 millóns de euros, foi do Goberno do Estado. ¿Sabe a conselleira canto aportou a Xunta ao Programa III, de axuda ás persoas en situación de desafiuzamento ou lanzamento da súa vivenda? 288.000 euros. Era un programa que contaba con só 1,7 millóns dos 107 do total do plan, ou sexa, o 1,5 %. ¿Sabe canto aportou a Xunta de Galicia ao Programa IV, do plan vixente de fomento do parque de vivendas en alugueiro? 1,4 millóns de euros dun total, para ese programa, de 4,4 millóns de euros. En total, para os tres programas do plan vixente, vostedes dedicaban 1.688.000 euros. Vostedes van recibir 5,7 millóns de euros, que é o triplo do que vostedes financiaban para catro anos do plan vixente.

Non se poden utilizar as cifras, retorcer as cifras, para facer unha campaña de intoxicación, que sabe vostede que é falsa. Reclamemos máis financiamento pero que a Xunta poña tamén máis financiamento, que recortou os orzamentos e o esforzo que fai a Xunta en políticas de vivenda sistematicamente, como acabo de dicir —á parte da nula execución, ou da baixa execución, perdón, das políticas de vivenda durante os últimos anos—. E esquece tamén o abandono das políticas públicas de vivenda por parte do seu goberno, que non é casualidade. Porque, se fixesen esas políticas públicas de vivenda, é evidente que claro que enfriarían os prezos. Significaría que moita máis xente podería pagar a súa vivenda pero tamén se prexudicarían os intereses de quen especula con esas vivendas.

Por iso o do abandono de políticas públicas, cando o dicimos, non é falar por falar. No 2010 había 2.900 cualificacións provisionais de vivenda protexida; no 2015, 5; no 2016, 4; no 2017, 5; no 2018, 2; e no 2019, 65. E vostede vén anunciar agora aquí unhas axudas de 5 millóns de euros para vivenda protexida. Nos últimos catro anos no Estado español só dedica menos á vivenda protexida, só ten menos cualificacións provisionais, A Rioxa. A segunda peor é a Xunta de Galicia —por non lembrarlle tamén, evidentemente, o éxito, ou o fiasco, do Programa de vivendas baleiras—. Mentres, señora conselleira, hai 14.887 persoas inscritas no rexistro de demandantes de vivenda con algún tipo de protección. Hai 15.000 persoas que se rexistran para acceder a unha vivenda de protección, ás que vostedes están estafando coas súas políticas. Mentres, dedícanse a facer electoralismo e a intoxicar coas medidas que



toman outros gobernos, que poderán ser mellorables, evidentemente, pero respecto das que vostede non ten credibilidade para falar.

Polo tanto, señora conselleira, non esperabamos, a verdade, outra cousa. Vostedes, nos peores anos da crise, despois do estoupido da burbulla inmobiliaria, negáronse a facer políticas que amparasen a xente que quedou sen vivenda. E agora seguen na mesma, sen tomar esas decisións, ¡nin as mínimas! Vostedes poderían tomar a decisión de exonerar do pago eses meses —pero non a toda a xente, senón a xente que quedou sen ingresos por culpa do coronavirus— nas vivendas da súa propiedade. ¡Nin iso fixeron! Non espremeron as posibilidades que di o real decreto, polo de agora, e nin sequera publicaron a orde da axuda ao alugueiro.

Nada máis e moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Sánchez.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Caballero.

*(Pausa.)(Unha persoa dos servizos da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

**O señor CABALLERO MÍGUEZ:** Señora conselleira, señoras e señores deputados, mentres se desenvolve esta Deputación Permanente, o presidente da Xunta de Galicia comparece na Televisión de Galicia, na TVG. Comparece sen contrastar as súas propostas, sen informar os representantes da soberanía popular, de espaldas ao Parlamento, e fallando ao respecto aos mecanismos de autogoberno que hai en Galicia. Feijóo di hoxe na TVG que non vai avalar os plans do Goberno de España para a desescalada. E dío sen poñerse colorado na Televisión de Galicia e sen comparecer no Parlamento de Galicia, nun desplante á sede parlamentaria, que é un desplante á cidadanía do pobo galego. É un desplante que contrasta con outras formas de facer política que son posibles. Falar hoxe no Parlamento de Galicia é o mesmo que poñerse na casa a falarlle á pantalla da TVG: non hai quen escoite, non hai quen responda, non hai quen governe.

Hai unha campaña electoral do Partido Popular que hoxe Feijóo acaba xa de trasladar na súa comparecencia ante a TVG, chegando a falar de cuestións —que nin tan sequera comunicou aos grupos— en referencia ao horizonte temporal do plantexamento electoral para a nosa comunidade autónoma de Galicia. Esa é a realidade na que está o Partido Popular de Galicia: a realidade do desplante e da falla de respecto ao Parlamento de Galicia, do desplante e da falla de respecto á cidadanía galega. Feijóo non pode coller o cheque que se lle deu para ser presidente da Xunta de Galicia, despois de que coa convocatoria electoral expirasen as condicións para ter un goberno en plenitude de funcións, e tentar coller ese cheque para ter un cheque en branco á disposición do Partido Popular e de espaldas a Galicia. Esa non é a actitude que merece a cidadanía galega. E, mentres, o presidente do Goberno de España está no Congreso dos Deputados respondendo ante un Partido Popular e unha ultradereita que abandonaron tamén a medida e o plantexamento de país. Pero está en sede parlamentaria comparecendo e anunciando que vai haber unha fórmula de ingreso mínimo en maio dispoñible para o conxunto da cidadanía. Feijóo sae a comparecer para confrontar, para confrontar co



Goberno de España e sen solucións, para poñer a Xunta de Galicia á súa disposición e non responder. E ese é un erro, un erro que ten o conxunto do Goberno de Galicia, que segue a estratexia personalista de Feijóo, que aparece como o único de todo o Goberno capaz de dirixir, incluso dando a voz ao comité clínico de expertos sanitarios de Galicia. E os demais, todo o Partido Popular e o Goberno, están nunha estratexia de seguidismo a un personalismo que non soluciona os problemas de Galicia nin afronta a realidade do país. E por iso se equivoca o Goberno galego. Equivócase o Goberno galego cando segue nesa estratexia de confrontación, cando hoxe aquí a conselleira de Medio Ambiente vén falar da confiscación. Non hai ningunha confiscación, non hai ningunha confiscación en ningún réxime democrático cando hai orzamentos que teñen que ser aprobados en sede parlamentaria por un goberno con determinadas competencias executivas. Decídese o que deciden as autoridades competentes. E se hai confiscación, ¡vaian vostedes aos xulgados! —como tanto lles gusta dicir—. (Murmurios.) Non saben nin respectan a regra de xogo democrático. A súa debilidade á hora de facer os plantexamentos é tan evidente que caen pouco a pouco. Cando falan dos millóns que lle quitan a Galicia, vostedes falan de que lle quitan 100 millóns de euros en promoción de emprego; de 20, 30 ou 40 millóns en vivenda. E non lle queren dicir a Galicia que cada mes —non ao ano— hai 300 millóns de euros que entran en familias de Galicia a través do pago dos ERTE, a través do pago das prestacións para os autónomos, a través dos empregados do fogar, e que o propio presidente da Xunta dixo que había que redimensionar os fondos para dedicalos onde sexan necesarios. ¡Menos mal que hai un goberno progresista en España e non están vostedes! Menos mal que comparece, cando Feijóo non comparece, e que resolve problemas e non os crea. (Murmurios.)

E ese é o problema. Vostedes falan aquí de medio ambiente. ¡Claro que hai moito do que falar! E, como di a conselleira —e ten razón—, o que queda escrito pois está escrito. E hai uns parágrafos moi claros nunha carta que se firma dende o Goberno de Galicia e que se lle manda ao Ministerio de Fomento e ao Ministerio de Transportes. Son moi claros, non son necesarios, sobran, e están na estratexia da confrontación. ¡Recoñezan o erro! Recoñezan o erro de configurar uns parágrafos, nun momento en que as familias teñen dificultades, para que vostedes digan con claridade: «*Alguna de las medidas previstas suponen además una desprotección para los arrendadores, lo que en el futuro claramente desincentivará la salida al mercado de viviendas*». ¿Esa é a reflexión que o Goberno da Xunta de Galicia ten que facer —no momento desta crise de tanta gravidade no problema da vivenda e nos pagos dos alugueiros ou nos pagos das hipotecas— ante o Goberno de España?

¡Claro que teño toda a carta, señora conselleira! ¡Claro que coñecemos todo o texto da carta! Esa carta está na estratexia da confrontación que ten o Partido Popular co Goberno de España, non está para arranxar os problemas senón para confrontar. E erran nesa liña, recoñeza que eses parágrafos —que, por outra banda, están nun plantexamento débil argumentalmente— sobran nese texto se non é nunha estratexia de confrontación.

Vostede fala hoxe aquí de cuestións importantes. Fala dos aprazamentos do alugueiro. E eu quero dicir que nesa liña van ben, pero creo que hai que ver canto máis se pode facer nos problemas de pagamento que poidan existir con eses alugueiros. E tamén quería ter os datos concretos da Xunta de Galicia sobre cal é o número de poboación e de familias que están afectadas ao longo desta crise e cal é a previsión que pode haber, xustamente, de cantas fa-



milias se poden beneficiar, ou se están beneficiando de facto —cos números—, ao longo desta crise.

Fala vostede, señora conselleira, dos fondos de Sogama e dos tratamentos dos residuos. E queremos que nos dean máis información —tal e como presentamos nunha iniciativa— para saber dende cando o novo sistema de xestión de residuos sanitarios está en funcionamento en Sogama, dende que momento. Temos escoitado á Xunta de Galicia falar da súa anticipación, e queriamos saber desde cando. Queriamos saber en detalle en que lugar das instalacións, ou en que instalacións, se está a desenvolver, e con que persoal, con que formación de persoal e con que medidas de protección para o persoal.

Queremos saber tamén, nesa liña de acción, cal é o mecanismo de contedores nos que os cidadáns no conxunto de Galicia teñen que poñer todo o material, e se hai contedores no conxunto do territorio para mandar ese tipo de material cara ás plantas de residuos. ¿A través de que procedemento administrativo se adjudica ese sistema especial de xestión? ¿Cal é a empresa e como está xestionando? Queremos que nos dean un informe detallado, polo miúdo, de todo o que se está facendo en referencia aos tratamentos de residuos de condicións especiais, dende cando, de que se fixo ata entón e de como se vai facer.

E tamén nunha cuestión concreta que vostede nos plantexa pois quería facer tamén unha pregunta. E é que, cando vostede traslada que vai haber un aprazamento ou un alongamento da tempada para poder acudir aos parques nacionais, especificamente ao Parque das Illas Atlánticas, quería saber se esa é unha dinámica ou unha proposta elaborada en contacto cos concellos responsables ao ter determinadas materias vinculadas a eses parques, se o van facer, ou como o van facer.

Pero quero aproveitar para facer unhas reflexións en tres ámbitos moi claros. Mire, esta é unha consellería de medio ambiente, de territorio e de vivenda, e xustamente a conselleira fixo un plantexamento en moitas medidas que está plantexando nunha liña na que nós cremos que falla a orientación.

O tema do medio ambiente é un tema fundamental, e hai que aproveitar, señora conselleira, este momento de dificultades e de crise para buscar oportunidades e para poñer as capacidades da Xunta de Galicia a adecuar o modelo produtivo e o modelo social a unha nova realidade que vai vir despois da crise. É o momento tamén de potenciar toda a actividade para adaptarnos a un proceso de cambio climático, que neste momento volve ocupar moito espazo, porque estamos vendo como moitas das chamadas que nos fan os especialistas científicos, ao final, acaban dándose e hai que estar precavidos. Cremos que hai que incentivar toda a estratexia de cambio climático xustamente nun momento en que vai haber que adecuar certas actividades produtivas do país a un novo tempo e a un novo modelo social, respectando o medio ambiente e buscando esas cuestións. Porque o certo é que, cando falamos de territorio, temos que dicir que ordenar hoxe o territorio é moito máis que dicir onde se pode construír, que hai que facer espazos de convivencia máis habitables, máis humanizados. Isto vai cambiar; o modelo covid vai facer necesario un modelo de cidades moito máis humanizadas, con beirarrúas máis amplas para manter distancias sociais, con mecanismos activos. Hai moitas cuestións que están pendentes de facer e directrices do territorio que





non se desenvolveron na liña do posible con este goberno en Galicia. Fallou a vivenda pública tamén no noso territorio.

O balance do Partido Popular en Galicia en materia de vivenda é un balance nefasto, de incumprimentos, de falla de acción na promoción pública, en vivendas que poidan ter determinados niveis de construción e no mesmo proceso nas de alugueiro. É un balance nefasto despois de once anos de goberno. E hoxe vémolos con máis claridade. Xustamente cando a poboación está confinada en moitos casos en vivendas moi pequenas no escenario urbano e tamén con dificultades de calidade noutras partes da vivenda é o momento de poñer un punto e á parte para corrixir todas as eivas existentes, para toda esa aposta pola promoción pública e tamén para desenvolver o alugueiro social como un mecanismo importante para o noso país. Necesitamos cidades máis verdes, máis humanas, con maior calidade de vida e tamén fogares e vivendas que teñan a capacidade de darlle á cidadanía o medio de vida que precisa, xustamente cando nestas semanas determinadas cuestións —que, sen dúbida, caeron na senda dun lugar imprevisto— obrigan a darlle importancia á calidade das vivendas e á amplitude das mesmas. Necesitamos vivendas máis humanas en cidades máis humanas. Necesitamos un proxecto de territorio que permita adaptarse a un novo tempo que vai vir, e todas as eivas do que non se fixo teñen agora unha oportunidade para ser corrixidas. Temos unha oportunidade para lanzar un novo tempo político no que os déficits en medio ambiente...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor CABALLERO MÍGUEZ:** ...os déficits en territorio, os déficits en vivenda... Hai que aproveitar esta crise para un novo modelo de promoción de todos estes aspectos dende o Goberno da Xunta de Galicia. E para iso, para a planificación, para a acción e para as medidas facemos un chamamento e, dende logo, en todo o que poidamos colaborar terá a man tendida do PSdeG.

Grazas, presidente.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Caballero.

Pasamos agora ao turno do Grupo Parlamentario Popular.

Ten a palabra o señor Trenor López.

*(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

**O señor TRENOR LÓPEZ:** Boas tardes, xa.

Grazas, señora conselleira, por comparecer por petición propia na Deputación Permanente deste Parlamento e grazas, por suposto, a todo o pobo, que está a facer o maior esforzo colectivo do que temos recordo, dando leccións de compromiso, de comportamento, de civismo e de solidariedade.



Pero, señorías, para pedir respecto, ás veces tamén hai que ser respectuoso. Eu veño falar de vivenda, veño falar de medio ambiente, veño falar de urbanismo, pero non dos egos frustrados; creo que para iso hai outros foros, e deberían de limitarse a eses foros.

Eu non lle vou dar as grazas a ninguén polo que cobran os pensionistas galegos, nin polo que cobran os que teñen dereito á prestación de desemprego, nin tampouco polo que cobran aqueles que están afectados por un ERTE, porque non é unha graza, non é unha dádiva de ningún goberno, é un dereito que teñen. Entón, non é de recibo que ninguén se gabe e que nos pida que lle agradezamos que paguen esas pensións, que paguen eses ERTE e que paguen esas prestacións de desemprego. Non son un regalo do señor Sánchez, non son un regalo tampouco seu, señor Caballero, ou que vostede teña conseguido, son un dereito dos pensionistas e dos traballadores galegos; polo tanto, non lle temos que dar a vostede ningunhas grazas.

Estamos, señorías, a vivir momentos de extrema dificultade con repercusións en moitos casos descoñecidas, onde se agradece que haxa responsables políticos que se comporten de forma responsable, que sexan capaces de anticiparse, dentro das posibilidades, e que actúen con axilidade. Responsabilidade, anticipación, axilidade e —¿por que non dicilo tamén?— experiencia e liderado permiten que os galegos teñan un plus de confianza no Goberno galego e que Galicia vaia por diante unha vez máis. Fomos por diante na toma de decisións, estamos a ir por diante para facer fronte aos danos motivados pola pandemia da covid-19 e, por suposto, estamos indo por diante á hora de informar sobre as medidas adoptadas. Por iso o noso grupo agradece que vostede, conselleira, compareza por petición propia neste foro para informar das medidas adoptadas polo seu departamento. Coa de vostede xa son máis da metade os membros do Goberno que compareceron aquí. Tamén compareceu o presidente da Xunta, fronte a outros, ou por comparalo con outros presidentes, que aínda sen estar na situación dun parlamento disolto ou en situación de deputación permanente non tiveron a ben comparecer.

Como dicía, señorías, Galicia vai por diante unha vez máis. E ademais agradece tamén que vostede traballe de forma correcta e eficiente, que escoite os sectores implicados e que se poña do lado dos que máis sofren as consecuencias desta pandemia.

En relación, señorías, coa vivenda, son moitas as persoas que están a vivir un auténtico drama, por iso máis que anuncios os galegos o que queren son solucións como as que está a dar a Xunta de Galicia.

Aplaudimos, conselleira, o aprazamento dos recibos de alugueiro de promoción pública e dos locais comerciais do Instituto Galego da Vivenda e Solo e de Xestur, unha medida que afecta máis de 3.500 familias e inquilinos. Outra medida que tamén valoramos positivamente é a ampliación das axudas do bono de alugueiro social, asumindo dende a Xunta de Galicia a cobertura do 100 %, o que supón aboar a renda íntegra pola vivenda das 700 familias que están a precisar esa axuda. Outra medida que vostede mencionou é a ampliación das axudas do bono para vítimas da violencia de xénero, que ademais xa está traballando vostede na convocatoria para as axudas de alugueiro dirixidas especificamente a vítimas da violencia de xénero co financiamento do Pacto de Estado.



E se todo isto son medidas boas para os galegos, aínda ten máis mérito tendo en conta a pouca axuda recibida —por dicilo suavemente— e que haxa, ademais, que adicar esforzos aos bulos que algúns se adican a difundir. Porque aquí algún oféndese do que poñen del nas redes, pero é o mesmo que, ademais, está a alimentar e a difundir bulos.

E isto, señorías, tamén nos permite falar de lealdade institucional. Galicia foi máis leal co Goberno de España do que o foi o Goberno de España con Galicia. Tal é a lealdade que o Goberno de Galicia se comunica co Goberno do Estado a través de cartas e non a través de filtracións a medios afíns, de versións terxiversadas que para o único que serven é para construír bulos e para que os seus representantes na nosa comunidade poidan alimentar, difundir e contribuír a alimentar eses bulos. É lamentable que algúns estean máis adicados aos bulos que a axudar, é lamentable que estean máis preocupados por defender o Goberno de Pedro Sánchez que os intereses de Galicia, pero o máis lamentable é que esta defensa a fagan con bulos que prexudican a todos os galegos. É unha estraña forma de entender a unidade e a lealdade institucional que vostedes están a pedir. Ademais, é pouco valente propagar, difundir bulos nas redes sociais e hoxe non facer aquí referencia a iso nin permitir tamén que iso poida ter unha resposta axeitada.

Señorías, en ningún momento a Xunta de Galicia rexeitou o novo programa de axudas para pagar o alugueiro de vivenda habitual. O que si fai a Xunta é reclamar un orzamento desde o Goberno central que sexa acorde, que sexa axustado e que sexa suficiente para chegar a todos os colectivos que se fixan como potenciais beneficiarios.

Vostedes faltan á verdade co uso que están a facer e que fixeron da carta que a conselleira de Vivenda remitiu a pasada semana ao ministro, na que en ningún caso se rexeitou o novo programa de axudas ao alugueiro nin se negou o problema dos desafiuzamentos de inquilinos por impago durante a crise do coronavirus. O que se pon de manifesto é que estas medidas deben impulsarse acompañadas dos fondos necesarios, algo do máis lóxico. Se hai unha nova situación de vulnerabilidade, haberá que adicar máis recursos e non confiscar os que se estaban adicando á poboación que xa estaba nunha situación de vulnerabilidade con anterioridade a esta crise. E si, decidimos confiscar; poderíamos utilizar ao mellor outras palabras, pero creo que «confiscar» é a palabra que mellor define o que fixo o Goberno central.

É difícil, señorías, facer ou soste chamamentos públicos á lealdade institucional cando ao mesmo tempo se están a confiscar os fondos dos galegos e/ou a contribuír a difundir bulos sobre comunicacións terxiversadas.

En referencia ao tratamento dos residuos, a crise sanitaria puxo a cadaquén no seu sitio. Neste Parlamento defendemos o modelo de Sogama fronte a ataques de carácter completamente partidista. Defendémolo porque Sogama implica apostar pola xestión dos residuos fronte ao uso xeneralizado do vertedoiro; defendémolo porque é o sistema máis eficiente e que menos gases de efecto invernadoiro emite; e defendémolo porque é complementario con calquera outro modelo de pretratamento dos residuos, como ben sabe, señora Pontón, por exemplo, en Pontevedra. Miren, Pontevedra, por moito anuncio, por moito cartel, por moita propaganda que faga, ano tras ano envía máis toneladas de residuos a Sogama —si, é así, non negue unha evidencia—. Ano tras ano, Pontevedra está a enviar máis residuos a Sogama.



E iso tamén indica que Sogama ten outra virtude, que é que é un modelo que permite ser complementario con outros. Pontevedra non podería facer nada do que fai en tratamento de residuos se non tivera o apoio, cada ano maior, que lle está a prestar Sogama. E isto sábeo e por iso vostede, que goberna nese concello, segue contratando os servizos de Sogama.

E tamén defendemos este modelo porque permite mellorar ano tras ano a recollida selectiva dos residuos. Esta crise deunos a razón e amosou, ademais, o acerto do modelo Sogama. Non só foi no ámbito do tratamento de residuos, houbo moitas actuacións que foron moi criticadas durante anos por puro partidismo e que nesta crise quedaron claras cales foron as súas virtudes, por exemplo, o Fondo de Continxencia, que foi moi duramente atacado polos grupos da oposición. Incluso cando implantamos un sistema de teleasistencia médica, o Telea, foi tamén criticado pola oposición; ou cando se colocou no Hospital do Meixoeiro o Laboratorio central da área sanitaria de Vigo, tamén foi atacado. O teletraballo, a dixitalización na educación ou a sede electrónica da Xunta de Galicia tamén foron criticadas pola oposición. E foron, precisamente, actuacións que nos permitiron responder con maior eficacia e dándolles mellores servizos aos cidadáns, precisamente no peor desta crise.

Grazas á capacidade de resposta que ten Sogama, púidose dotar o complexo de Cerceda en tempo récord dunha zona específica para o pretratamento, antes da valorización enerxética, a temperaturas superiores a 850º, de 5 toneladas diarias de residuos sanitarios, principalmente mascarillas, guantes e equipos de prevención individual.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate.

**O señor TRENOR LÓPEZ:** En definitiva, señorías, temos retos económicos e sociais moi complexos e para iso son necesarias medidas como as que está a aprobar a Consellería de Medio Ambiente, que permiten, por un lado, mitigar o impacto social e económico e, por outro, axudar os que están a sufrir máis as consecuencias desta pandemia.

Máis nada.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Trenor.

Para a réplica, ten a palabra a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

*(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):** Grazas, presidente.

Vou intentar darlles resposta a aquelas preguntas, porque non temos nada que ocultar, pero ben é certo que hai cousas que chaman —e moito— a atención.

Eu entendo, señor Caballero, que vostede aterrou hai moi pouco tempo, que non terá todos os datos ou simplemente que non sabe como se realiza a xestión por parte das entidades, pero, cando falamos do Plan de vivenda, primeiro temos que dicir que foi aprobado polo



Partido Popular e que foi un acordo de todas as comunidades autónomas, que ese Plan de vivenda non é financiamento íntegro do Estado e que cada comunidade autónoma pon un 25 % dese Plan de vivenda, que, no caso de Galicia, é un 24 %. Porque aquí escoitamos: É que aquí vostedes puxeron cero euros para isto, para o outro e para o outro. Non, é que está nunha bolsa común e aí a comunidade autónoma fai o esforzo suficiente. Polo tanto, non é un plan estatal, é un plan cofinanciado polas comunidades autónomas. Iso, en primeiro lugar.

En segundo lugar, é que é moi grave, cando queremos manter un diálogo, e máis nesta situación, que de xeito unilateral, sen ter nin unha soa videoconferencia, nin unha chamada, nin unha carta, alteren ese Plan de vivenda sen contar coas comunidades autónomas, que poñemos financiamento, e cando, ademais, foi un acordo previo. Ese Plan de vivenda poderíase ir modificando, efectivamente, e xa antes disto, eu o 12 de setembro de 2019 —porque, efectivamente, había algúns que outros problemas para o alugueiro— lle fixen a proposta ao señor Ábalos para a simplificación, porque era un tanto rudimentario. Comprenderán que a resposta foi nula.

A partir de aí, por suposto, dentro da lealdade que caracteriza o Goberno galego —esa lealdade que, ademais, nos propiciou a sociedade galega a través dun cheque que se chama lealdade e que exerce o presidente da Xunta de Galicia, que son cheques non baleiros, senón con contidos, fronte aos cheques baleiros que nos traslada o Goberno central—, o 13 de abril, e despois do real decreto, puxémonos en contacto co ministro e, polo tanto, explicámoslle unha por unha o que criamos dese real decreto.

E, dentro desas explicacións, trasladabamos non só o que criamos nós tecnicamente, senón o que cría a sociedade, a través dos distintos colexios profesionais de Galicia. Aí dicíamos que, analizando todos os datos, Galicia necesitaría 180 millóns de euros para poder facer fronte a uns dereitos que daba o Goberno central, pero para os cales non había financiamento. Non sabíamos se estaban equivocados, pero dentro deses dereitos estaban unhas contías de ata 900 euros que lle pertencen, segundo ese real decreto, a todas aquelas unidades familiares en réxime de alugueiro que non superen tres veces o IPREM; é dicir, que veñen a ser os 1.600 euros.

Recoñéceno, claro que o recoñecen, porque despois desa carta do día 13 veu a carta do día 16 de abril, e nela dinnos que, efectivamente, precisarían para toda España 1.200 millóns de euros. Ao final, a repartición era de 100 millóns de euros, dos cales a Galicia lle pertencían 5,7 millóns de euros. Pero, unha vez máis, volvemos ter un cheque en branco, porque non temos os 5,7 millóns de euros.

Só hai unha comunidade autónoma que quitou esta orde, que foi o caso de Asturias, con 1 millón de euros. Claro que Galicia podería ter quitado xa esta orde, pero créanme todos que a todos aqueles colectivos vulnerables, a aqueles que quedaron sen recursos, lles concedemos o bono alugueiro no instante, porque ningún funcionario deixou de traballar, e menos no que é o ámbito social, en perfecta coordinación entre a Consellería de Política Social e a Consellería de Vivenda. Polo tanto, ninguén quedou sen o seu fogar. Se houbo algún problema, a Xunta de Galicia fixo o posible para que ninguén estivese na rúa e para que non



vaia estar. Polo tanto, a aqueles con verdadeira necesidade si se lles paga integramente o seu bono alugueiro, e tamén ten bono alugueiro xente que está nas propias vivendas de promoción pública da Xunta de Galicia. E así o faremos ata o mes de decembro, cos nosos recursos propios, para aqueles, os máis vulnerables, os que teñen menos recursos e as mulleres vítimas de violencia de xénero. Créanme que é algo que fai a Xunta de Galicia, pero queremos ir aínda moito máis alá.

¿E que lle pediamos tamén en sucesivas cartas? Pedíámoslle —xa que Galicia é das poucas comunidades que certifica o cen por cento o Plan de vivenda, a pesar de que aquí se empeñen por activa e por pasiva en dicir o contrario— os datos ao Ministerio do ano 2018 e do ano 2019, e quedan 4,5 millóns de remanente que pediamos poder utilizar para esta orde, e a resposta segue sendo nula. Outro cheque máis en branco.

Polo tanto, lealdade, toda a do mundo; traballo, créanme que o dos funcionarios, incesantemente, pero as respostas son nulas e dan a calada por resposta, e, aínda por riba, cando se fai algo público, moléstalles moitísimo.

Polo tanto, nós queremos quitar unha nova orde de alugueiro, por suposto; ímola facer e temos certos recursos, pero, xa que hai un real decreto e ofreceron moitísimos máis recursos, pois eu agardo que vostede interceda para que nos cheguen, porque polo de agora non os hai.

Era bastante previsible que sacaran vostedes isto, pero quería facer a aclaración e sobre todo dicir o importe que o Goberno pon para o Plan de vivenda. É certo que tamén recoñecen que teñen que facer un replantexamento, porque ás veces saen con anuncios e despois non hai o cálculo monetario feito e non son capaces de atender a todas as comunidades autónomas.

Continuaremos axudando os máis necesitados, e, por suposto, continuaremos xestionando cos concellos, que eu vexo que hai unha preocupación polos residuos. Lean vostedes tamén o real decreto. É que ¿saben o que fan? Única e exclusivamente botarlle a pelota enriba dos concellos e que fagan cos residuos case o que lles dá a gana. Tivo que ser a Xunta de Galicia quen fixera a interpretación, e ademais unha interpretación xurídica —non interpretar porque si—, para que os concellos estiveran tranquilos. E, ademais, organizaron que os EPI se encargaban a través da Fegamp. Pedían o que necesitaban e nós trasladábamolo ao Ministerio. A través da Fegamp pedíronnos cales eran as necesidades dos EPI e trasladábanse ao Ministerio, pero de repente o Ministerio dixo que non tiña onde mercar EPI. Ao final, dixeron que se ía xestionar a través da FEMP. O resultado é que Galicia tivo que facerse cargo e comprou EPI, Sogama tivo que buscarse a vida e comprar os EPI e os concellos recibiron EPI por parte da Xunta de Galicia. Esa é a realidade, non vai máis alá.

Preocúpanse vostedes tamén por Sogama, e eu creo que era o señor Sánchez quen dicía que había unha denuncia. Se a hai, haberá que comprobala. Créame, señora Pontón, que eu fun das que visitei a planta e vin como se plantexou para valorizar os residuos sanitarios.

¿Saben o que di o real decreto? Déixanos a opción de ou depositar os centos de toneladas que se poidan crear nun vertedoiro —un vertedoiro deses polos que vostedes protestan, que



nunca queren vertedoiros no territorio galego— ou, se non, incíneralos. E, para iso, para depositalos, habilitaron sistemas para que se esparciran cementeiras por todos os territorios. Galicia non quere iso, e, polo tanto, foise ao modelo Sogama, que se habilitou en quince días.

Non se preocupe, señora Pontón, porque ten todos os permisos, e os funcionarios, cando dan un permiso medioambiental, non entenden de signos políticos nin entenden de goberno, entenden única e exclusivamente do seu traballo. O que se fai é que van embalados, non hai ningún tipo de contaxio. Fixéronse cursos especializados para esta xente, para non sobrecargar o persoal que xa está traballando en Sogama, que, entre postos directos e indirectos, son 1.000 persoas. Contratouse xente a maiores, e ese persoal está con todas as garantías. Faise a trituración correspondente e a partir de aí a incineración, tal e como nos din os técnicos, a 850º para evitar ningún tipo de contaxio e ao mesmo tempo fanse as medicións correspondentes de emisións de CO<sub>2</sub> ao aire. E aquí eu quero darlle as grazas ao persoal de Meteogalicia, porque saben vostedes que só tres comunidades autónomas temos un sistema propio, e unha é Galicia, cuns estudos exhaustivos. Din que antes desta pandemia a calidade do aire era moi boa, pois agora temos que dicir que a calidade do aire é pura. Fanse as medicións de emisións de NO<sub>2</sub>, as medicións de CO<sub>2</sub> e as emisións das empresas. As emisións das empresas estabilizáronse, as emisións de NO<sub>2</sub> —que son as do transporte—, por suposto, caeron, e no caso de Vigo, reducíronse ata un 75 %. Pero créanme que temos a mellor calidade do aire de toda España; esa calidade tena Galicia.

O que fixemos foi reactivar, intentar reactivar... O señor Antón ri e iso supón unha burla para todos os técnicos de Meteogalicia, que cada día publican os datos, pero non só os publican, e non só nolo piden dende os distintos estamentos, senón que á parte temos unha rede de pantallas en toda Galicia nas que a cada hora se pon a calidade do aire. Eu non sei se vostede as ve ou non as ve, pero rirse de que en Galicia haxa boa calidade do aire é rirse dos galegos e das galegas. Non se debería vostede rir de min, porque o mínimo que debemos de ter é educación, e esa educación débémolllela transmitir aos cativos. É malo se nós non a temos.

Polo tanto, dentro do ámbito do patrimonio natural e das acusacións que tamén vostedes verteron de que non nos reuniramos con distintas entidades ou asociacións, créanme que a directora xeral de Patrimonio Natural estivo en todo momento en contacto con todo tipo de organizacións. Hai noticias que saen á luz pública e outras noticias que non saen á luz pública, pero eu, se me reúno coa Federación de Pescadores, por suposto que non o vou ocultar, e se me reúno coa Federación de Caza ou con asociacións de caza, por suposto que non o vou ocultar. ¿E que nos demandaban os pescadores? Pois a práctica de deporte individual, que é o que lle pediu o pasado xoves, despois do Consello da Xunta, publicamente o presidente Feijóo ao presidente do Goberno, e é o que se volveu trasladar o domingo. É que non sabemos moi ben nesta desescalada por que se pode saír correr, por que se pode ir en bicicleta e por que os nosos pescadores non poden ir pescar, cando se trata dunha actividade en plena natureza e con milleiros de quilómetros de ríos onde se pode pescar. Polo tanto, non obedece, dende logo, a ningún criterio sanitario; poderá obedecer a calquera outro criterio, pero non a ese.

Despois vén o tema da caza. Señor Davide, vostede di que hai os mesmos xabarís que había anteriormente. ¡Non, parece mentira! Eu non sei se vive no rural ou non vive no rural, pero



hai unha proliferación tremenda de xabarís e a Consellería de Medio Ambiente está para garantir un equilibrio, e neste momento o equilibrio está roto. Se durante tempo reiterado non facemos ningún tipo de batidas, podémonos atopar graves accidentes onde incluso a xente pode perder a vida. Aí eu non estarei, ou vou procurar non estar. Polo tanto, levámolo ao Cecop e publicouse no DOG. Se o quere recorrer o Estado, que o recorra. Galicia o que vai facer é dar batidas naqueles sitios onde haxa problemas cos cultivos e, sobre todo, naqueles lugares onde teñamos problemas de accidentes reiterados.

Como conclusión, estamos xestionando esta situación, segundo entendo, de maneira correcta. Estou segura de que aínda podemos mellorar. Vostedes fagan as propostas, que nós as analizaremos, e, se hai propostas que nos parecen boas, collerémolas. Declaramos esenciais moitas das actividades para non parar o país. Fixémolo porque nolo pedía a sociedade, pero porque estabamos convencidos de que isto debía de ser así. Estudamos situacións e, polo tanto, tomamos medidas en consecuencia. Arrimamos o ombreiro e apoiámonos nos sectores máis afectados, e somos conscientes de que só traballando unidos, ao final, podemos dar a resposta que Galicia merece.

Moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

Rolda especial de aclaracións.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Rodríguez.

*(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

**O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ:** Grazas.

Segundo a páxina do Goberno, a comunidade autónoma onde mellor calidade do aire houbo no día de onte foi a Comunidade de Canarias, non foi a galega. Non quere dicir que en Galicia non teñamos unha excelente calidade de aire, pero tampouco veña vostede aquí tirando por fóra.

Señora conselleira, voulle facer unha pregunta: ¿vai estar vostede cando perda a vida algunha persoa por mor dunha batida masiva desas que autorizou en trinta e tres concellos galegos? ¿Vai estar vostede? Por desgraza, hai episodios de batidas que se dan todos o anos en Galicia onde morre xente. ¿É vostede culpable? Eu penso que non. Non faga demagogia. Se eu teño un golpe co meu coche contra un xabaril e morro, non vai ser culpa súa, ¿entende? O que pasa é que vostede obedece o que obedece: obedece o *lobby* de presión. Non hai máis xabarís que os que había hai un mes. E vivo no rural, si.

Vostedes non aprenderon nada desta crise. Non é que sexan tontos, como dixo o anterior conselleiro que compareceu aquí. Eu non digo iso, todo o contrario, pero o seu modelo é outro, é así. Vostedes non están aquí para protexer o noso medio, están aquí para protexer o negocio que fan con el. Son negacionistas ata máis non poder.





Falaba vostede de conservación de espazos protexidos e patrimonio. Neste último mes houbo estragos irreversibles no camiño que leva ao Castro de Baroña ao sacar madeira. A principios de ano, un madeireiro desfixo o treito mellor conservado da Vía Nova, en Braga-Astorga, na Reserva da Biosfera do Xurés. Tallaron polo pé centos de árbores no Camiño Mozárabe (Camiño de Santiago) ao seu paso pola Limia. Nunha propiedade pública a carón do BIC castelo de Maceda cortaron unha carballeira centenaria. Na contorna do mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil, no corazón da Ribeira Sacra e Rede Natura 2000, cortaron polo pé unha fraga. Hai desfeitas de mámoas, petróglifos, camiños medievais, corredoiras con muros de pedra en seco declaradas patrimonio da humanidade pola UNESCO...; estragos irreversibles no patrimonio etnográfico, cultural e histórico da biodiversidade de Galicia. Todo isto mediante o paraugas da Xunta: deixar facer, deixar pasar. Deixadez e incompetencia, xa non só da súa consellería, tamén da de Cultura, da de Medio Rural, etc. Mediante unha declaración responsable, veñen e poden facer o que lles peta. Advertímoslle de palabra e por escritos que se rexistraron neste Parlamento e non fixeron caso. E non só iso, aprobaron agora por vía de decreto que esta tamén vai ser a maneira de proceder nos espazos naturais protexidos: o patrimonio natural e cultural aos pés de máquinas, especuladores e mercadores sen escrúpulos de ningún tipo. Ese é o modelo que vostedes defenden, non o noso medio; políticas que estragan o patrimonio e o futuro do conxunto do país, ese é o problema. Dixémolo e volvemos dicilo.

Falou vostede aquí, na actual situación producida polo virus, do servizo que están a prestar os axentes forestais e medioambientais. É certo que queremos, podemos e debemos axudar na prevención para evitar a expansión deste coronavirus, pero para iso precísanse cousas que non se deron: información e formación, plan de prevención de riscos, protocolos de actuación con prioridades, plans de acción coa minimización de riscos evitables, coordinación das actuacións e a súa eficacia, instalacións, EPI, medios e materiais axeitados e realización de probas a todo o persoal que participou e participa nos traballos de desinfección. Non se fixo ningunha.

Despois de máis dun mes realizando estes traballos, despois da experiencia acumulada, do coñecemento e da información da xente que está a realizar isto, ven que hai formas de actuar moito máis eficaces e seguras. Non se entende que axentes medioambientais sigan pondo en risco a saúde do persoal que voluntariamente está realizando os traballos de desinfección dos lugares públicos do rural galego. No caso da comarca de Ourense, a entrada e saída da colocación dos EPI faise no exterior da entrada ás dependencias do Instituto Galego de Seguridade e Saúde; EPI e roupa de traballo que levan para a casa ao remate da xornada, pondo en risco a familia e a comunidade veciñal na que viven cada un deles. Non hai duchas, non hai dependencias onde se cambiar, non recollen a roupa usada nin a desinfectan.

Presentáronse escritos dirixidos á súa consellería e ás delegacións territoriais da Xunta de Galicia. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Estou falando das queixas dos axentes forestais e medioambientais. Algunhas irían para a súa consellería e outras irían á de Medio Rural. Tamén ás delegacións territoriais das catro provincias —aí creo que xa entra vostede tamén— o 20 de marzo e o 7 de abril. Non contestaron nin fixeron nada por arranxar esta situación. Vostede non veña aquí dicindo que os axentes medioambientais participan nisto;



estoulle falando das queixas que nos están transmitindo e das queixas que remitiron ás delegacións territoriais da Xunta. Están pondo en risco a saúde, cando isto é evitable.

Eu non sei se imos volver traballar e se non imos volver á normalidade que vostedes tiñan establecida, senón a unha nova normalidade que estea máis en equilibrio coa natureza e que sexa máis sostible no tempo. O que está claro é que é necesario cuestionar profundamente o marco social e o marco económico no que nos movemos.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ:** E é necesario cuestionar profundamente o traballo que vostedes están a realizar na Consellería de Medio Ambiente.

Nada máis e moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rodríguez.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Pontón.

*(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

**A señora PONTÓN MONDELO:** Grazas.

Conselleira, penso que todas as persoas que estamos neste Parlamento somos conscientes —ou deberíamos de ser conscientes— da situación tan crítica que estamos vivindo; unha situación que, polo menos a nós, nos preocupa, porque hai 547 persoas que faleceron nesta crise e porque hai miles que seguen agora mesmo loitando contra o virus e, polo tanto, xogando a vida. Ao lado dese problema sanitario, hai un problema social e económico gravísimo que require dun goberno que non veña ao Parlamento facer única e exclusivamente rutina.

Vostede é a conselleira que leva materias de vivenda, de residuos e de xestión do medio ambiente e que hoxe veu comparecer aquí supoño que para tapar a non-comparecencia de Feijóo, e non anuncia nada excepcional fronte a unha crise na que temos unha situación tan grave. A súa comparecencia e a súa réplica confírmannos algo que nos preocupa, confirman que temos un goberno que prefire non responsabilizarse de nada; un goberno que prefire —efectivamente— ese centralismo no que é en Madrid onde se toman as decisións, porque prefiren a crítica a responsabilizarse sobre o futuro do país. Estamos nunha situación crítica na que necesitamos un goberno que queira sacar adiante a Galiza e que non se conforme única e exclusivamente con facer unha crítica do que os demais non fan ou fan mal.

Está ben que falen agora de que hai que dedicarlle máis recursos á vivenda. Eu aplaudo a rectificación do PP, porque até o de agora o que fixeron foi recortar recursos na vivenda. Fíxense, no ano 2009 a Xunta de Galiza dedicaba 210 millóns de euros a políticas de vivenda. Hoxe, nos orzamentos de 2020, son 80 de euros. Estamos falando dun recorte de máis do 62 %, e fano cunha situación económica e social crítica. Eu citáballe o Informe Foessa. A vostede iso non lle merece ningunha reflexión. Que haxa neste país un problema



grave de exclusión, que precisamente vén derivado das políticas de vivenda, parece que lle resbala á responsable deste ramo. Perdoe que sexa así de clara, pero é a sensación que teño despois da súa intervención. Ademais, ese tema resúltalle indiferente, cando ese mesmo informe dicía que estabamos nunha posición máis débil no caso de que viñera outra crise. Por desgraza, a crise está aquí e a conselleira de Vivenda nin tan sequera se compromete nesta Cámara a que aquelas persoas que non teñen recursos e que están en alugueiros da Xunta de Galiza non teñan que pagar eses alugueiros e non teñan que pagar esas facturas. É o mínimo ao que debería de comprometerse, porque iso é o que están facendo tamén outros gobernos.

Vostedes dedícanse a seguir loando a Sogama. En fin, isto é como cando negan os recortes na sanidade; é o terraplanismo do Partido Popular. Agora incinerar non xera gases de efecto invernadoiro. Están vostedes ao nivel do primo de Rajoy cando negaba o cambio climático.

Quero dicirlle, conselleira, que non me respondeu as preguntas. Eu confío no persoal técnico, pero vostede respóndame as preguntas. ¿Que empresa está facendo o transporte e o tratamento? ¿É esta empresa unha empresa especializada e autorizada? Son dúas cuestións... (*Interrupcións.*) Perdoe, pero se me interrompe cando falo, é imposible ter un diálogo. Así é como conciben vostedes a política. Nós preguntámoslle estas cuestións moi claras, e que garantías para a saúde e para o medio se teñen establecido no sistema de acceso. Son cuestións moi simples. Non contestou absolutamente nada.

Tampouco fixo vostede ningunha reflexión de futuro respecto dun tema que vai ser clave se queremos estar ben preparados para as pandemias. Se queremos estar ben preparados para as pandemias, efectivamente, hai que cambiar o noso modelo de relación coa natureza, hai que cambiar a xestión da biodiversidade e a ordenación do territorio. E nestas materias Galiza non está ben, está mal. Somos o territorio que ten unha menor protección de espazos naturais; somos un territorio que ten un problema de desequilibrio medioambiental gravísimo creado por un *lobby* que pon, por riba dos intereses do noso país, os seus beneficios. Temos que cambiar o modelo forestal porque con este modelo de perda de biodiversidade as pandemias van ter máis fácil no noso país. Séguese degradando o medio ambiente e temos que facer unha reflexión de futuro sobre cuestións que hai que cambiar como, efectivamente, o modelo de cidade.

Paréceme ben que critiquen a Pontevedra, pero están criticando o futuro. Hoxe estase falando de que para poder ter as medidas de contención social é importante que teñamos beirarrúas anchas e que reduzamos a contaminación, e aí, señorías, levámoslles vinte anos por diante. Polo menos, teñan a humildade de querer colaborar con quen ten demostrado que sabe facer as cousas nun sentido positivo e con quen se anticipa aos cambios.

Nós queremos que haxa diálogo. Pero o diálogo, señora conselleira, non é que lle enviemos un papel e que vostede nos diga que este papel non serve para nada. Diálogo é que neste Parlamento haxa acordos e a posibilidade de poñerlle ao país unha alternativa de futuro. Crer que o gobernar é enviar cartas...



**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...deixar esas cartas sobre a mesa e dedicarse única e exclusivamente ao curtopracismo e ao electoralismo non nos vai sacar desta crise. Lamento que este sexa o retrato que nos deixa hoxe coa súa comparecencia.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

Grupo Común da Esquerda, señor Sánchez.

*(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Hai un dito que di: dime do que presumes e direiche do que careces, moi ben traído para unha intervención, a súa, na que repetiu «lealdade», unha e outra vez; todo o contrario do que están facendo, facendo campañas de intoxicación e demostrando a auténtica miseria moral, como hoxe mesmo os representantes do Partido Popular no Estado e o presidente da Xunta de Galicia, que responsabiliza dos mortos das residencias o Goberno español, e vindo dun goberno coma este, que mirou para outro lado cando había denuncias das familias, cando había denuncias das traballadoras e cando hai un informe do Consello de Contas que dicía que nas residencias privadas non se cumprían as ratios establecidas pola normativa; vindo dun goberno que mirou para outro lado mentres engordaba o negocio de empresas amigas, que foron as únicas que medraron neste sector durante estes anos. Nin unha praza de xestión pública directa creada por este goberno. Iso si, cifras récord de negocio para esas empresas que medraron con diñeiro público por ter amigos no Goberno. E eses acusan o Goberno español dos mortos. Isto non é ningunha defensa, isto é unha evidencia do contrario do que é a lealdade, desa miseria moral que vostedes, a través da boca de García Egea, de Maroto, do señor Feijóo, están mostrando nesta crise.

Despois fala vostede do 25 % do programa. Mire, non retorza as cifras. Xa lle dixen eu: programa 2, de axuda ao alugueiro, a Xunta de Galicia aportou cero euros; o Goberno do estado, 19,8. ¿Sabe o que significa iso? Que se a Xunta de Galicia aportara un millón de euros, era un millón de euros máis para as axudas de alugueiro, que deixan fóra moita xente ano tras ano porque se esgota o orzamento.

No programa 3, de axudas ás persoas en situación de desafiuzamento, 288.000 euros. Cada euro que aporte a Xunta de Galicia é un euro máis para a loita contra os desafiuzamentos. Non veña tratar de enganar.

O esforzo da Xunta de Galicia é tal que para catro anos aporta a ese plan 1.688.000 euros nestes tres programas que teñen que ver co alugueiro.

Iso é o que lle dicía. Aínda encima, moito máis honesto dicindo: claro que hai que reclamar máis financiamento; claro que si, pero non para deixar sen executalo, como fan vostedes ano tras ano.

No ano 2019 a execución da función de vivenda foi o 48,6 %, co orzamento pechado. Quedaron sen executar 38 millóns de euros. Claro que hai que pedir máis financiamento, pero



vostedes teñen que facer moito máis esforzo do que fan, porque aquí se dixo que imos por diante como Galicia. Non, non van por diante, iso pódeno repetir mil veces e querer que chegue a ser unha verdade, pero non é certo, porque houbo comunidades autónomas que exoneraron os inquilinos das vivendas públicas e aquí o único que se fai é un aprazamento. É moi diferente, porque houbo outras comunidades autónomas que xa sacaron esas axudas.

E cando vostede recoñece e fala como gran proposta estrela do bono de alugueiro social; son setecentas familias, cando vostede está estimando en setenta e cinco mil —que é unha estimación disparatada— as persoas que poden estar en condición de vulnerabilidade que cumpran o artigo 5, porque queden sen ingresos por causa do coronavirus entre outras cousas, e vostede está inflando as cifras para facer esa campaña de intoxicación. É mentira as cifras que vostede dá.

Polo tanto, fagan o seu traballo, gobiernen. Claro que poden cometer erros, pero gobiernen. Cando non fan nada, evidentemente non hai ningún fallo, hai o fallo máis grande, que é que en cuestións tan importantes como o dereito á vivenda vostedes están sen actuar. E non é casualidade. Hai que cambiar cento oitenta graos as políticas de vivenda. Vostedes teñen paralizada a vivenda de protección, hai que construír vivenda de protección, hai que construír parque público de alugueiro social —que vostedes non fixeron—, hai que incrementar os orzamentos, hai que executar mellor os orzamentos, hai que facer o que vostedes non fixeron estes anos.

Moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Sánchez.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Caballero.

*(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

**O señor CABALLERO MÍGUEZ:** Señorras deputadas, señores deputados, señora conselleira.

A propia configuración da consellería, tal como está deseñada, pois incorpora ámbitos das políticas públicas dispares: medio ambiente, territorio, vivenda, nunha construción que ten unha determinada ligazón, pero que implica tamén complexidades, no eido en que a xestión medioambiental é un eido de xestión tan transversal que logo vinculala ao eixo concreto da vivenda implica moitas complexidades. Eu sei que o Partido Popular está disposto a poñer moitas bandeiras, que en momento de calquera escenario posible electoral o Partido Popular vai usar a bandeira da protección social, a bandeira da igualdade, a bandeira do medio ambiente, a bandeira tamén de defender os dereitos a unha vivenda digna dende a proxección pública, pero sabemos tamén cal é o ideario do Partido Popular e que é o que o Partido Popular pensa da sociedade na que vivimos e pensa da sociedade na que quere vivir.

E, polo tanto, nós non lle pedimos a ningún cidadán que nos agradeza os dereitos cando gobernamos, os dereitos son da cidadanía, pero os dereitos recoñécense legalmente cos votos e coa lexislación fronte aos retrocesos que a dereita e os que defenden os mercados económicos



como forma fundamental teñen aplicado de forma constante. E por iso hoxe os autónomos de todo o país, tamén os galegos e as galegas, teñen dereito a unha prestación pola que non teñen que dar ningunha graza, porque é propia, porque lle corresponde de acordo co que se ten aprobado por parte dun goberno. Pero cando gobernaba o Partido Popular os autónomos do país saben como é quedar na cuneta abandonados en tempos da gran recesión, cando Mariano Rajoy presidía o Goberno en España, cando o Partido Popular, e dino os autónomos en toda Galicia e en toda España. ¿Cantas veces recibiron prestacións de axudas directas complementarias para as súas situacións de dificultade cando gobernaba o Partido Popular?

Os dereitos non hai que agradecerlos, hai que recoñecelos, e a diferenza é que o Partido Socialista e os progresistas recoñecemos dereitos e non estamos nun modelo de ningún tipo de plantexamento altruísta, senón que son dereitos da cidadanía, e o Partido Popular, non.

E por iso queremos dicilo con total claridade, non queremos vir facer como fai o Partido Popular, que vén aplaudir, como di textualmente o representante do Partido Popular, a conselleira, pero láíase cando recoñecemos que hai avances noutros eidos do Goberno moi importantes.

E quero dicir que a nosa impresión é que o Goberno da Xunta de Galicia en materia de medio ambiente suspendeu, que en materia de territorio non ten xestión e en materia de vivenda non cumpriu coas necesidades do país, cun retroceso histórico despois de once anos de goberno do Partido Popular.

Esa é a realidade do balance que temos, e que cremos que percibe a maioría da cidadanía. En medio ambiente, en recursos, en capacidade, non se cumpriu. Ese suspenso que ten o Partido Popular é un suspenso que con esta crise se fai máis evidente, porque a Consellería de Medio Ambiente, de Territorio e de Vivenda aínda non advertiu a complexidade do momento no que vivimos, e hoxe aquí non presenta ningunha liña de acción para poder cambiar o modelo medioambiental territorial e a situación da vivenda ante unha sociedade e un país que vai cambiar con esta crise da covid.

Eu non escoitei a conselleira aquí hoxe facer un plantexamento sobre o desenvolvemento sostible do futuro a partir do que estamos vivindo agora. Non escoitei a conselleira facer unha reflexión sobre o modelo de cambio climático para reorientar o tecido produtivo, que vai mudar de por si por esta crise. Non escoitei a conselleira falar da Galicia baleira, da Galicia que ten un desequilibrio territorial e que ten que ver cales son as posibilidades e os riscos para construír un modelo distinto. Non escoitei a conselleira falar de como facer cidades máis humanizadas, como orientar un novo espazo urbano no que hai que aproveitar novas formas de vida, no que hai moitas restricións, dende os parques infantís, que non van poder volver ter a función que tiñan, ou dende as beirarrúas, que van ter que ter un lugar de distanciamiento. Hai que reflexionar e facer un plantexamento, e escoito unha conselleira que non ten liña estratéxica para reorientalo. E non escoito tampouco falar de como reordenar todo o mapa de vivendas e como traballar por vivendas vivibles, por vivendas adecuadas, humanizadas, con calidade, e como dar axudas para facelo.

Hai que facer unha liña de acción estratéxica para o futuro, porque esta crise o vai cambiar case todo, e está ben que a conselleira intente xustificar a súa xestión na cuestión dos resi-



duos, que é moi importante, e que nesa liña se intente xustificar, pero temos que ter unha capacidade de futuro, porque a cidadanía nos pide unha Galicia de desenvolvemento sostible, adecuada ao medio ambiente, adecuada aos novos tempos e que ten que mudar.

Claro que temos un aire en tempos medios moito máis limpo que noutros lugares, pola nosa realidade, pola nosa especificidade, por moitas cuestións, e nestas datas ademais porque non hai actividade.

E, polo tanto, todo isto implica que temos que poñernos a traballar, e dende logo despois da insuficiencia e do suspenso do Partido Popular en once anos de goberno, onde non houbo visión de cambio climático, onde non houbo perspectiva de desenvolvemento sostible, onde houbo retrocesos importantes en cuestións ecolóxicas e de biodiversidade fundamental, despois de tantos retrocesos, hai que facer un borrón e conta nova, e a consellería ten que aplicar dende o ámbito medioambiental políticas transversais que rexan todo, tamén a política económica, da que carecemos, tamén as políticas de infraestruturas, o eido do cambio climático, o eido do desenvolvemento sostible...,

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor CABALLERO MÍGUEZ:** ...o eido medioambiental, ten que rexer de forma transversal en todos os momentos, e este é o momento de conseguir paliar todo o que non se fixo ou polo menos non seguir estando na cola.

Para iso, para falar do futuro, da Galicia sostible que queremos, dende logo terá unha posibilidade de diálogo cando queira co Partido Socialista de Galicia. Pedímoslle compromiso claro, directo e medidas coas vivendas, coa poboación que ten dificultades en vivendas e coa vivenda pública, que foi a grande olvidada de once anos de goberno do Partido Popular.

Moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Caballero.

Grupo Parlamentario Popular, señor Trenor.

*(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

**O señor TRENOR LÓPEZ:** Señorías, por aclarar algúns termos, o sistema de valorización enerxética emite un 95 % menos de gases de efecto invernadoiro que o sistema de vertedoiro; iso é o que eu lle dixen. Terraplanismo é negar iso, terraplanismo ou cuñadismo. Quero dicir: tan bo é o modelo de Sogama que concellos onde vostedes gobernan dende hai máis de vinte anos seguen a contratar a Sogama. Entón, se é tan malo, hai que ser moi hipócrita, moi hipócrita, para seguir contratando a Sogama. Eu entendo que hai que... *(Murmurios.)* Perdoe: hai que ser pouco coherente. É dicir, eu entendo que se vostede considera que o modelo é tan pernicioso, tan malo e non sei que argumento ten en contra, pois non estarían servíndose del. Ao revés, eu felicito a Pontevedra por contratar a Sogama, felicítola. É dicir, o que non sei é se vostede felicita o seu alcalde, que leva máis de vinte anos utilizando Sogama.



É unha pena que o señor Caballero se fora —outra mostra máis de falta de respecto nel, que xa non nos estraña a ninguén—. Falaba el da gran recesión. Claro, é que o Partido Socialista sabe moito do que foi a gran recesión, é que o Partido Socialista foi o pai da gran recesión. É que cando aquí falamos de recortes en Galicia sufrimos os recortes que viñeron do Goberno central, que nos retiraron dous mil millóns. Cando se fala de baixada dos soldos aos funcionarios, todos os funcionarios saben que lles baixou os soldos. Cando se fala de conxelación das pensións, todos os pensionistas saben quen lles conxelou as pensións. Cando se fala de desafiuzamentos, é que hai que ver as estatísticas para ver cales son os anos onde máis desafiuzamentos houbo, e cando había ademais unha ministra que presumía do desafiuzamento exprés.

¡Claro!, é que cando falamos da gran recesión hai que facer un pouco de memoria. Pero como estamos nestes momentos de posverdade e de construción de verdades alternativas onde os bulos valen e como vostedes teñen as súas plataformas mediáticas que pretenden reconstruír a historia económica do noso país, pois ben, supoño que será un bulo máis ao que se suman vostedes.

Miren, señorías, podemos debater sobre moitísimas cousas: sobre as emisións de gases de efecto invernadoiro, sobre quen ten máis que ver, quen foi máis responsable da crise anterior. Podemos debater sobre os acertos, debater sobre os erros. O que non poden dicir é que fomos nós a rebufo do Goberno central, porque iso non é certo. É máis, se o Goberno central tivera tomado algunha medida no seu momento, non estaríamos onde estamos.

Galicia tomou medidas antes de que se detectasen os casos máis graves na nosa comunidade. Anticipámonos, constituímos a comisión de seguimento, decretamos a emerxencia sanitaria o 13 de marzo, antes que o decreto de alarma. Suspendéronse as actividades multitudinarias, as deportivas, as culturais. Pecháronse os centros educativos, os locais de hostalería, os ximnacios, os cines. Fíxose aprovisionamento de material sanitario, reforzouse a plantilla do sistema de saúde da nosa comunidade. E todo iso o fixo antes de que o Goberno central nin sequera falara do que podía pasar.

Eu quero facer un chamamento á lealdade, e a lealdade pasa por non confiscar. Ao señor Caballero non lle gusta, pero podemos utilizar outras palabras, podemos dicir apropiar, podemos dicir quitarnos aos galegos, podemos dicir minguar os recursos de todos os galegos.

E tamén lles pido que non difundan bulos contra Galicia. É o momento de deixar o partidismo, é o momento de pensar en Galicia. Non é o momento de estar a pensar todos os días nas datas electorais, é o momento de sumar, de proporcionar ideas, de dar solucións, de ter respostas para a crise, e ese é o maior servizo que poderían vostedes facer á nosa comunidade como oposición.

E quero facer tamén un chamamento á prudencia. Non se olviden que son oposición aquí en Galicia pero gobernan en España, e a lealdade que vostedes piden para o Goberno central tamén é necesario que o Goberno de Galicia a teña.

Como dicía, Galicia anticipouse dende un primeiro momento. Tomáronse decisións de reorientar todo o labor do Goberno para a contención da pandemia e tomar medidas de calado en eidos como o económico, o social, a vivenda e tamén no medio ambiental. Aquí destacou a conselleira as grandes medidas e as actuacións que estaba a facer neses eidos: no da vi-





venda, no do apoio ao sector empresarial, na xestión eficiente dos residuos, na protección do noso patrimonio natural e na reordenación do noso territorio.

Señora conselleira —xa para rematar—, siga a traballar como o está a facer, siga traballando para que a noticia sexa precisamente o seu traballo, para que en Galicia siga sendo noticia xestionar de forma correcta, anticipada e eficiente, contando cos sectores máis afectados, e non que sexamos noticia pola descoordinación, os bandazos e a opacidade; que Galicia siga sendo noticia polas medidas que aproba o Goberno galego e non polas liortas internas do Goberno; e que Galicia siga sendo noticia por dar solucións e non por agravar unha situación que xa de por si é moi grave.

Máis nada e moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Trenor.

Peche da comparecencia, señora conselleira.

*(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):** Grazas, presidente.

Señores e señoras deputadas.

Señora Pontón, non existe actividade na Xunta de Galicia se non está autorizada; e, polo tanto, para estar autorizada comprenderá vostede que as empresas tamén teñen que estar autorizadas. Se tanto a preocupa quen realiza o transporte a Sogama, é Consenur a empresa que ten contratada o Sergas e, por suposto, non pode estar sen autorización. Perdan menos o tempo en intentar ver cousas escuras e aporten máis, porque así entre todos farémolo moito mellor.

Señor Davide, o titular do día é que non hai máis xabarís. Dígallo vostede á sociedade galega, dígallo vostede aos que sofren os accidentes continuados e dígallo tamén ao ministro de Agricultura. Iso si, a ministra de Política Territorial primeiro dixo que non facía falta facer nin esperas, pero rapidamente, nun mes, o ministro de Agricultura dixo que nos puxeramos mans á obra porque tiñamos un grave problema. Entón, como gobernan todos xuntos e se amparan e demais, un pouco de diálogo é perfecto.

Por outro lado, cando vostede supervisa os datos, non sei se o que fixo foi ver os de Ecoloxistas en Acción, que analizan a situación das grandes cidades, se cal viu vostede. Pero é que en Canarias —e sábeo todo o mundo, e creo que nomeou Canarias, ¿non?, anteriormente, que dixo que tiña mellor calidade do aire—, ben, ¡home!, pois se algo ten Canarias é que entra continuamente po sahariano, que empeora a calidade do aire. Polo tanto, é que non pode mirar vostede a nivel unha cidade con outra cidade senón que ao entrar po sahariano ten partículas en suspensión e a calidade do aire é peor, e é peor que a de Galicia. Dígoo por aquilo de que cando se miren as distintas páxinas oficiais pois vaian vostedes a Meteogalicia, por exemplo.



Señor Caballero, eu entendo que estaba vostede moi preocupado pola vivenda, e se estaba moi preocupado pola vivenda é que lle ten que trasladar algo ao seu Goberno, ¡é que non é posible! É dicir, é que en realidade o seu Goberno o que nos está dicindo é que aquelas ordes que temos publicadas, aqueles cartos que temos comprometidos e aquelas axudas que xa demos que as comisemos de novo para sacar unha nova orde de alugueiro; iso é o que nos está dicindo.

Alguén dicía que non tiñan dereito setenta e cinco mil familias; a ver, miren vostedes o IGE; é que resulta que o Goberno central lle dá dereito de axudas ata 900 euros a aquela unidade familiar, que pode ser unha soa persoa, que perciba menos de 1.600 euros ao mes. Polo tanto, ¿cantos temos nesa situación no IGE en Galicia? Setenta e cinco mil persoas. ¿Canto precisamos? 180 millóns de euros. ¿Canto di o Estado que nos vai dar? 5,7. ¿Chegounos algo? Nada. ¿E que nos di? Pois mire, ten vostede o Plan de vivenda, utilíceo. ¿Canto lle queda do Plan de vivenda en Galicia? 1,5 millóns de euros, porque está comprometido o ano 2020 e está comprometido o ano 2021, a pesar de que vostedes din que non certificamos, que non xustificamos; mire, por favor, no ministerio, porque Galicia é das únicas poucas comunidades autónomas que xustifica o 100 % o Plan de vivenda. É certo que nos custa moito e é certo que hai un gran traballo detrás de grandes profesionais e moito recurso humano.

Polo tanto, a Xunta de Galicia está traballando dende o minuto un para dar resposta a esta pandemia, dende o minuto un para dar tranquilidade. Porque intranquilidade é cando de repente se paralizan todo tipo de actividades, cando tes que dicir que son esenciais; como, por exemplo, se estás poñendo un ascensor e de repente che din: é que non podes acabar ese ascensor; ben, pola mañá dicían que si e despois pola noite non.

Por iso esa preocupación que teñen vostedes polos autónomos, eses autónomos que a gran maioría pois uns son albaneis, os outros son fontaneiros, os outros son electricistas, e nunha soa orde nun día en Galicia víronse afectados vinte mil. ¡Menos mal que declaramos certas actividades como esenciais, porque, se non, a día de hoxe seguirían cos brazos cruzados sen poder recibir absolutamente nada! Pregúntelle, señor Caballero, á Confederación de Empresarios de Galicia, que, á parte de facelo público e de manter reunións con nós tamén, claro, de maneira leal lle trasladou ao Estado cal era a súa preocupación.

Polo tanto, no ámbito social, aprazamos os recibos do alugueiro das vivendas de promoción pública e os locais do Instituto Galego da Vivenda e Solo, non emitimos nin un só recibo, e son tres mil cincocentas familias as beneficiarias. Aqueles que non teñen recursos teñen o bono alugueiro, este bono alugueiro está aberto ao longo de todo o ano. Neste momento cumpren setecentas persoas os requisitos, pagamos integramente o seu alugueiro. E, á parte, aquelas persoas que o solicitan para dar de alta certas subministracións teñen 600 euros a maiores para poder facelo.

Reactivamos obras por valor de 24,5 millóns de euros. Encomendamos a xestión a Sogama dos residuos sanitarios, porque o Goberno central tiña un caos terrible e co real decreto era maior. E comparen o que están facendo o resto das comunidades autónomas. Tiveron que habilitar cimenteiras espalladas cos permisos cunha rapidez extrema porque, se non, non había onde tratalos. E demos subministracións de alimentos a protectoras de animais. Agradecemos enormemente o programa de voluntariado e aos axentes medioambientais.



Señor Davide, eu non sei do que me estaba falando, preguntarei por se hai algo raro, pero créanme que temos contacto directo. Teñen EPI, son voluntarios, están facendo un labor tremendo, boísimo. E eu só podo ter palabras de agradecemento polos axentes medioambientais.

E, por outro lado, pensamos no futuro. Estamos traballando coa mirada posta na saída desta situación. Agardemos que despois dos anuncios de onte pois xa non sei se estarán traballando nas ordes no día de hoxe, pero, ben, pode ser un pouco caótico. E para iso nós imos seguir axudando os galegos e as galegas, sobre todo os máis vulnerables, poñendo en marcha axudas para a compra de vivenda protexida. Continuaremos convocando axudas e ampliando as existentes. Daremos unha carencia de doce meses no canon das parcelas do IGVS e de Xestur. Daremos condicións máis vantaxosas nas nosas adxudicacións e parcelas de dereito de superficie. Señor Caballero e o resto dos partidos que tamén están gobernando en Madrid, trasládenlle, por favor, ao Estado que faga o mesmo cos seus polígonos en Galicia, cos que ten de SEA e tamén de SEPES, que non fixeron absolutamente nada ata o de agora.

Aceleraremos a resolución das axudas para levar a cabo actuacións en materia de patrimonio natural, porque iso é, á parte de protección, dinamizar a economía. Poñeremos en marcha un plan para o impulso do turismo sostible e de natureza nos parques naturais. Reduciremos os prazos de concesión das autorizacións de xestión de residuos. Analizaremos as axudas programadas a concellos en materia ambiental. Reduciremos o prazo de emisión de informes do Instituto de Estudos do Territorio, para axilizar a posta en marcha de novos proxectos e actuacións. E seguiremos avanzando na simplificación.

En definitiva, o que trouxen hoxe a esta cámara é un resumo de medidas que estamos levando a cabo dende o minuto cero. É un traballo que se realizou entre todos: equipos directivos, funcionarios e sobre todo coa sociedade; foi un contacto continuo co que nos viñan trasladando e coa problemática no día a día. A finalidade que temos é tentar minimizar o impacto desta pandemia. Seguiremos traballando nesta dirección, por suposto, sen malas palabras nin insultos, e todo o que poidan aportar será benvido. E a min só me queda agradecerlles o ton e, ao mesmo tempo, agradecer a todos os galegos e as galegas o esforzo que están a realizar.

Boa tarde.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

Esgotouse aquí a orde do día.


Antes de levantar a sesión, tamén quixera agradecer o traballo do persoal do Parlamento, que fixo posible unha vez máis que celebráramos esta sesión, e tamén o agradecemento a todos os profesionais que nos distintos campos traballan e que coidan da nosa saúde.

Nada máis. Levántase a sesión.

Moitas grazas.

*Remata a sesión ás tres e trinta e catro minutos da tarde.*





PARLAMENTO  
DE GALICIA

## DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

Edición e subscricións:  
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.  
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

